

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 122

Sesión plenaria
25 de abril de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate do ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas en relación cos Informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2021 (conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020) (doc. núm. 38478, 11/ICON-000007).

Publicación do Ditame e propostas de resolución aprobadas, BOPG nº 482, do 17.04.2023

Punto 2. Texto lexislativo

2.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal) (doc. núm. 50686, 11/PPL-000016)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 09.03.2023

Punto 3. Comparecencia

3.1 52858 (11/CPP-000125)

Do conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar do desempeño fiscal do Goberno autonómico no ano 2022

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

Punto 4. Mocións

4.1 52794 (11/MOC-000152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a contratación pública do Servizo Galego de Saúde (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 51614, publicada no BOPG núm. 470, do 21 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 11 de abril de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

4.2 52795 (11/MOC-000153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre o transporte público por estrada (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 51739, publicada no BOPG núm. 474, do 29 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 11 de abril de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023



4.3 52801 (11/MOC-000154)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50867, publicada no BOPG núm. 465, do 8 de marzo de 2023, e debata na sesión plenaria do 11 de abril de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

Punto 5. Propositions non de lei**5.1 37241 (11/PNP-003323)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rey Varela, José Manuel e dezanove deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para lle pedir ao Goberno de España que poña en marcha con carácter prioritario as accións necesarias tendentes ao fomento e á reactivación económica da zona de Ferrol, coa modernización das instalacións e das infraestructuras ferroviarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

5.2 50912 (11/PNP-004207)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pérez Domínguez, Fernando e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas tendentes a reforzar os servizos de atención á cidadanía da Seguridade Social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

5.3 52059 (11/PNP-004314)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime acadado no Parlamento galego en relación cos inmobles da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023

5.4 52262 (11/PNP-004332)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar continuidade á actividade industrial nos terreos de Alu Ibérica, na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023



5.5 52310 (11/PNP-004337)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre o rexeitamento por parte do Goberno galego da práctica dos ventres de alugueiro e a solicitude que debe facer ao Goberno do Estado para que evite esta práctica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023

5.6 52439 (11/PNP-004344)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto da política de prevención de incendios forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023

Punto 6. Interpelacións**6.1 1453 (11/INT-000075)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.09.2020

6.2 20106 (11/INT-001081)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 25.08.2021

6.3 51777 (11/INT-002483)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre a participación pública no sector eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 52853 (11/POPX-000103)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a valoración respecto da política de vivenda da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023



7.2 52855 (11/POPX-000104)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que van impulsar para frear o retroceso industrial de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

Punto 8. Preguntas ao Goberno**8.1 51298 (11/POP-007938)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre a xustificación para que a Xunta de Galicia inicie a tramitación para a ampliación do vertedoiro de residuos de Bander Residuos, S.L.U, no concello de Silleda

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 467, do 15.03.2023

8.2 52358 (11/POP-008089)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Freire Vázquez, María Begoña e nove deputados/as máis**

Sobre o investimento do Goberno galego na compra e rehabilitación dos inmobles adquiridos en Ourense no marco do programa Rexurbe

Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023

8.3 50593 (11/POP-007869)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para completar as fases dúas e tres de humanización da avenida de Vigo, en Chapela, no concello de Redondela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

8.4 51584 (11/POP-007978)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia para garantir un acceso apropiado ao polígono de Areas nas obras da vía rápida Tui-A Guarda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023

8.5 52832 (11/PUP-000328)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego das razóns que alega o Goberno central para rexeitar aplicar bonificacións na AP-53

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023



8.6 52073 (11/POP-008046)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para recibir a Plataforma pola Creación dun Conservatorio Profesional de Danza en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 474, do 29.03.2023

8.7 51879 (11/POP-008022)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre as melloras que vai recoller o novo contrato de transporte sanitario urxente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

8.8 52844 (11/PUP-000329)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para dar solución ao conflito que se está a vivir entre mexilloeiros e percebeiros por mor da extracción da semente de mexillón no medio natural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

8.9 52852 (11/PUP-000331)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre as previsións do Goberno galego para resolver o conflito da extracción da mexilla

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

Debate do Ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2021 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020). (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do Ditame da Comisión: Sra. presidenta da Comisión non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas (Arias Rodríguez) (P). (Páx. 11.)

Rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e fixación da súa posición: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 12.), Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 14.) e Sra. Sanz Arias (P) (Páx. 16.).

O señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) pide a palabra para solicitar que se vote en primeiro lugar o ditame e a continuación as propostas de resolución, e en concreto e separadamente, primeiro a proposta de resolución núm. 2 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia e a seguir as restantes. (Páx. 18.)

O señor presidente anuncia que, en primeiro lugar, corresponde a votación do ditame coa incorporación da proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. (Páx. 19.)

Votación do Ditame, aprobado na Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2021 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020), coa incorporación da proposta de resolución número 1 do G. P. Popular de Galicia: aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 19.)

O señor presidente comunica a votación das propostas de resolución aprobadas pola Comisión e, en primeiro lugar e separadamente, da número 2 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. (Páx. 19.)

Votación da proposta de resolución número 2, do G. P. Popular de Galicia, aprobada na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades do Consello de Contas de 2021 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020): aprobada por 40 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención. (Páx. 19.)



O señor presidente anuncia a votación conxunta das restantes propostas de resolución. (Páx. 20.)

Votación conxunta das seguintes propostas de resolución: a número 3, do G. P. Popular de Galicia; a número 21, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego; a número 16, do G. P. dos Socialistas de Galicia; a número 22, do G. P. dos Socialistas de Galicia; a número 24 —transaccionada—, do G. P. dos Socialistas de Galicia e a número 33, do G. P. dos Socialistas de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2021 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020): *aprobadas por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 20.)*

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal). (Punto segundo da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 20.)*

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Gallego Sanromán (S) (Páx. 24.) e Sra. Vázquez Domínguez (P) (Páx. 27.).*

Rolda de réplica: *Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 31)*

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal): *rexeitada por 19 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións. (Páx. 33.)*

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar do desempeño fiscal do Goberno autonómico no ano 2022. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 33.)*

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 42.), Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 46.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 50.).*

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado). (Páx. 54.)*

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 58.) Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 58.), a señora Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 60.), o señor Puy Fraga (P) (Páx. 63.) e o señor conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado) (Páx. 65.).



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a contratación pública do Servizo Galego de Saúde. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 67.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 68.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 71.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 74.)*

A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 77.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica o aprazamento da moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que figuraba na orde do día en segundo lugar. (Páx. 79.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 80.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 80.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 84.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Pérez (P). (Páx. 87.)*

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 89.)

Votación das mocións

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a contratación pública do Servizo Galego de Saúde: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 92.)*

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 92.)*

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e dezanove deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para lle pedir ao Goberno de España que poña en marcha con carácter prioritario as accións necesarias tendentes ao fomento e á reactivación económica da zona de Ferrol, coa modernización das instalacións e das infraestruturas ferroviarias. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 92.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rey Varela (P)*. (Páx. 94.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 96.)
e *Sr. Fernández Alfonzo (BNG)* (Páx. 99.).

O señor Rey Varela (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 103.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Fernando Pérez Domínguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas tendentes a reforzar os servizos de atención á cidadanía da Seguridade Social. (Punto quinto da orde de día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 105.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Pérez Domínguez (P)*. (Páx. 106.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 109.) e
Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG) (Páx. 112.).

O señor Pérez Domínguez (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 115.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime acadado no Parlamento galego en relación cos inmobles da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta (Candia López) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 118.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Fernández Gómez (BNG)*. (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Freire Vázquez (P)*. (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Arias (S)*. (Páx. 125.)

A señora Fernández Gómez (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 127.)

Suspéndese a sesión ás seis e corenta e seis minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Iniciamos a sesión co punto 1 da orde do día.

Debate do Ditame e das propostas de resolución, aprobados na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2021 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020)

O señor PRESIDENTE: O ditame incorpora a proposta de resolución número 1, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2020, seguido das sete propostas de resolución aprobadas en comisión na sesión do 13 de abril do 2023 e que se someten agora a debate e votación. Son as propostas de resolución números 2 e 3 do Grupo Parlamentario Popular; a proposta de resolución número 21 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; e as propostas de resolución números 16, 22, 24 (transaccionada) e 33 do Grupo Parlamentario Socialista.

Para a presentación do Ditame da Comisión ten a palabra a presidenta da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, dona Raquel Arias Rodríguez.

A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIONES CO CONSELLO DE CONTAS (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Paso a dar lectura do Ditame e das propostas de resolución aprobadas pola Comisión non Permanente para as Relacións co Consello de Contas en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2021.

Por acordo da Mesa do Parlamento do 3 de agosto de 2022, admitiuse a trámite o escrito do Consello de Contas de Galicia no que remite a Memoria anual de actividades correspondente ao exercicio de 2021, que inclúe, entre outros informes, o de fiscalización da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio de 2020.

Logo de estudar os citados informes, así como as 3 propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, as 23 presentadas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e as 37 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a Ponencia nomeada para o efecto, reunida o 31 de marzo de 2023, elevoulle á Comisión para as Relacións co Consello de Contas o correspondente informe e as propostas de resolución verbo dos que se pronunciou este órgano en sesión do pasado 13 de abril.

O Ditame da Comisión incorpora a proposta de resolución número 1, do Grupo Parlamentario Popular, relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia corres-



pondente ao exercicio de 2020. As restantes propostas de resolución que foron aprobadas en comisión son 7. Propostas de resolución do Grupo Parlamentario Popular: aprobáronse as números 2 e 3; propostas de resolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego: aprobouse a número 21; propostas de resolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia: aprobáronse as números 16, 22 e 33, e unha transacción coa número 24.

Isto é todo.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Pasamos agora a unha rolda dos grupos parlamentarios para a defensa das súas propostas de resolución e para a fixación da posición respecto das ademais por un tempo de cinco minutos.

En primeiro lugar, ten a palabra a señora Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señoras e señores deputados.

Os socialistas hoxe queremos voltar manifestar o noso recoñecemento, a nosa valoración e o noso respecto polo traballo desenvolvido por todo o persoal do Consello de Contas pola rigorosidade dos seus informes, dos que se desprenden unha serie de conclusións e de recomendacións, e polo esforzo realizado nos últimos tempos de incrementar a difusión dos informes e as súas recomendacións a través de vídeos explicativos, xornadas e incluso publicacións de extractos no *Diario Oficial de Galicia*; recomendacións que, no caso do Informe da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2020, son na súa maioría idénticas ás feitas en todos os exercicios anteriores, sen que por parte do Goberno galego se teñan tomado as medidas necesarias ou as adaptacións normativas de obrigado cumprimento para aplicar a totalidade das ditas recomendacións.

No propio informe establécese que das recomendacións feitas en exercicios anteriores o Consello de Contas di que ningunha das formuladas foi aceptada ou foi aplicada na súa totalidade, e dúas nin tan sequera foron aceptadas, amosando así unha total falla de respecto á institución e ao seu persoal, posto que non só se incumpren, senón que nin tan sequera se explican os seus motivos, obviando que o Consello de Contas é un órgano estatutario que ten o cometido da fiscalización externa das contas e da xestión económico-financeira e contable do sector autonómico galego, e que tamén é o principal órgano asesor deste Parlamento de Galicia en materia económico-financeira.

O Parlamento de Galicia outórgalle medallas ao Consello de Contas, pero o Goberno galego non dignifica o seu traballo dando cumprimento ás súas recomendacións. Para esta Xunta de Galicia e para o Grupo Parlamentario do Partido Popular estes informes de fiscalización



elaborados polo Consello de Contas de Galicia son un mero trámite; incómodo, porque evidencia a debilidade da xestión deste goberno galego, que non escurece a propaganda pública á que nos teñen acostumados.

O Consello de Contas aprobou, no seu Pleno do 20 de xullo de 2022, a maior parte dos informes de fiscalización e remitiunos a esta Cámara uns días despois; 17 informes, entre os que se encontra a Memoria e a Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2020. E pasan noves meses ata que se desenvolve o seu debate neste Parlamento galego, cando só o debate da Conta xeral na maioría dos parlamentos do Estado e na maioría dos parlamentos europeos se fai de forma separada mediante unha comparecencia monográfica ante o Pleno da Cámara lexislativa, outorgándolle deste xeito a importancia que o contido destes informes merece.

O funcionamento deste Parlamento galego é unha anomalía democrática a nivel estatal e a nivel europeo en relación coa rendición de contas do sector público da Comunidade Autónoma. O principal aliado dos órganos independentes de control externo do sector público a nivel europeo é a súa cámara lexislativa, mentres que en Galicia —ao contrario do que acontece en Cataluña, Aragón, Asturias, Valencia ou Castela-León, onde se fan mediante comisións mensuais as exposicións individuais dos seus informes— se despachan en dúas comisións ao longo do ano, agrupando todos os informes en dez minutos en comisión e en cinco minutos neste Pleno; un control parlamentario motorizado no que o Consello de Contas explica no Parlamento galego 1.000 millóns de euros por minuto, que é o tempo que lle adicamos nesta Cámara. Polo que con esta práctica o que se consegue é desvirtuar o labor do Consello de Contas, que perdan vixencia os informes de fiscalización, que non teñan o impacto que lles corresponde e que pasen totalmente desapercibidos á cidadanía.

Os socialistas tamén queremos voltar recordar que estamos a debater as contas do exercicio 2020, cando na maioría dos parlamentos do Estado se están debatendo xa —ou xa se debateron— as correspondentes ao exercicio 2021 e, en breve, debateranse as correspondentes ao exercicio 2022. Resulta totalmente inasumible no día de hoxe que a Xunta de Galicia continúe a negarse a adiantar ao 30 de xuño a rendición da Conta xeral, como xa se fai en moitas das comunidades autónomas.

Os socialistas presentamos 37 propostas de resolución. Obtivemos soamente dúas propostas de transacción por parte do Grupo Parlamentario do Partido Popular. Unha non a aceptamos, porque intentaban desvirtuar a proposta de resolución que foi presentada por este grupo parlamentario. E a que nos aceptaron foi: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a poñer en marcha de forma inmediata o Rexistro de Entidades do Sector Público, previsto no artigo 52 da Lofaxga». É dicir, que cumpran un mandato legal do ano 2010, e que trece anos despois seguen sen cumprir. En Galicia a Xunta non é capaz de certificar a dimensión da Administración paralela, outra anomalía a nivel estatal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que si está dispoñible e accesible en moitos outros parlamentos galegos.



Realmente os socialistas presentamos outras 36 propostas de resolución que foron rexeitadas polo rodillo do Partido Popular. Rexeitaron a maioría das propostas presentadas por este grupo nas que pediamos maior transparencia sobre a xestión da Administración autonómica e aumentar o control orzamentario das contas do Goberno galego. Pero para vostedes, para a Xunta de Galicia e para os deputados e deputadas do Partido Popular, isto é incómodo. Están incómodos con ese traballo do Consello de Contas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e non escatiman esforzos en amordazar o principal ente fiscalizador da Comunidade Autónoma. Non lles gusta e, polo tanto, o que intentan é desvirtuar o seu traballo e agochar...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...as súas recomendacións.

Como non teño máis tempo, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías, sen prexuízo do talante da voceira do Partido Popular, o certo é que o resultado do traballo desta comisión permanente —entendemos— foi decepcionante; non sorprendente pero si decepcionante. O escaso número de propostas que se elevan á Xunta de Galiza son reflexo do cada vez menor respecto do Partido Popular polas institucións democráticas e da soberbia da Xunta de Galiza, que é consciente de que está nunha etapa xa esgotada, que fai vías de auga por todas partes e que nin sequera pode agochar a manipulación dos medios de comunicación públicos.

A constante degradación a que se somete, por parte da Xunta de Galiza, este Parlamento, a que se somete a Valedoría do Pobo ou a que se somete o poder xudicial hoxe atinxe ao Consello de Contas; Consello de Contas do que a Xunta, exercicio tras exercicio, obvia as súas recomendacións; recomendacións tan elementais e tan de sentido común como axilizar a presentación das contas para que o exercicio fiscalizado se aproxime ao exercicio a analizar.

Se entendemos que o traballo e que as recomendacións do Consello de Contas son útiles, sería normal esa aproximación temporal e que hoxe non estivésemos a falar do exercicio pasado nin do anterior, senón mesmo de actuacións da lexislatura pasada. E o certo é que nos informes de fiscalización, dun xeito moi amable e eufemístico, o Consello de Contas afirma que existe marxe de mellora para a planificación orzamentaria da Xunta de Galiza; marxe de mellora na planificación, por exemplo, contemplando partidas ou programas que son recorrentes e previsíbeis e que a Xunta de Galiza non prevé. E así durante o exercicio



hai que facer modificacións orzamentarias nada máis e nada menos que por un 24 por cento. Ou algo tan de sentido común é que non entendemos como o Partido Popular, a Xunta de Galiza, rexeita a nosa proposta, que é a recomendación do Consello de Contas que consiste en analizar primeiro e controlar despois os efectos económicos dos beneficios fiscais. ¿Que quere dicir? Que se se outorgan importantes beneficios fiscais ás casas de apostas, que se miren as consecuencias socioeconómicas que vai ter e que se miren as consecuencias económicas que tivo; se iso axudou a xerar emprego ou, pola contra, se iso incrementou a ludopatía. E se se xeran ou se conceden beneficios fiscais á industria forestal, se iso contribúe ao equilibrio territorial e á repoboación forestal do territorio ou ben simplemente á eucaliptización do espazo. Ou ben se as axudas aos autónomos e autónomas serviron ou non para manter o emprego ou se serviron simplemente para outras finalidades distintas.

A planificación presupostaria da Xunta de Galiza tampouco sae moito mellor parada, tamén existiría marxe de mellora. Ilustrativo é que apenas se executaran un 52 por cento dos fondos europeos dispoñíbeis, que a participación dos concellos non chegase outro exercicio máis nin sequera ao 2 por cento ou que en programas tan importantes como a rexeneración de espazos degradados na Limia mesmo houbera que devolver os anticipos percibidos pola Xunta de Galiza. Tamén neste campo hai moita marxe de mellora.

Por iso concordamos co Consello de Contas na necesidade de programas de protección do medio ambiente e de desenvolvemento socioeconómico e sustentábel, e en axudar os concellos. Os concellos galegos teñen un grave problema de infrafinanciamento por parte do Estado e por parte da Xunta de Galiza, e resulta destes informes de fiscalización que dos ingresos recibidos pola Xunta de Galiza, dos ingresos covid, os concellos galegos non recibiron nin un só euro.

E como as súas señorías poden imaxinar, non podemos falar de arbitrariedade, de discrecionalidade e de entidades locais sen mencionar a Deputación Provincial de Ourense. No 2018, no informe de fiscalización relativo a 2018, o Consello de Contas dicía que un 80 por cento de contratos e subvencións da deputación foran a dedo; que o 70 por cento dos contratos de obra foran para as mesmas cinco empresas. ¿E cambiou algo co paso do tempo? Pois, como poden imaxinar, a resposta é non. No 2019, no 2020, no 2021 e no 2022 —nesta fiscalización adiantamos o Consello de Contas—, o 60 por cento do orzamento dos contratos de obra foi adxudicado a dedo, e o 70 por cento para as mesmas empresas. Algunha empresa, unha empresa en concreto, recibiu en contratos a dedo máis dun millón de euros anual durante estes catro anos. E, nestes catro anos, 345 contratos foron adxudicados por 39.669,42 euros; 345 contratos que daba igual que fosen para asfaltado, para eficiencia enerxética, para rehabilitación de edificios... Daba igual, 39.669,42 euros. O importante non era o contrato, senón adxudicalo a dedo.

A Xunta de Galicia non pode continuar pódose de perfil ante estas irregularidades, que van en prexuízo dos recursos públicos da cidadanía e do tecido empresarial galego.

E un compendio de todas estas irregularidades témolo no Servizo Galego de Saúde. No Servizo Galego de Saúde o Consello de Contas denuncia falla de información, falla de transparencia, escaso rigor nos ingresos e gastos, modificacións orzamentarias, redistribución de



centros ou un abuso fraudulento do Fondo de Continxencia, vulneración reiterada da normativa de contratación pública, dos principios de concorrência, publicidade e transparencia, abuso tamén da contratación menor, da contratación a dedo, da autorización de uso, das concesións de servizo sen que as empresas paguen o canon e contratos vencidos que non saen a licitación e seguen executando as mesmas empresas.

Para concluír, dende o Bloque Nacionalista Galego, nesta etapa final do Goberno do Partido Popular, xa non lle pedimos que xestionen ben, xa non lle pedimos que planifiquen, simplemente lle pedimos que cumbran a lei, cousa que vostedes nin sequera fan.

Nada máis e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Iago Tabarés.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Sanz.

A señora SANZ ARIAS: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Tras un intenso traballo previo de estudo e debate en ponencia e en comisión dos numerosos informes que conforman o contido da Memoria de actividades do ano 2021 do Consello de Contas, chegamos hoxe á recta final. E dado que formalmente corresponde ao Pleno desta Cámara a aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma para o ano 2020, permítanme que dedique uns minutos da miña intervención a explicar as súas principais conclusións.

Primeiro, execución. Os datos son excelentes. A Xunta foi capaz de acadar unha execución do orzamento consolidado do gasto no ano 2020 do 102,1 por cento.

Segundo, aforro bruto. A Conta xeral reflicte que Galicia obtivo un aforro bruto de 1.043 millóns de euros, o que permitiu incrementar os investimentos sen necesidade de acudir ao endebedamento.

Galicia liderou o esforzo investidor, sendo a comunidade con maior peso dos investimentos sobre o total do gasto non financeiro, cunha porcentaxe dun 13,5 por cento, case o dobre da media nacional, que foi dun 7,2 por cento.

Terceiro, axilidade de pagamento. Neste indicador Galicia tamén acadou unha vez máis os mellores resultados. A Xunta foi quen de pagar aos seus máis de 14.800 provedores en 18,7 días, mentres que a media nacional se situou en 34,5 días.

E cuarto, estabilidade orzamentaria. A pesar de que estamos analizando un exercicio no que se suspenderon as regras fiscais, Galicia mantivo o seu compromiso coa estabilidade orzamentaria. O ano liquidouse cun déficit dun 0,1 por cento do PIB e cun endebedamento do 19,9 por cento, fronte ao 27,1 por cento da media das outras comunidades autónomas.



En definitiva, estamos ante unha conta xeral que demostra, sen ningunha dúbida, a boa xestión do Goberno galego; un goberno que pensa nos galegos do presente e tamén nos galegos do futuro.

E non debemos esquecer, ademais, que estamos fiscalizando o ano 2020; ano que estivo moi condicionado pola situación de emerxencia sanitaria e polas distintas medidas que a Xunta adoptou para paliar as consecuencias da pandemia en múltiples ámbitos, tamén no orzamentario. Creo que á luz dos resultados é un feito indiscutible que Galicia superou esta situación en mellor posición que outros territorios. Señorías, Galicia xa recuperou a riqueza prepandemia no ano 2022 e somos a comunidade peninsular que presentou as mellores ratios no ámbito sanitario, como a situación dos hospitais ou, por exemplo, as vacinacións.

Ben, pasamos ao que se refire ao contido dos informes de fiscalización e ás recomendacións feitas polo Consello de Contas.

Señorías, no Grupo Parlamentario Popular e no Goberno da Xunta de Galicia non cremos que estea todo feito, nin negamos que existe a posibilidade de mellora. Somos ambiciosos e empregamos os informes do Consello de Contas para seguir avanzando e para que nos axuden a mellorar a xestión económico-financeira do sector público galego. Pero vostedes neste debate hoxe aquí e ano tras ano insisten en repetir un argumentario que non se corresponde coa realidade. Recomendolles un pouco de seriedade cando estamos falando de recursos públicos.

Miren, señorías, o que di a Memoria na súa páxina 39 é textualmente que: «A Conta xeral do exercicio 2020, formada pola Intervención Xeral, rendeuse o 28 de setembro do ano 2021, dentro do prazo legalmente establecido».

Tampouco é aceptable que vostedes falen de falta de transparencia ou de opacidade. Non hai nin un só euro da Xunta de Galicia que non estea sometido á Intervención Delegada ou á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. En moitos casos ademais, por exemplo no Sergas, cun dobre sistema implementado nos últimos anos: co control financeiro tradicional, baseado en auditorías específicas, e co control de xestión orzamentaria.

E xa respecto do grao de aceptación das recomendacións propostas polo Consello de Contas, señora Rumbo e señor Tabarés, a Xunta acepta o 85 por cento delas, asumindo o compromiso de implantalas, ¡o 85 % delas! Os propios informes do Consello de Contas valoran o esforzo realizado para atender as recomendacións incluídas en anteriores documentos.

Señorías, no Grupo Popular temos o máximo respecto polo traballo dos profesionais do Consello de Contas de Galicia, órgano independente para o control das contas do sector público galego, por iso foi que, a iniciativa do Partido Popular, aumentamos as súas competencias, outorgándolle por lei as funcións de prevención da corrupción, á vez que estudamos con moito detalle os seus informes.

Por outra banda —e dito sexa co máximo dos respectos—, fixeron un montón de propostas de resolución incomprensibles, incluso disparatadas, que carecen de sentido polo número e



polo contido, e que non podemos apoiar se somos minimamente serios. Non hai rodillo, señora Rumbo, hai propostas inaceptables.

Chegan a pedirnos que incorporemos cuestións que xa están na lexislación vixente, como, por exemplo, na súa resolución número 9, que piden regular os supostos de aplicación do Fondo de Continxencia, cando é algo que xa establece o artigo 55 da Lei de réxime orzamentario e financeiro de Galicia. Ou na recomendación 15 do BNG, que piden coñecer os gastos, obxectivos e composición das comitivas das viaxes ao exterior, que son aspectos que xa se publican anualmente na Lei de acción exterior de Galicia. Ou na recomendación número 25 do BNG, para coñecer calquera achega coas compañías aéreas que operan na nosa comunidade, cando a Xunta non subvenciona ningún voo de ningunha compañía aérea nin por vías directas nin por vías indirectas dende hai máis dunha década.

En definitiva, comprenderán que propostas con estes contidos non poden ser apoiadas.

Conclúo xa, señorías, agradecendo o traballo do Consello de Contas, o traballo dos letrados e do resto de persoal da Cámara e tamén o traballo e as achegas dos grupos parlamentarios, que nos permitiu incorporar oito propostas de resolución a esta memoria; propostas que compartimos con vostedes porque coinciden ao incidir sobre aspectos tan importantes para nós como son a prevención da corrupción, a incorporación das fundacións sanitarias no sector público autonómico ou a redución da temporalidade no emprego público.

Por todo o sinalado, por todo o feito e polo que queda por facer, solicito, en nome do Grupo Popular, o voto favorable ao ditame e ás propostas de resolución en relación cos informes de fiscalización do sector público autonómico do ano 2020, contido na Memoria de actividades do Consello de Contas do ano 2021.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Sanz.

Procedemos á votación desta...

(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pide a palabra.)

Perdón... ¿Si, señor Tabarés, Iago Tabarés?

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Pediríamos a votación separada: por unha banda, do ditame e, por outra banda, das propostas...

O señor PRESIDENTE: ¿Perdón?...

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Das propostas. A primeira do Partido Popular, que penso que é a número 2.

O señor PRESIDENTE: Si.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Si, e despois o resto.

O señor PRESIDENTE: Vale. *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)*

Perdón, non lle entendín... ¿A proposta...?

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Nada. Criticaba... *(O señor Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.)* (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: Vale. En concreto, son dúas votacións separadas. Primeiro imos votar o ditame, e logo na outra eu non sei se piden por separado...

Ben, primeiro votamos o ditame, que incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, relativa á aprobación da Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2020.

Votamos.

Votación do Ditame, aprobado na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2021 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020), coa incorporación da proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o ditame, que incorpora a proposta de resolución número 1 do Grupo Parlamentario Popular, por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as propostas de resolución aprobadas pola Comisión. E, en concreto, o señor Iago Tabarés pediu separar a número 2 do Grupo Parlamentario Popular.

Non hai inconveniente niso —entendo—. Entendo que non, se non, os letrados xa me dirán.

Entón, votamos, en primeiro lugar, a número 2 do Grupo Parlamentario Popular.

Votación da proposta de resolución número 2 do G. P. Popular de Galicia, aprobada na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na memoria de actividades do Consello de Contas de 2021 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.



En consecuencia, queda aprobada esta proposta.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto das propostas de resolución aprobadas pola Comisión, que, en concreto, son a número 3, do Grupo Parlamentario Popular; a número 21, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego; a número 16, do Grupo Parlamentario Socialista; a número 22, do Grupo Parlamentario Socialista; a número 24 —transaccionada— do Grupo Parlamentario Socialista; e a número 33 do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación conxunta das seguintes propostas de resolución: a número 3, do G. P. Popular de Galicia; a número 21, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego; a número 16, do G. P. dos Socialistas de Galicia; a número 22, do G. P. dos Socialistas de Galicia; a número 24 —transaccionada—, do G. P. dos Socialistas de Galicia e a número 33, do G. P. dos Socialistas de Galicia, aprobadas na reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, en relación cos informes de fiscalización do sector público de Galicia, contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2021 (Conta xeral da Comunidade Autónoma de Galicia de 2020).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo

En consecuencia, quedan aprobadas estas propostas.

O señor PRESIDENTE: Continuamos co texto lexislativo, punto 2.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal)

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, permítanme que as miñas primeiras palabras hoxe neste pleno sexan de apoio e solidariedade cos traballadores e as traballadoras da CRTVG. (*Aplausos.*) Levan cinco anos protagonizando os «Venres negros», e estamos vendo como en menos dun mes esta é a cuarta xornada de folga. Unha folga na que están reclamando algo básico e elemental, que é poder facer o seu traballo, informar libre e verazmente aos galegos e ás galegas. Están deixando claro que hai cada vez máis xente na CRTVG que non soporta o que está facendo o Partido Popular, que é unha inxerencia nos medios públicos. Nós, desde logo, queremos seguir traballando por unha CRTVG que sexa de todos os galegos e de todas as galegas, e non o gabinete de prensa do Partido Popular. (*Aplausos.*)



En segundo lugar, quero saudar os representantes da comunidade científica que hoxe nos acompañan neste debate porque son, precisamente, os investigadores e as investigadoras, os protagonistas da creación desta proposición de lei de creación do Innogal que hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego traemos a este Parlamento.

«Un país sen investigación é un país sen desenvolvemento». Tomo prestada esta frase da bióloga e investigadora Margarita Salas, porque me parece a mellor maneira de resumir o obxectivo da iniciativa do BNG: impulsar o desenvolvemento económico e social de Galiza, situando a ciencia e a investigación —é dicir situando o coñecemento— como factores estratéxicos para unha Galiza con futuro, porque, lamentablemente, a realidade é que estamos moi atrás en termos de I+D+i, e aí están os datos que, se me permiten, vou resumir en tres.

O primeiro é que Galiza inviste en ciencia e investigación o 1 por cento do seu PIB; é a metade da media europea, que se sitúa no 2,3 por cento, e tamén estamos por debaixo da media estatal, que está no 1,43 por cento. É dicir, que, en lugar de estar á vangarda, estamos á cola.

O segundo dato é que preto de seis mil persoas egresadas no sistema universitario emigran cada ano sen atopar en moitas ocasións unha vía de retorno. Estamos perdendo o máis importante para calquera ecosistema científico e investigador, o seu capital humano, o seu talento investigador. E, con esta marcha, non só perdemos esa referencialidade, que son os investigadores e as investigadoras, é que tamén estamos perdendo o investimento público destinado á súa formación; un investimento público ao que lle puxo cifras o Foro Económico de Galiza, que concretamente nos di que cada ano perdemos entre 178 e 311 millóns de euros pola fuga de talento. É dicir, que só na última década perderíamos entre 1.780 e 3.110 millóns de euros. É un drama para este país.

E o terceiro e último dato é que Galiza tamén perde empresas innovadoras. Concretamente, Galiza perdeu 78 empresas innovadoras entre 2019 e 2020 —que é o último dato que temos dispoñible— e encadea catro anos reducindo o número de patentes. En 2017, rexistráronse 112 patentes; en 2018, esta cifra caeu a 91; no 2019, descendeu a 71; no 2020, só foron 51; e en 2021, 46.

Todos estes datos definen que Galiza está quedando atrás, que está quedando á cola en innovación, cun 76,5 no Índice de competitividade rexional, publicado pola Comisión Europea en 2022. Estamos, neste índice, cada vez máis lonxe do norte de Portugal, que ten un 107,5; de Euskadi, que ten 118,8; de Cataluña, que ten 116,4; de Madrid, que ten un 119,7; ou de Navarra, que ten un 111,7. Pero, aínda así, grazas ao enorme esforzo feito pola comunidade científica, contamos cun ecosistema científico e investigador bastante maduro, pero que necesita de novas ferramentas que lle permitan avanzar e situarse ao carón das e dos mellores.

É o momento de dar un paso adiante e de facer da Administración unha aliada da ciencia e da investigación e non un lastre. En Galiza contamos con tres excelentes universidades públicas, cunha ducia de centros de investigación que traballan a un alto nivel, contamos con importantes centros tecnolóxicos en sectores económicos e produtivos estratéxicos e, sobre todo, contamos cun persoal científico e investigador, que representa o principal valor do noso sistema de I+D+i; persoas de enorme talento que, co seu esforzo, fan medrar Galiza,



nos sitúan no panorama internacional e contribúen a desenvolver este país. Grazas ao seu traballo e á súa dedicación, estamos nunha mellor posición para enfrontar os grandes retos que temos por diante; retos e cambios que condicionarán o futuro dos países e tamén do noso.

Neste contexto é evidente que as decisións que tomemos hoxe van marcar o noso futuro, van marcar o futuro das xeracións seguintes. E aí Galiza ten que adquirir unha posición de fortaleza para abordar eses retos de maneira autocentrada; é dicir, con base nas propias necesidades que ten o noso país. E partimos dunha posición chea de oportunidades grazas a un ecosistema de I+D+i que, con todas as dificultades, foi fortalecéndose e consolidándose nun escenario altamente competitivo.

Desde o BNG temos o convencemento de que podemos dar un gran salto adiante se somos capaces de estar á altura do momento e das necesidades.

Por esa razón, traemos a este Parlamento esta proposición de lei de creación da Fundación Galega para a Ciencia (Innogal); unha proposta de país, plasmada nunha proposición de lei que coordinou a nosa viceportavoz Olalla Rodil, elaborada tras anos de traballo, de moitos encontros, de moitas reunións e conversas, coas tres universidades galegas, cos grupos e centros de investigación ou tamén despois de ter a oportunidade de visitar tanto o Ikerbasque como o Icrea e de poder conversar coas persoas que o dirixen sobre cales eran eses proxectos, cales foron as dificultades e tamén cales eran as claves do seu éxito.

Quero, polo tanto, agradecer a todas esas persoas o seu tempo, o seu traballo e tamén a súa xenerosidade, achegando ideas, reflexións e obxectivos compartidos para que Galiza avance e camiñe á par dos mellores.

Esta proposición de lei de creación do Innogal busca cumprir dous obxectivos: en primeiro lugar, garantir un apoio estable, constante e transversal ao coñecemento, converter a I+D+i nunha aposta estratéxica que vaia máis alá das lexislaturas e dos gobernos; un apoio estable e constante que debe garantirse, en primeira instancia, a través do orzamento, polo que fixamos como obxectivo situar o investimento galego en I+D+i no 2 por cento do PIB en cinco anos.

O segundo obxectivo desta lei é crear unha ferramenta institucional que impulse e que estea ao servizo do ecosistema científico e investigador galego, un aliado do sistema universitario galego, dos centros de investigación e dos centros tecnolóxicos. O Innogal, como lles dicía, é unha proposta que está inspirada en proxectos de éxito que obtiveron un enorme prestixio e recoñecemento internacional e dos que lles podo dicir que falan todas as persoas do noso sistema investigador, como son o Ikerbasque e o Icrea. (*Aplausos.*) A nós parécenos que o máis intelixente é aprender do que xa se fai ben, non para copialo mimeticamente, senón para adaptalo á nosa realidade, que é, precisamente, o que facemos a través desta proposición de lei para crear o Innogal, unha fundación galega para a ciencia. Un organismo público concibido para que as persoas investigadoras e todos os axentes que conforman o ecosistema de I+D+i sumen a xeración de coñecemento; un organismo que impulse tanto a ciencia básica como aplicada, tecendo sinerxías e procurando unha xestión máis eficaz e eficiente dos recursos económicos, humanos e materiais.



Desde o BNG queremos poñer as persoas no centro das políticas da ciencia e investigación, creando as condicións laborais necesarias para reter o persoal formado en Galiza, para captar talento de excelencia e tamén para lograr o retorno de todo ese talento emigrado. En definitiva, con esta proposta de país de creación do Innogal desde o BNG queremos introducir unha visión integral nas políticas públicas de I+D+i, converténdoo nun elemento dinamizador do noso ecosistema investigador e, sobre todo, impulsar a cooperación tanto entre os centros e grupos de investigación públicos como entre as tres universidades, os centros tecnolóxicos de Galiza e o tecido produtivo do país.

E quero facer fincapé, nesta última cuestión, porque creo que é clave para a modernización das empresas do noso país, que teñamos empresas que sexan cada vez máis innovadoras. Con todo, sabemos que o 80 por cento das empresas galegas non fai innovación, non porque non teñan ese reto e esa aspiración, senón porque, polo seu tamaño —que son pequenas e medianas empresas—, teñen moi difícil poder ter os seus propios departamentos de innovación. Pero si que temos a posibilidade desde o público de colaborar con todo ese tecido empresarial para poñer o coñecemento que temos nas universidades e o talento que tamén temos nas empresas a funcionar coordinadamente para dar un gran salto adiante neste ámbito. Funcionou noutros países e cremos que tamén funcionará en Galiza se realmente hai vocación de facelo. E esta é, precisamente, unha vía para conseguilo, a creación dunha fundación pública sen ánimo de lucro, que é tal e como se constitúen xuridicamente o Ikerbasque ou o Icrea, dúas institucións que demostran desde a súa creación o éxito en resultados. Fíxense, o Ikerbasque mobilizou en Euskadi máis de 300 millóns de euros desde 2007; o Icrea, máis de 700 desde 2001. Como vemos, é unha ferramenta útil para despregar un programa forte e ambicioso de retención, captación e retorno do talento e tamén para deseñar e planificar unha política de I+D+i integral, promovendo o coñecemento como é, un ben común ao servizo da sociedade; todo coa debida transparencia, cos necesarios mecanismos de control público, promovendo a igualdade de xénero e primando, sobre todo, a excelencia e a igualdade, desde logo, no acceso aos fondos públicos.

Para o BNG, cando falamos de ciencia, o primeiro no que pensamos é nas persoas que investigan, porque podes ter os mellores laboratorios, os mellores centros de investigación, as mellores universidades, pero, se non tes en conta os investigadores e as investigadoras, non tes nada. (*Aplausos.*) Por iso, ás persoas que investigan, ás que innovan, aos científicos e ás científicas hai que coidalas, hai que darlles as condicións de traballo dignas, hai que acabar coas brechas de xénero, porque as mulleres deste país tamén teñen moito que aportar á ciencia, e hai que garantir estabilidade e contornas laborais estimulantes e motivadoras.

Hoxe, coa man tendida a todo o arco parlamentario, pero, sobre todo, ao conxunto da sociedade galega, traemos esta proposición de lei con ese ánimo, o de converter a ciencia, a investigación e o coñecemento no motor que impulse e mova este país, no presente e no futuro.

Moitas grazas. (*Prolongados aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.



Están con nós —e saudámoslos— os alumnos de 5º de primaria do centro de Portonovo, e saudamos tamén a todos os invitados que hoxe temos na tribuna do Parlamento, na tribuna de visitas.

E continuamos co debate. Neste caso, polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra a señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Quero saudar, como non, os investigadores e as investigadoras que nos acompañan hoxe aquí e tamén os rapaces e as rapazas de Portonovo.

Nós queremos mellorar a carreira científica para que as persoas que investigan e innovan poidan concentrarse en explorar as fronteiras do coñecemento e en idear solucións de futuro, e para iso necesitan medios, necesitan poder desenvolver unha carreira investigadora e non de obstáculos; carreira claramente precarizada coa angustia de vivir encadeando contratos temporais durante moitos anos e ocupando, cada vez máis, gran parte do seu tempo en excesivas tarefas burocráticas, e, no caso das mulleres, tendo que elixir con frecuencia entre consolidar unha carreira investigadora ou ser nais.

Por todo isto, é necesario modificar a Lei 5/2013, do 30 maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia. É necesario facer unha modificación profunda e rotunda desta lei, porque houbo cambios normativos importantes, como a nova Lei de universidades e a reforma da Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, ambas do Goberno de España, así como importantes cambios na Unión Europea. Estes cambios nos cadros normativos e os que se produciron na sociedade na última década fan que no día de hoxe a Lei de investigación e innovación de 2013 poida ser considerada obsoleta.

Hoxe o Bloque Nacionalista Galego presenta unha proposición de lei de modificación da Lei 5/2013, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia, Innogal. Sen cuestionar a bondade dos motivos desta proposición de lei, nomeadamente acadar un maior investimento en I+D+i e mellorar as políticas e as accións en relación coa captación e retención de talento ao redor da investigación —cuestións coas que concordamos—, o documento adoece de dúas limitacións fundamentais: por unha parte, unha insuficiente concreción do papel da Fundación Innogal, en particular en relación cos axentes existentes no sistema da ciencia, tecnoloxía e innovación de Galicia, moi singularmente a Axencia Galega de Innovación, e, por outra parte, ignora completamente moitas modificacións necesarias da Lei de fomento da investigación e da innovación de Galicia, debido, sobre todo, a aquelas relativas aos cambios normativos que se deron dende a aprobación dela, tanto a nivel galego como a nivel do Estado, e tamén ao contexto das recomendacións e dos escenarios propostos pola Unión Europea.

O propio paso do tempo, aínda sendo só unha década, acabou facendo que a lei actual quedase moi, moi desfasada. Polo antes dito, non queremos ir a cuestións relativas do texto do



Bloque Nacionalista Galego, pero non nos resistimos a comentar, cando menos, que non parece moi axeitada a composición proposta para o padroado dunha fundación de ciencia. E, en particular, parece desproporcionada a representación dos centros tecnolóxicos, máis aínda se a comparamos coa que terían as universidades públicas de Galicia, onde se concentra a investigación na nosa comunidade.

Na proposición de lei de hoxe do Bloque Nacionalista Galego, imos absternos, porque Galicia necesita cambios moito máis ambiciosos no que atinxe ao cadro normativo da investigación e da innovación.

Por outra parte, veremos que pasa co proxecto do Decreto polo que se regula o Estatuto do persoal laboral de investigación da Administración xeral e das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia. Unha das principais novidades do novo decreto que promove a Xunta de Galicia é que se ofrecerán contratos laborais indefinidos aos investigadores que traballen para a Administración autonómica, pero aos cinco anos estarán sometidos a unha avaliación; se suspenden, poden ser despedidos. A avaliación periódica da actividade investigadora do persoal investigador consolidado, que é laboral fixo, non pode conducir en ningún caso á extinción do contrato. Para a comunidade investigadora é inaceptable e ilegal. Esperemos que isto mude.

Ademais, ten outros problemas xerais que é necesario corrixir. O borrador —estamos falando sempre do borrador do decreto— queda curto tal e como está agora, xa que tamén debería incluír os investigadores predoutorais e posdoutorais, porque a Xunta, por agora, non incluíu os R1 e R2 porque os seus contratos xa están regulados pola Lei nacional da ciencia. Este é o argumento do Goberno galego, ¡como para que despois o Partido Popular critique a Lei da ciencia do Goberno de España!

Tampouco —no día de hoxe— están no decreto os preto de 500 investigadores e investigadoras técnicos e administrativos que traballan nas tres fundacións biomédicas de Galicia, que reciben financiamento público, pero son de xestión privada.

Esperemos que todo isto finalmente quede recollido neste decreto. De non ser así, quedaría incompleto e con moitas lagoas. Este novo decreto é o primeiro paso para mellorar as lamentables condicións nas que están moitos investigadores e investigadoras na nosa comunidade autónoma. Pero hai que melloralo, hai que melloralo, porque, claro, despois da Lei da ciencia que sacou o Goberno de España, non lles quedou outro remedio ao Goberno galego do Partido Popular que sacar este proxecto de decreto de estabilidade laboral do persoal investigador. Van sempre tarde.

O noso grupo parlamentario quere facer algunhas propostas, que xa trouxemos en diversas ocasións tanto a Pleno como a comisións, e algunhas novas. Porque nós queremos propoñer un pacto galego pola ciencia. Ten que ser un pacto de país, de todas as forzas parlamentarias, e, por suposto, con toda a comunidade investigadora, pola importancia que ten hoxe en día a ciencia e a innovación na nosa sociedade para permitir que Galicia avance realmente cara a esa sociedade de coñecemento sen a que non terá futuro.



Tamén hai que tomar medidas para a retención, para o retorno e para a atracción de talento científico en Galicia; medidas como a redución de cargas administrativas, como afianzar a carreira profesional de científicos xoves, para que poidan acceder a unha praza fixa tras rematar o seu itinerario posdoutoral, verdadeiras axudas para a contratación de persoal investigador no sector privado e un plan de retención de talento; plan ao que o Partido Popular no anterior pleno votou en contra, porque, como hai liberdade para que vaian os investigadores onde queiran, pois votaron en contra. E a verdade é que os investigadores e investigadoras marchan porque aquí non hai oportunidades e polas malas condicións que teñen nos seus contratos. Iso é o que pasa. E despois marchan e non volven.

Un total de 6.575 técnicos e profesionais científicos marcharon a outras comunidades o ano pasado. A maiores, o Informe da Conferencia de Reitores das Universidades Españolas que avalían a inserción laboral da mocidade recolle o dato de cantos dos que traballan o fan no estranxeiro. Entre os graduados galegos, é 1 de cada 10. É a segunda comunidade autónoma con máis empregados no exterior. E o Partido Popular seguirá negando a fuga de talentos.

Tamén hai que dicir que o gasto en I+D+i en Galicia, en relación co produto interior bruto, é do 1,1 por cento, fronte ao 1,4 por cento en España e o 2,18 por cento da Unión Europea. En Galicia temos que construír un novo modelo de crecemento, e, para que isto sexa unha realidade, a Xunta de Galicia ten que apoiar o campo da I+D+i, incrementando moito máis o programa nos seus orzamentos, e executar eses orzamentos.

No ano 2022, a Xunta de Galicia só executou o 47 por cento do Programa 561A, sobre o Plan galego de investigación e desenvolvemento, e a maiores dos 197 millóns que tiña nos orzamentos inicialmente, baixaron o orzamento en 58 millóns, quedando finalmente en 139 millóns. ¡Unha auténtica vergoña!

Nós apostamos por incrementar un 0,4 por cento o produto interior bruto, o gasto nos programas de I+D+i, de tal forma que Galicia poida acadar a media estatal, e para aproximarse ao obxectivo do 3 por cento do produto interior bruto; e tamén propoñemos consolidar unha carreira pública, estable e previsible para o persoal técnico e investigador, equivalente á dos países máis avanzados, para que non marchen ao estranxeiro nin marchen a outras comunidades autónomas, para que deixemos de ter esa fuga de cerebros.

Á Xunta de Galicia quedalle moito, moito por facer para mellorar as carreiras científicas; para mellorar, en definitiva, a I+D+i. O Goberno galego tería que desenvolver unha lei como a Lei da ciencia do Goberno de España para mellorar claramente o sistema público de ciencia, tecnoloxía e innovación, e para mellorar as condicións laborais de miles de investigadoras e investigadores do noso país. Porque o Partido Popular non cre no noso talento. E só vou dar un dato para que vexades como o Partido Popular non cre no noso talento. Entre 2012 e 2015, o Goberno de M. Rajoy destruíu en España máis de dez mil postos de traballo no sistema público de ciencia. Nestes anos de recortes do Goberno do Partido Popular, por cada científico que se xubilaba, non se incorporou ningún investigador ou investigadora nova. O Goberno de España, de Pedro Sánchez, pasa dunha taxa de reposición 0, cando gobernaba o Partido Popular, a unha taxa de reposición do 110 por cento no 2021 e a unha taxa de reposición do 120 por cento no 2022. É dicir, de cada 10 investigadores que se xubilan, repóñense 12.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Isto é apostar pola ciencia, isto é apostar pola ciencia!

Remato xa dicindo que o Partido Socialista sempre estaremos defendendo a ciencia, sempre estaremos defendendo os investigadores e as investigadoras, porque, como dicía o Premio Nobel de Medicina, Santiago Ramón y Cajal, un país só pode levantarse se se dedica a cultivar os seus talentos.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Gallego.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, quero saudar a comunidade científica que nos acompaña no día de hoxe, e tamén os alumnos e os profesionais docentes de 5º de primaria do colexio de Portonovo.

Señorías, señora Pontón, é lexítimo —e incluso me atrevería a dicir que é moi recomendable— que o Bloque Nacionalista Galego, na súa condición de principal partido da oposición, por fin baixe da nube, poña os pés na terra e faga unha proposta concreta, cun modelo concreto, no ámbito da investigación e da innovación.

Mire, a través desta iniciativa lexislativa, o que os nacionalistas, o que vostedes —polo que vexo, resbaloulle un pouquiño á señora Gallego; parece ser que non vai apoiar esta iniciativa— nos se están a pedir é que imitemos o modelo de Cataluña ou o do País Vasco, que decidiron crear fundacións públicas para impulsar todas as políticas en materia de I+D+i e de xeración de coñecemento científico. O que vostedes pretenden, señora Pontón, con esta iniciativa lexislativa é que Galicia sexa unha imitación. Iso é o que vostede pretende con esta iniciativa.

Señora Pontón, mire, voulle facer unha pregunta: ¿acaso vostede non ve capaz que os galegos sexan únicos, teñan un modelo propio e que sexan líderes en I+D+i? Pois, mire, dende logo, no Partido Popular, apostamos pola Galicia da calidade, da calidade en I+D+i. Debería tomar un pouquiño máis de nota.

Vostede falou aquí de diferentes iniciativas, de diferentes programas doutras comunidades autónomas, do Icrea de Cataluña, do Ikerbasque do País Vasco. Mire, son modelos lexítimos, por suposto, non o dubide, pero, na nosa opinión, para Galicia, cremos que non son os axeitados, non son os necesarios nin son os eficientes, en tanto que non se axustan á realidade do sistema galego de I+D+i na nosa comunidade, tanto pola súa dimensión como polo retroceso que, na nosa opinión, suporían respecto do modelo actual.



Mire, señora Pontón, o Bloque Nacionalista Galego tan só se dedica a copiar, a imitar o que fan outras comunidades autónomas. E dende o Partido Popular de Galicia e dende a responsabilidade de goberno da Xunta de Galicia, temos un modelo propio, que, ademais, como lle intentarei explicar con datos, é un modelo que está funcionando.

Porque vostedes insisten na habitual situación e na realidade catastrofista coa que sempre nacionalistas e socialistas pintan Galicia. E a señora Gallego vaia mitin que nos deu aquí nesta tribuna, porque, mire, moito sacar peito aquí das actuacións do Goberno de España en I+D+i, pero vostede non me comentou nada de... Mire, voulle ler os titulares: «*Los jóvenes investigadores en el limbo por el retraso de los contratos: Me resulta imposible investigar y trabajar a la vez*». *Gobierno de Pedro Sánchez*. Podería dicirlle outro titular: «*El retraso en resolver contratos predoctorales deja en el limbo a cientos de jóvenes. Es la desesperación*». Señora Gallego, vostede diso si que non quitou peito. A verdade é que iso si que se lle esqueceu en todo o mitin que nos veu dar aquí, na tribuna. Diso vostede, chitón, señora Gallego, ¡chitón! ¡Diso, nada! (Aplausos.)

Pero, mire, señora Gallego, debería ler un pouquiño máis a prensa e vería que realmente o modelo de Galicia está moi, moi, moi lonxe do que pretende facer o Goberno de España. Parece que non lle gusta, pero, mire, vou darlle datos, que vostede por agora non deu ningún.

O modelo galego funciona e o modelo da Xunta está funcionando, e por iso... (A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.) Mire, señora Gallego, escoite, que vai aprender algo. Escoite, escoite... Mire, defendo con convicción —xa llo digo— e con contundencia a aposta da Xunta de Galicia na I+D+i. E voulle dar datos, que vostede esqueceu.

Non está baseada na fragmentación, como vostedes aseguran, senón que participan —coordinados— os diferentes departamentos autonómicos. É o que nos leva a acadar no 2021 —último dato do INE, non sei se o sabe, do Instituto Nacional de Estadística— cifras récord de investimento en emprego en I+D. E, ademais... (A señora Gallego Sanromán pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor presidente, é imposible. De verdade, é que é imposible; é que esta señora está seguido interrompendo, de verdade. Debe molestarlle que lle dea datos.

Escoite, mire, ademais, hai unha crecente participación do sector empresarial e, polo tanto, da transferencia da ciencia á realidade social e económica a modo de innovación. Eu comprendo que vostedes sexan os de que «a realidade que non estrague un bo titular», pero o que podemos medir non merece ser interpretado.

Miren, simplemente catro datos, señora Gallego e señora Pontón:

Un. Aínda que lles custe admitilo, na actualidade temos o maior número de toda a serie histórica de persoas investigadoras e empregadas en actividades en I+D. En total, son 7.462 e 11.435 respectivamente.

Dous. O peso das empresas na I+D de Galicia foi incrementándose, ata superar o 50 por cento do total. Isto supón un avance importante, no que hai que afondar para homologarnos coas



rexións europeas máis intensivas en I+D, onde como media as empresas realizan o 65 por cento da I+D.

Tres. En 2021 Galicia investiu un total de 697,5 millóns de euros, o que supón case 56 millóns de euros máis que no ano anterior. É o nivel máis alto de investimento de toda a serie histórica, de acordo coas cifras publicadas polo Instituto Nacional de Estadística. Estas cifras representan o oitavo ano consecutivo de crecemento en investimento e en coñecemento, e consolidan a nosa posición como a sétima comunidade autónoma que máis inviste en I+D sobre o total do Estado.

E cuarto e último dato. Este incremento no nivel de investimento tamén se traduciu nun aumento do peso da I+D na estrutura produtiva galega; é dicir, no peso que ten o investimento en I+D sobre o PIB, que foi aumentando ata acadar —como dixo a señora Pontón— o 1 por cento; pois non, é o 1,1 por cento no 2020.

¿Que nos conformamos? Por suposto que non nos conformamos con estes datos. Xa lle digo que nosoutros somos ambiciosos e que queremos unha Galicia que marque un obxectivo, tal e como se reflectiu na Estratexia da RIS3. En I+D+i no ano 2030, o 2 por cento. Así o recolle, como dicía, o Plan estratéxico de Galicia, para chegar a esa meta fixada para o obxectivo do 2027, que é o 1,7 por cento.

E para iso tamén temos instrumentos, que son o noso modelo propio, entre os que me gustaría citar... É que vostedes parece que esqueceron por completo o que se fai aquí, en Galicia; simplemente observaron o que facían outras comunidades autónomas. Pero direilles que tamén hai comunidades autónomas que nos imitan a nós, será porque algo estamos a facer ben: a Estratexia da especialización intelixente, a Axencia Galega de Innovación, a Comisión Interdepartamental de I+D+i, que reflicte que esta é unha aposta coordinada e transversal de todos os departamentos da Xunta, e o programa Oportunus.

A planificación que se reflicte na Estratexia de especialización intelixente de Galicia, presentada o 28 de marzo, prevé mobilizar para o 2027 5.000 millóns de euros, dos que 3.000 millóns de euros corresponden a fondos públicos. Isto sería un 170 por cento máis que no período anterior. Na elaboración desta estratexia —que non foi inventada por ninguén— hai que recordar que participaron máis de 800 representantes e 500 axentes diferentes, que incluíron empresas, centros de coñecemento e tecnolóxicos e tamén a propia Administración.

Todos os axentes do ecosistema galego de I+D+i compartimos esta visión para facer do coñecemento e da innovación factores determinantes da economía e da sociedade. E, ademais, acompañamos esta Estratexia do correspondente financiamento. Temos un orzamento que medra de maneira importante tras superar a crise financeira. A Xunta incrementouno máis dun 161 por cento.

Impulsamos a Axencia Galega de Innovación xa no ano 2012, señora Pontón. Parece que vostede veu aquí descubrir unha fundación, cando xa se está traballando nela dende o ano 2022. Mire, xa neste 2023 Gain ten programadas 17 liñas de apoio dotadas con máis de 100 millóns de euros.



Dende logo, podería seguir recordando e tamén quero comentar, como non podía ser doutro xeito, o que se leva avanzado nesta Cámara co novo decreto que se prevé aprobar nos vindeiros meses, que converte a Galicia na primeira comunidade de toda España en regular a carreira de todo o persoal de investigación que dependa da Xunta e dos seus órganos dependentes; unha normativa que trata a científicos e técnicos por igual, sexan do ámbito que sexan, ofrecéndolles estabilidade laboral a través dun contrato fixo e un sistema de promoción profesional claro e definido dende o primeiro momento e en función dos méritos, o decreto que contempla a contratación fixa e tamén soldos moi competitivos que permitan atraer o talento á nosa comunidade.

E creo que é ben poñer un exemplo, porque así falamos de datos. Un investigador sénior arrincará cunha retribución de 56.876 euros, ao que se sumará un complemento de excelencia de 6.000 euros por cada unha das avaliacións que supere cada cinco anos. A vontade é que o texto final sexa o resultado do maior consenso posible, no que se segue a traballar no axuste dalgunhas cuestións dentro do seo da Comisión interdepartamental da I+D+i.

E xa finalmente —e xa remato, señora presidenta— dende 2014 temos o programa Oportunus para a atracción e a retención de talento excelente. O programa Oportunus é unha iniciativa promovida pola Xunta de Galicia e coa colaboración do Sistema Universitario Galego, o Consello Superior de Investigacións Científicas e os organismos de investigación de Galicia. A través deste programa téñense organizado máis de 19 talleres de formación, con máis de 390 participantes, e avaliado máis de 238 candidaturas. Este programa permitiu dar un salto cualitativo na atracción e retención do mellor talento científico.

E xa en conclusión, señora Pontón, a proposta dunha fundación ao estilo Icrea en Cataluña ou o Ikerbasque no País Vasco non é necesaria para Galicia. En realidade, o único que implica a creación do que vostede di é unha nova estrutura a modo de chiringuito, como están vostedes acostumbrados, e con necesidades de máis orzamento; é dicir, máis custo para os galegos e para as galegas, pero non un mellor sistema de investigación. Polo tanto, en Galicia non tería sentido prescindir dun modelo que funciona para imitar outras fórmulas que non se adaptan á realidade da nosa Galicia.

Mire, malia que lles pese, xa lles dixen, é unha revisión do que están a facer outras comunidades autonómicas: Asturias vén de crear unha axencia semellante á Gain a través da Lei 9/2022, e tamén Cantabria, na Lei 8/2022.

Dende logo, señora Pontón e señora Gallego, non contén con nós para deixar a Galicia en mans de malas copias por vostedes. Galicia é única, Galicia é líder, Galicia é calidade e seguirá construíndo o camiño da innovación, o camiño da investigación e o camiño do desenvolvemento; en definitiva, o camiño da Galicia da calidade.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Domínguez.

Para a réplica, polo grupo autor da proposición de lei, a señora Pontón.



A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día de novo, señorías.

A verdade é que subo a esta tribuna un pouco abochornada pola intervención que acaban de facer tanto o Partido Popular como o Partido Socialista. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Teño que dicilo, si, si.

E creo que é unha enorme falta de respecto, sobre todo polos nosos investigadores e investigadoras, que merecen neste Parlamento un debate de altura e non o pim, pam, pim bipartidista de sempre, *(Aplausos.)* facendo da ciencia o seu novo campo de terreo, cando o que teñen os nosos investigadores e investigadoras son moitos problemas e o que nos reclaman son solucións.

Hoxe o PP réñenos porque traemos unha solución, porque veu aquí botarnos a bronca por traer unha nova alternativa. Recórdolle á portavoz do Partido Popular que neste Parlamento xa se cambiou a Lei da ciencia por iniciativa do BNG, para acabar coa vergoña de que as mulleres científicas tivesen que escoller entre ser nais ou científicas. *(Aplausos.)* Eu estou sempre disposta a aprender, pero creo que un pouco de humildade, desde logo, lle vén moi ben á política. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: ¿Perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non sei se podo seguir, señor presidente. *(Murmurios.)*

É que son todo un exemplo de educación sempre nestas intervencións, un exemplo de educación e de saber estar. *(Aplausos.)*

Eu o que lles recomendaría tanto ao Partido Popular como ao Partido Socialista é que falasen coas científicas deste país, que fosen aos centros de investigación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

É que non sei... De verdade... ¿Podemos seguir falando sen interrupcións? Eu escoitei a intervención tranquilamente, pero cada vez que soubo a esta tribuna o Partido Popular está constantemente interrompendo. ¡Por favor, un pouco de educación! ¡Un pouco de educación e de respecto! *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Pois ben, eu recoméndolles tanto ao Partido Socialista como ao Partido Popular que falen cos científicos e as científicas deste país e verán que hai unanimidade na necesidade de ter un organismo similar ao que teñen os vascos e os cataláns. Porque nós, antes de traer esta proposta, nos reunimos cos científicos e coas científicas, e asegúrolles que a avalan. E hoxe o que fai o Partido Popular e o Partido Socialista non é unha pinza ao BNG. A quen lle están facendo unha pinza é ao desenvolvemento da ciencia e da investigación do noso país. *(Aplausos.)* E ben que o lamento, porque é moi triste, moi triste, que non queiran que Galiza se sitúe na vangarda.

E miren, a portavoz do PP falounos do programa Oportunius. O programa Oportunius é un programa para unha minoría do sistema científico; é para os investigadores e investigadoras



que teñen unha RC, non é incompatible co desenvolvemento dunha nova figura como é o Innogal. Que, por certo, se vostede se preocupara de coñecer o Icrea e o Ikerbasque, o que verá é que son estruturas que case non teñen funcionarios e funcionarias pero que teñen un enorme retorno para o sistema investigador. (*Aplausos.*) Iso é o que faría un goberno que se preocupara.

Porque, ademais, un sistema científico non só necesita excelencia, porque para chegar á excelencia o que se necesita é ciencia de base e fortalecela. E esa é precisamente unha das apostas que fai o Innogal. Lamentablemente, hoxe o Partido Popular vai votar «non». Logo veñen aquí con isto de que copiamos, en fin... É que aprender dos que o fan ben é unha política intelixente. ¿Sabe o que non lle vai ben a este país? O que fai o Partido Popular, que sempre está mirando para os que están peor, e nós queremos mirar para os que están mellor, para os que son referentes, para os que son vangarda. (*Aplausos.*)

E fíxense: é que a excelencia destes centros non só a recoñece o BNG. Se vostedes estiveran en Euskadi ou en Cataluña, non votarían «non», entre outras cousas porque os seus partidos en Euskadi e en Cataluña votaron «si» á creación do Ikerbasque ou do Icrea e avalan esas propostas. (*Aplausos.*) Non obstante, cando se trata de situar Galiza na vangarda da ciencia, vostedes póñense atrás.

E fíxense: eu recoméndolles que lean un dos principais científicos españois como é Mariano Barbacid, que recomendaba que se crearan institucións similares ao Ikerbasque e Icrea en todas as comunidades autónomas, porque eran fórmulas que estaban funcionando e que lles permiten avanzar máis nese ámbito, ter programas potentes de captación e de retención de talento, ter capacidade para colocar máis investigadores e investigadoras no noso sistema e facelo sen as rixideces que ás veces ten o noso Sistema universitario.

Polo tanto, esta é unha proposta de país e unha proposta para avanzar. E eu creo que un pouco de —non sei— rigor de cando en vez non lle vén mal ao Partido Popular. E dígoo porque nos dixeron aquí que somos líderes en ciencia e innovación; estamos por debaixo da media española, que é do 1,43; nós estamos no 1,1. Pero ¿é que sabe cal é a media europea? Pois está situada no 2,3. Nós queremos facer como Europa, que inviste o 2,3 e non o que está facendo aquí o Partido Popular, que é deixarnos atrás. (*Aplausos.*)

Pero é que, ademais, non convocan, este ano outra vez, as axudas predoutorais ou posdoutorais. Xa o fixeron en 2020, en 2015 e volven facelo este ano, hipotecando o futuro das nosas investigadoras e investigadores. Seguen sen normalizar a situación dos investigadores sanitarios, que están pendentes de integrarse na estrutura da Xunta desde hai anos.

Porque —non sei— vostedes din que é vangarda aínda que esteamos atrás. É que, sinceramente, ou sexa, un pouco de respecto pola realidade, porque xa sei que están afeitos á propaganda e que acaban confundindo a realidade coa propaganda, e ese é un lastre moi grande para este país. (*Aplausos.*) E está moi ben, e nós levamos anos reclamando neste parlamento que haxa unha definición, unha regulación da carreira investigadora, pero tamén saben que ese decreto necesita correccións e que esa carreira investigadora só é para o persoal da Xunta de Galiza, que exclúe todo o persoal universitario e doutros centros, como o do CSIC.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Polo tanto, hai moitísimo, moitísimo traballo que facer.

Nós traemos aquí unha proposta que pode ser mellorada; para iso está a tramitación dunha lei no Parlamento galego. Gustaríame que rectificaran esa posición, porque desde logo situar Galiza na vangarda da ciencia da investigación é unha clave para o futuro.

Desde o BNG imos seguir traballando, imos seguir traballando para situar Galiza na vangarda da ciencia e da investigación, apostando sempre polo inmenso talento investigador que hai neste país. Porque é evidente que o futuro pasa pola ciencia. Eu lamento que hoxe, unha vez máis, o Partido Popular queira situarse no pasado. Unha mágoa que non permitan avanzar a este país, pero avanzará a pesar de vostedes.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Procedemos á votación da toma en consideración da proposición de lei.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, pola que se crea a Fundación Galega para a Ciencia (Innogal).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Continuamos coa orde do día.

Pasamos ao punto terceiro, que é o de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública, por petición propia, para informar do desempeño fiscal do Goberno autonómico no ano 2022

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.



Comparezo hoxe para informar a Cámara sobre o resultado do peche do exercicio 2022, ano no que tivemos uns obxectivos de referencia que, como veremos deseguido, non só cumprimos senón que melloramos. Pechamos un ano no que Galicia consolidou o crecemento económico logo da crise sanitaria e recuperou o PIB prepandemia no cuarto trimestre, con varios trimestres de adianto sobre a economía española, que aínda a día de hoxe non o fixo.

Un ano no que rexistramos un déficit dúas décimas inferior ao previsto; melloramos en tres décimas as estimacións de ratio débeda/PIB, co mellor dato dende hai unha década. Achegamos retroactividade ás rebaixas fiscais, para que teñan xa efecto nesta campaña do IRPF que estamos a vivir nestes días. Aumentamos o gasto en 730 millóns de euros, cunha execución do orzamento consolidado do 99 por cento. Melloramos o aforro bruto do orzamento da Comunidade Autónoma. Fomos a terceira comunidade con maior esforzo investidor. Axilizamos todo o posible a disposición de fondos e a achega de recursos do mecanismo de recuperación e resiliencia. Fomos a segunda comunidade que pagamos máis axiña aos nosos provedores. Recuperamos, como xa dixeran, o PIB prepandemia e recuperamos tamén o nivel de emprego previo á pandemia.

E, aínda así, a economía galega e europea, como saben, sofre importantes incertezas, está nun proceso de desaceleración, o que aconsella realizar un seguimento continuo das medidas implementadas neste orzamento de 2023 para seguir os seus efectos e tamén facer un seguimento da situación económica día a día. Esas incertezas, como saben, son principalmente o incremento de prezos, o cambio de signo da política monetaria e a guerra ruso-ucraína.

Vexamos isto polo miúdo.

Galicia pechou o exercicio de 2022 cun déficit orzamentario de 293 millóns de euros, o que representa un 0,4 por cento do PIB e dúas décimas menos do inicialmente previsto. Con este dato, a nosa Comunidade Autónoma situouse entre as comunidades autónomas con mellor desempeño fiscal no pasado exercicio, en concreto a segunda de réxime común con menor déficit, na liña do que vén acontecendo con regularidade dende o ano 2009.

Para poñer este dato en contexto, é importante lembrar que a media das administracións autonómicas tiveron un déficit que se elevou ata o 1,1 por cento, practicamente tres veces máis. Ou o que é o mesmo, a nosa Comunidade Autónoma rexistrou o pasado ano un déficit público tres veces máis baixo que a media das comunidades autónomas, como dicía. E o máis importante: máis alá deste bo dato de peche, é que esta contención do déficit público foi perfectamente compatible co cumprimento dos obxectivos orzamentarios, co reforzo do gasto social e con medidas de apoio a familias e empresas nun ano moi complicado, de elevada inflación, como ben saben.

Por tanto, señorías, o peche confirmou que o orzamento cumpriu os seus obxectivos finalistas ademais da súa función financeira. E para o Goberno galego esta circunstancia é moi relevante, porque temos demostrado con feitos que a estabilidade orzamentaria impulsa un modelo de crecemento sostible e inclusivo e baseado no coñecemento, polo que apostamos a través do Plan estratéxico de Galicia 2020-2030.



Hai que ter en conta, ademais, que, logo do gasto extraordinario provocado pola pandemia, a Comisión Europea ten previsto, a partir do vindeiro ano 2024, retomar as regras fiscais, e, por tanto, é importante colocarnos nunha boa situación de partida ante este novo paradigma financeiro. Para o ano 2023 xa lles avanzo que Galicia está en moi boa posición para volver cumprir a taxa de referencia de déficit público, fixada no 0,3 por cento do PIB autonómico, o que, de acado, suporía dar un paso máis cara a unha senda de consolidación fiscal suave.

Señorías, outro dos nosos obxectivos de goberno dende un primeiro intre foi manter controlado o noso endebedamento, recorrer ao mesmo só cando é preciso e sempre dentro dos límites fixados en cada exercicio. Hoxe podemos reafirmar que non só cumprimos este obxectivo no ano 2022, senón que o melloramos. Galicia pechou o ano pasado cunha ratio débeda/PIB do 17,2 por cento, o que supón tres décimas por debaixo do previsto, o que permitiu deixar de endebedarnos en 210 millóns de euros.

A estratexia do Goberno galego foi manter un ano máis o noso modelo de endebedamento responsable, que permite que Galicia sexa a comunidade autónoma que menos incrementou a súa débeda dende o ano 2009. E non só o dicimos nós, senón que o corroboran os datos oficiais do Banco de España, nos que me estou a basear. Xa hai anos que conseguimos consolidar Galicia entre as comunidades con menos débeda, e nesa senda queremos seguir.

Quixera lembrar, unha vez máis, que antes do ano 2009 Galicia estaba entre as comunidades autónomas máis endebedadas, estaba endebeda por enriba da media, e neste intre está entre as menos endebedadas. E este é o resultado para o ano 2022, en que se pechou o exercicio cunha ratio débeda/PIB 1,3 puntos inferior á de hai un ano. Neste momento Galicia ten unha ratio débeda/PIB do 17,2 por cento, como acabo de dicir, 6,7 puntos menos que a media das comunidades autónomas.

Ademais, Galicia segue a senda de redución do endebedamento retomada dende o ano 2021, logo do *shock* pandémico, cunha redución de 2,5 puntos nos últimos dous anos. De feito, a nosa Comunidade Autónoma xa ten un índice catro décimas inferior ao do ano 2019 e pechou o ano 2022 coa ratio débeda/PIB máis baixa dende hai unha década. A nosa débeda representa tan só o 3,8 por cento do total da débeda das comunidades autónomas, unha porcentaxe, como poden apreciar, moi inferior ao noso peso no PIB autonómico ou ao peso da poboación galega respecto da media do total da poboación nacional. E mentres Galicia, pese ao incremento lóxico de todas as administracións para manter os servizos públicos no peor da crise financeira, ten controlada a súa débeda, a Administración central está en récord histórico de endebedamento, nun intre no que a política monetaria aconsella ser especialmente cauteloso coa evolución da débeda pública.

Se todas as comunidades autónomas se tiveran comportado como Galicia, España tería 88.000 millóns de euros menos de endebedamento. ¿Que beneficio ten isto para os galegos e para as galegas? Que a débeda por habitante da nosa Comunidade Autónoma é hoxe 2.232 euros menor que a media autonómica e que este endebedamento responsable ten efectos positivos sobre as finanzas da Comunidade Autónoma, posto que favorece o aforro de xuros e permite investir noutras políticas de gasto, en especial en gasto social.



Controlar o endebedamento e reducir a ratio débeda/PIB permitiunos en 2022 gastar menos en xuros e ter máis recursos para gasto social e investimentos, como acabo de sinalar. De feito, o ano pasado aforramos en xuros un 25 por cento en relación co ano anterior, o ano 2021; tan só adicamos a xuros de débeda 73 millóns de euros, o 0,67 por cento do gasto non financeiro total, sendo a segunda comunidade autónoma que menor porcentaxe do seu gasto non financeiro adicou a pagar xuros á banca.

De feito, se Galicia se endebedase tanto como a media das comunidades autónomas, os nosos gastos financeiros terían subido ata os 158 millóns de euros, o que supón 85 millóns de euros de aforro no ano 2022 en xuros, que se investiron noutras políticas de gasto.

En materia de ingresos, a Xunta de Galicia incrementounos o ano pasado en 594 millóns de euros, sen o efecto dos fondos extraordinarios por mor da pandemia que tivemos no ano 2021, é dicir, descontando o fondo extraordinario covid do ano 2021.

Quero salientar especialmente o bo comportamento dos ingresos da Atriga, 6.033 millóns de euros,

superando o 100 por cento das previsións; no caso dos tributos propios, superouse o 101,5 por cento do orzamento inicial.

Tamén quero salientar a boa xestión dos fondos europeos, que se concretou nunha certificación de fondos europeos de 200 millóns de euros máis que o que se certificou no ano 2021. Por tanto, incremento de recadación tributaria pola boa xestión da Atriga e pola boa xestión dos fondos europeos.

Pero o incremento de recadación tributaria que estamos a vivir nas noticias derivado da Axencia da Tributaria e derivado do incremento dos prezos só permanece na Administración estatal, que é a única que se está beneficiar deste incremento de prezos, como o acredita o incremento do 18,6 por cento de ingresos non financeiros da Administración central. E isto en virtude do sistema de financiamento, xa que nós recibiremos esta achega adicional cando se liquiden os recursos do sistema de financiamento no ano 2024.

Pola contra, lembrar tamén que estamos a financiar, xunto coa Administración Xeral do Estado, as medidas para loitar contra os prezos, porque moitas delas afectan tributos total ou parcialmente cedidos á Comunidade Autónoma, como é o caso do IVE ou do imposto sobre a electricidade.

Ademais, quixera lembrar que no ano 2022 recibimos, por fin, e logo de ter que acudir aos tribunais, 224,5 millóns de euros pola sentenza do IVE correspondente ao mes de decembro de 2017. Grazas ao traballo do Goberno galego —e, singularmente, ao do meu querido antecesor, Valeriano Martínez—, conseguimos que o Goberno central transferise os recursos que mantiña indebidamente retidos. Por iso non só recibimos os 211 millóns de euros adebedados, senón 13,5 millóns de euros máis en concepto de xuros de demora. A sentenza 553/2021, do 23 de abril, do Tribunal Supremo deu a razón á nosa Comunidade Autónoma na súa reclamación da mensualidade do IVE correspondente ao mes de decembro do ano



2017 e recoñeceu o dereito a que a Comunidade Autónoma fora compensada por eses recursos que non ingresou ao Executivo central ao liquidar o exercicio correspondente, e, ademais, a pagarlle —como dixeran— os xuros de demora. A dita resolución xudicial acreditou que o Goberno central vulnerou o dereito á autonomía financeira de Galicia e que esa situación orixinou un quebranto económico á Facenda autonómica e que, deste xeito, se produciu un enriquecemento indebido para a Administración xeral do Estado. Quero de novo agradecer o reiterado apoio desta cámara a esta xusta reclamación. (*Aplausos.*)

Señorías, 2022 foi, sen dúbida, un ano marcado pola alta inflación. E dende o Goberno galego quixemos aproveitar as nosas limitadas competencias para tentar mitigar no posible os seus efectos, centrándonos —como saben— nas rendas medias e baixas.

Puxemos en marcha medidas específicas dirixidas ás persoas máis vulnerables, en liña co que vén reclamando o Banco de España e o Fondo Monetario Internacional, todo o contrario que o que fai o Goberno central. A modo de exemplo, en inclusión social o gasto incrementouse nun 40 por cento con respecto ao ano 2021 e un 19 por cento aumentou o programa de gasto en dependencia. Aprobamos un complemento extraordinario de 100 euros para o bono social térmico ou blindamos o transporte público por estrada fronte á suba dos carburantes. Nós apoiamos os transportistas e o transporte público, fronte a outros que apoian os propietarios subvencionando a gasolina dos vehículos de alta gama.

Ademais, no curso 2022-2023 estendemos a gratuidade universal das escolas infantís de 0 a 3 anos, de xeito que son totalmente gratuítas a partir do primeiro fillo, con máis de trinta mil prazas. Isto permitiu uns aforros de 2.000 euros por familia, cun custo de 54 millóns anuais. Tamén tomamos a decisión de adiantar ao 2022 —como ben saben— a baixada do primeiro tramo do IRPF e deflactar con carácter retroactivo a 1 de xaneiro de 2022 os tres primeiros tramos do IRPF, aumentando tamén os mínimos persoal e familiar, o que beneficia con máis intensidade as rendas máis modestas e que o estarán a notar nestes días cando presenten a súa declaración da renda.

De feito, somos a segunda comunidade autónoma —só por detrás de Madrid— co mellor tratamento fiscal das tarifas do IRPF para rendas medias e baixas. Orzamento a orzamento apostamos por estas rebaixas tributarias sempre que é posible e coa intensidade que nos permite cada conxuntura económica. E nesta conxuntura de alta inflación buscamos mitigar os seus efectos na renda dispoñible das familias, así como reforzar o impulso da reactivación económica. O carácter retroactivo destas medidas está permitindo aliviar as economías familiares —como dicía— xa nestes días cando presentan na súa declaración.

En canto ao gasto non financeiro, no ano 2022 medrou en case 900 millóns de euros, en concreto 896 millóns de euros, en relación ao do exercicio anterior, de novo se temos en conta unha comparación homoxénea sen ter en conta os gastos asociados á pandemia.

Quixera referirme de xeito especial ao esforzo en reforzar o ano pasado o gasto social, o dedicado á sanidade pública, á educación pública e ás políticas sociais públicas, pois en termos homoxéneos aumentou 849 millóns de euros. Por poñerlles exemplos concretos, o gasto destinado a sanidade foi de 4.674 millóns de euros, 538 millóns de euros máis que no ano



2021, 56 millóns de euros máis en atención primaria. Adicamos 59 millóns de euros máis para educación secundaria ou 32 millóns de euros máis para educación universitaria.

Por tanto, hai que salientar que isto significa que consolidamos as medidas sociais pese a non contar xa cos ingresos extraordinarios derivados da covid-19.

E todos estes datos cunha execución do orzamento consolidado do 99 por cento e sen ter en conta os recursos adicionais do mecanismo de recuperación e resiliencia, dos que logo pasarei a falar.

Señorías, outra das magnitudes que nos permiten analizar a xestión orzamentaria é a sustentabilidade das finanzas públicas e o aforro bruto, medido como a capacidade de financiar gastos de capital con ingresos correntes. Podo confirmar, con satisfacción, que este indicador sitúa as finanzas galegas dentro das que presentan un maior saldo entre ingresos e gastos correntes, e, por tanto, unha maior sostibilidade dos investimentos, xa que supón un 5 por cento dos ingresos correntes, en concreto, 470 millóns de euros, para financiar operacións de capital que contribuírán á mellora económica de Galicia a medio prazo. No ano 2022 Galicia foi capaz de financiar o 33 por cento do seu gasto de capital con aforro bruto, un 34 por cento con fondos europeos, un 10 por cento con fondos finalistas e tan só un 23 por cento con endebedamento.

Outro aspecto que coida este goberno, logo de reforzar o gasto social, é reservar os maiores recursos posibles para o investimento, garantía de crecemento no futuro. No ano 2022 o 13 por cento do total do gasto non financeiro adicouse a investimento, practicamente o dobre que a media das comunidades autónomas —efectivamente, o dobre que a media das comunidades autónomas—. Tampouco é unha novidade, pois exercicio a exercicio constatamos que Galicia está sempre entre os territorios nos que a Administración autonómica fai un maior esforzo investidor. Pero non por iso temos que deixar de salientalo, pois o esforzo investidor que anunciamos cando aprobamos os orzamentos confirmámolo agora cando analizamos a execución das contas autonómicas.

Señorías, xa me teñen escoitado en moitas ocasións lamentar, falando de investimentos, a lentitude do Goberno central á hora de achegar os fondos europeos do mecanismo de recuperación e resiliencia, así como a falta de cogobernanza na súa xestión. Pese a estes inconvenientes, a Xunta de Galicia foi quen no ano 2022 de mobilizar a práctica totalidade dos recursos que nos foron transferidos. Na actualidade —como saben— Galicia ten asignados 1.276 millóns de euros, que representan un 5,9 dos 21.742 millóns de euros asignados ás comunidades autónomas, a executar para todo o período do Plan de recuperación, é dicir, ata o ano 2026. Desta cantidade, o Goberno galego ten ingresados 1.138 millóns de euros, dos que o 40 por cento se recibiron nos últimos seis meses do exercicio 2022. En concreto, no exercicio 2022 máis do 54 por cento dos ingresos recibíronse a partir do mes de agosto; é dicir, máis de 315 millóns de euros recibíronse a partir do mes de agosto, coas dificultades para a xestión que isto implica.

Ao peche de 2022 a Xunta de Galicia tiña adxudicado preto dun 70 por cento do orzamento inicial e 85 millóns máis de gasto para exercicios futuros. Neste ano 2023 Galicia conta cun



orçamento inicial de 527 millóns de euros do mecanismo de recuperación, dos cales a metade xa están adxudicados neste primeiro trimestre.

Pero, señorías, neste camiño é preciso que nos siga tamén o Goberno central, que está actuando de maneira moi lenta, centralista e discrecional. Da axilidade de contar con estes recursos dependen proxectos vitais para o futuro da nosa economía, dos nosos empregos e das nosas empresas, como a plataforma para a fabricación dos novos modelos do vehículo eléctrico de Stellantis, en Vigo, ou a factoría de grafito tamén para vehículos eléctricos que Resonac pretende situar na cidade da Coruña, ou a fábrica de fibras téxtiles que Altri propón construír en Lugo, en Palas de Rei, ou a futura planta de pneumáticos de Sentury Tire, no municipio coruñés das Pontes. Porque a Administración xeral do Estado estase a reservar os recursos da política industrial a través dos PERTE, e na actualidade do total anunciado para estes PERTE apenas se ten asignado un 18 por cento dos recursos, e deste 18 por cento que apenas se ten asignado dos recursos dos PERTE unicamente un 2 por cento está sendo asignado a proxectos na nosa comunidade autónoma.

Os fondos do mecanismo de recuperación supoñen unha grande oportunidade que Galicia non se pode permitir perder. E, como membro do Goberno galego, gustárame contar co apoio de todos os grupos parlamentarios desta cámara para reclamar o seu impulso nesta comunidade autónoma.

Pois ben, señorías, o dito ata o de agora amosa o rigor e a disciplina da execución orzamentaria no ano 2022, un exercicio no que reforzamos a solvencia da Comunidade Autónoma, non só pagando con axilidade, senón seguindo á cabeza dos tempos medios de pagos, sempre moi inferiores á media das comunidades autónomas; aínda onte saíron os pagos do mes de febreiro, pero agora estamos a falar do dato medio do ano 2022. Pois ben, no ano 2022 Galicia foi a segunda comunidade autónoma que pagou aos seus provedores con maior axilidade, nunha media de 14,9 días, fronte aos 25,2 días do conxunto das administracións autonómicas. Isto é moi importante, porque pagar con axilidade beneficia as empresas que traballan coa Comunidade Autónoma, evitando problemas de liquidez, pero tamén beneficia o conxunto da cidadanía e da economía, porque moitos deses provedores son pemes e autónomos e inxectan liquidez en todo o sistema. De feito, no ano pasado fixéronse pagos a 399.429 empresas. Por iso, para 2023 o noso obxectivo é seguir traballando nesta liña e manter Galicia á cabeza da axilidade no pago a provedores.

Como lles dicía ao principio da miña intervención, no ano 2022 a economía galega foi quen de recuperar xa, concretamente no cuarto trimestre do ano, a riqueza prepandemia, e fíxoo con varios trimestres de antelación con respecto á economía española, que aínda hoxe non recuperou o PIB previo á crise sanitaria.

Señorías, cando presentamos os orzamentos para o ano 2022, dixemos que ese ano se recuperaría o PIB prepandemia, e os grupos da oposición puxérono en dúbida. Afortunadamente, a peche de exercicio podo confirmalo: en tan só dous anos despois da pandemia a economía galega foi quen de reverter a caída abrupta do ano 2020, motivada polos confinamentos. E creo que todos deberíamos alegrarnos porque é un éxito colectivo de Galicia.



Logo de medrar o PIB un 5,2 por cento no ano 2021, a economía galega fíxoo nun 3,8 por cento no ano 2022, superando en dúas décimas as previsións do cadro macroeconómico da Comunidade, o que propiciou superar o nivel prepandemia. O ano pasado, dende o punto de vista da demanda, é de salientar a fortaleza que mantivo a demanda externa, que achegou 3,7 puntos porcentuais, medrando por riba das previsións. En canto á oferta, os servizos tiveron un moi bo comportamento. Medraron un 5,8 por cento, cun maior incremento no apartado de comercio, transporte e hostalería, cun incremento dun 17,4 por cento; en información e comunicacións, con 12,6 por cento; ademais da achega do sector primario de Galicia, que tamén foi positiva, nun 0,6 por cento, fronte ao valor negativo de España; e a construción, que igualmente recuperou na nosa Comunidade Autónoma valores positivos.

Este mellor comportamento da economía galega en relación coa media tamén está a favorecer unha mellora da converxencia per cápita, que en 2022 se mantén no 92 por cento da media de España, o que supón case dous puntos máis que no ano 2019.

Finalmente, tamén recuperamos o ano pasado o nivel de emprego prepandemia, neste caso xa no primeiro trimestre do ano; en concreto, no conxunto do ano 2022 creáronse en Galicia 21.960 postos de traballo equivalentes a tempo completo, cun aumento do 2,2 por cento con respecto ao ano anterior. No ano 2022 o incremento do emprego rexistrouse sobre todo no sector servizos; nas ramas de comercio, transporte e hostalería, un 5,1 por cento máis, e de información e comunicación, un 3,6 por cento máis.

Por tanto, señorías, no peche do exercicio 2022 constatamos o que previmos cando elaboramos os orzamentos: un ano de crecemento, que permitiría recuperar a riqueza previa á pandemia, así como superar os postos de traballo que había no ano 2019. E todo isto logrouse —como dixeran— con menos déficit do previsto; con menor endebedamento do estimado; cun adianto das rebaixas fiscais, deflactando os tres primeiros tramos autonómicos do IRPF, para aliviar os efectos de alta inflación, en especial ás rendas máis modestas; cunha boa execución, que chegou ao 99 por cento do orzamento consolidado; coa consolidación un ano máis do maior esforzo investidor, compatible co reforzo continuo do gasto social e pagando con axilidade aos nosos provedores, moito antes que a media das administracións autonómicas.

E ¿que agardamos para o ano 2023? Pois, como dicía antes, seguimos nunha difícil contorna económica, o escenario non axuda, estamos nunha senda de desaceleración da economía e os datos que veñen de fóra non axudan: crise de prezos importada, guerra en Europa pola invasión de Ucraína e cambio de signo da política monetaria, que está a subir os tipos de interese e afectar a dinamización da actividade empresarial.

Por tanto, por iso, para este exercicio 2023, de novo mantemos o compromiso de cumprir cos obxectivos orzamentarios, axudar a paliar os efectos da suba de prezos e a dinamizar a economía, pero tamén a cumprir a taxa de referencia do déficit público e non superar o 0,3 por cento do PIB. Isto implicará que sigamos nunha senda descendente en relación co 0,4 deste ano do déficit público e este baixará dos 243 millóns de euros de 2022, ata os 189 millóns de euros, reducindo deste xeito a necesidade de endebedamento en relación con este exercicio. Reitero que isto é especialmente importante no actual contexto monetario e fiscal.



Tamén será o terceiro ano seguido de crecemento económico continuado da nosa Comunidade Autónoma, que estimamos no 1,7 por cento para este exercicio. E neste senso quero lembrar que, igual que o que empezou no ano 2022, hai uns meses a oposición criticaba esta estimación, mentres que o Goberno galego explicaba que a previsión do IGE estaba na media das realizadas polos principais organismos públicos e privados especializados e que era máis prudente que a da Administración xeral do Estado, e a terceira máis prudente das catorce estimacións realizadas polas comunidades autónomas. Uns meses despois case todos os organismos xa están na liña que estimou nos orzamentos o IGE.

En Galicia traballamos para encadear estes tres anos consecutivos de crecemento e tamén de creación de emprego, o que permitirá, segundo as nosas estimacións, que a finais do ano 2023 a taxa de paro estea por debaixo do 10 por cento. Será a primeira vez en quince anos, dende o ano 2008, que a taxa de paro sexa inferior ao 10 por cento. O que pasa é que o contorno económico é ben diferente; daquela estabamos inmersos nunha burbulla financeira inmobiliaria e neste caso, neste ano, a economía presenta uns fundamentos moito máis sólidos.

Señorías, consumido xa practicamente un terzo do ano en curso, quero reiterar en pleno que o cadro macroeconómico dos orzamentos de 2023 segue plenamente vixente, nun ano no que consolidamos as rebaixas fiscais aprobadas nos últimos anos para a nosa Comunidade Autónoma, para Galicia, e para conseguir que Galicia se manteña entre as comunidades autónomas con menor carga fiscal para as rendas medias e baixas.

E engadimos no IRPF outra medida pioneira no marco das medidas fiscais de apoio á familia, ao converternos este ano na primeira comunidade cunha nova dedución de 250 euros para os contribuíntes con dous fillos, dándolle a consideración de familia numerosa para efectos fiscais, que deste xeito se equipara ás anteriores familias numerosas de tres e máis fillos. Ao tempo, duplicamos esta actual dedución aplicable ás familias numerosas para que a dedución con tres fillos sexa de 500 euros e co aumento doutros 250 euros por cada fillo a maiores.

Mantemos a rebaixa do imposto de sucesións para as sucesións en liñas directa, aos descendentes e ascendentes en liña directa, pola que non pagan este tributo o 99 por cento dos galegos, da que xa se beneficiaron case 741.000 contribuíntes.

E mantemos tamén a estratexia do imposto o no rural para quen queira vivir no rural e vivir do rural, da que xa se beneficiaron máis de 150.000 beneficiarios, e que quere dicir que nos impostos patrimoniais competencia da Xunta pola venda ou agrupación de fincas rústicas ou negocios agropecuarios non se tributa nada para efectos de tributación patrimonial.

Igualmente, segue en vigor o tipo reducido no imposto de transmisións patrimoniais para adquirir a vivenda habitual a mozos e familias numerosas vítimas de violencia de xénero e persoas con discapacidade, que mesmo chegan a non ter que pagar este imposto se mercan a súa vivenda habitual en zonas pouco poboadas.



E seguiremos a traballar para que neste exercicio tamén Galicia estea á cabeza tanto en esforzo investidor como en axilidade no pago das nosas obrigas e aos nosos provedores. Vou rematando, señorías.

Os datos de peche do exercicio 2022 e as previsións que mantemos para o ano 2023 teñen algo en común: demostran que a estabilidade orzamentaria de Galicia, unida á estabilidade institucional que temos, é positiva.

Á estabilidade unimos a planificación. Non improvisamos, sabemos o que queremos e como acadalo. Contamos cun Plan estratéxico 2022-2030 como ferramenta clave para consolidar a Galicia pospandémica e acadar os retos e obxectivos desta década. A estabilidade e a planificación permiten que Galicia teña credibilidade e xere confianza, e isto redunda no benestar de todos os galegos.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Corgos.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Por tempo de dez minutos, ten en primeiro lugar a palabra, por parte dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Bo día de novo a todos, deputados e deputadas.

Señor conselleiro, a verdade é que, ben, cando vin o título da comparecencia, na que vostede falaba de comparecer sobre o desempeño fiscal da Comunidade Autónoma no ano 2022, pois ben, entendiamos que era a primeira vez que sucedía neste parlamento, pero, aínda así, parecíanos bastante correcto, e benvidas sexan todas as comparecencias por parte do Goberno galego que nos veñan explicar a súa xestión.

O que máis me sorprende é que vostede, menos o desempeño fiscal da Comunidade para o ano 2022, veu volver falar aquí dos orzamentos do exercicio 2023, e quérolle recordar que ese debate xa o tivemos, xa aprobaron vostedes os orzamentos para o exercicio 2023 e, polo tanto, ben, xa sei que vostede ten tempo ilimitado e nós temos un tempo limitado e, polo tanto, eu intentarei cinguirme un pouco ao título dese desempeño fiscal.

O que lle pediría é que para a próxima vez nos dean polo menos un guión para as persoas, os deputados e deputadas da oposición que vimos falar. Digo non un guión para dicir o mesmo que din vostedes, evidentemente, non se trata diso, senón simplemente un guión para saber todos os aspectos que vostede vai tocar.



Tamén hai que dicir que á velocidade que vostede vai é bastante difícil tomar notas para poder dar algunha pincelada de todas as cousas que están facendo. Pero ben, non é unha crítica. Cada un falamos ao nivel e ao ritmo que temos.

Pero ben, en calquera caso, o curioso —como lle dicía ao principio— non é a comparecencia, que para min —insisto— benvidas sexan todas as comparecencias do Goberno galego, que moitas veces nos gustaría que viñeran máis a comparecer, realmente con temas máis acotados e para explicar temas máis concretos, e non, como neste caso, que estamos falando dun *totum revolutum*, de absolutamente todo e que, evidentemente, os grupos da oposición, polo menos a esta deputada, vaille ser bastante complicado abordar todos estes temas.

Pero ben, en calquera caso, señor conselleiro, nos últimos anos a Xunta de Galicia, a través da Lei de medidas administrativas e fiscais, esa lei de acompañamento que se tramita ao tempo dos orzamentos da Comunidade Autónoma, pois vén introducindo unha serie de beneficios fiscais, unha serie de beneficios fiscais sen que se asocien estes beneficios á política de gastos da Comunidade Autónoma, sen que se establezan indicadores e obxectivos e sen que se avalíen a eficiencia e a eficacia destas rebaixas fiscais.

Esta é unha cuestión que os socialistas temos formulado a través de distintas iniciativas. É unha cuestión, señor conselleiro, que o propio Consello de Contas recomenda ano tras ano no informe de fiscalización da Comunidade Autónoma. É verdade que esta recomendación non é aceptada polo Goberno galego e sen que por parte do Goberno galego se dea absolutamente ningunha explicación e ningunha intención de corrixir esta situación.

O normal, incluso para este Goberno galego, que sempre presume dos seus plans estratéxicos —de feito, vostede facía alusión a el—, sería o normal que tamén estivera unha planificación estratéxica dos beneficios fiscais que aplican, unha planificación vinculada ás políticas públicas, con indicadores que permitan avaliar a eficacia destes instrumentos, cunha avaliación *ex ante* e *ex post*, para poder medir o grao de cumprimento dos obxectivos, ao tempo de coñecer como poden afectar estes beneficios fiscais nas políticas de gasto da Comunidade Autónoma.

A ausencia desta planificación tamén impide ter unha coordinación entre administracións para maximizar a eficacia e minimizar as interferencias entre elas.

Durante os trece anos que estivo gobernando o expresidente Feijóo e agora co presidente Rueda vostedes veñen anunciando dende o ano 2016 unha serie de rebaixas fiscais, que se teñen incrementado ano a ano, sumándose así á política fiscal aprobada por outras comunidades autónomas gobernadas tamén polo Partido Popular, lideradas pola lideresa do seu partido, a señora Ayuso, que é a que marca esa tendencia, e que se gaban de eliminar todos os impostos xestionados pola Autonomía, o que despraza a maior parte da carga tributaria na participación dos ingresos estatais —véxase o IVE ou o IRPF— e renunciando a aplicar unha serie de políticas máis progresivas nas que paguen máis aqueles que máis gañan, ben a través do incremento nos tramos máis altos do IRPF ou incrementando a porcentaxe no imposto de patrimonio ou de sucesións.



Se temos en conta os orzamentos de ingresos da Comunidade Autónoma de Galicia, vemos que os ingresos por impostos directos e indirectos supoñen ao redor do 50 por cento dos ingresos non financeiros da Comunidade Autónoma. Se nos cinguimos ao exercicio 2022 —o que se supuña que vostede viña expresar hoxe—, estamos a falar dun 53 por cento. Xa que logo, unha boa parte dos gastos aos que ten que facer fronte o Goberno galego estarán financiados por eses ingresos correspondentes aos capítulos I e II, que son impostos directos, máis eses impostos indirectos. É dicir, con estes capítulos finánciase unha boa parte dos servizos públicos fundamentais que son competencia exclusiva da Comunidade Autónoma —véxase sanidade, educación pública, políticas sociais, emprego, industria ou vivenda, por poñer algún exemplo—, polo que sería necesario que a Xunta de Galicia, a través deses obxectivos e eses indicadores de cumprimento para cada un dos incentivos fiscais aplicados, elaborase sistematicamente un estudo sobre que efectos teñen estes beneficios fiscais das políticas económicas e sociais da Xunta de Galicia.

A política fiscal establece claramente unha diferenza de modelo, unha diferenza na xestión, nos modelos públicos. Mentres que o modelo fiscal da dereita —o que aplican vostedes—, que aplica uns principios neoliberais, é menos recursos para o sector público, para que aqueles servizos de calidade só estean ao alcance daqueles que poidan pagalos, fronte a isto, está o modelo socialdemócrata —que é o que defendemos os socialistas—, que supón que quen máis ten debера contribuír, polo menos, un pouco máis para ter servizos públicos de calidade ao alcance de todos e de todas e sen que ninguén quede atrás.

Estes dous modelos económicos contrapoñen, señor conselleiro, por exemplo, que a sanidade privada e o mantemento dos seguros privados están para aqueles que poidan pagalos, fronte ao modelo que defendemos os socialistas, que é unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade, financiada cos recursos públicos, para todas e para todos. E non foi casualidade que fora, precisamente, un goberno socialista o que implantou este modelo, co señor Ernest Lluch á cabeza do Ministerio de Sanidade.

Ou, cando falamos do modelo de educación, vostedes defenden un modelo de educación de calidade, privada, para aqueles que o poden custear, fronte ao modelo que defendemos os socialistas, que é un modelo de educación pública, universal, gratuíta e de calidade para todos e para todas. Polo tanto, tampouco é unha casualidade que volvera ser un ministro socialista, cun goberno socialista, José María Maravall, o que implantou este modelo, para que todos, para que o fillo dun obreiro, dunha modista, dun labrador, puidera ter as mesmas oportunidades para formarse que o fillo dun notario, dun avogado ou dun rexistrador.

Pois para poder ter eses servizos públicos de calidade é necesario manter uns ingresos públicos que o sustenten. Con ese modelo regresivo do ano 2022 a Xunta de Galicia volveu implantar unha baixada de impostos de maneira xeneralizada, favorecendo unha vez máis aqueles que máis teñen, señor conselleiro. No caso desa tan anunciada rebaixa do IRPF durante o exercicio 2022, supuña 1 euro ao mes para a maioría dos galegos e das galegas, fronte a 492 euros ao ano para os soldos a partir de 60.000 euros; é dicir, unha rebaixa fiscal que volta beneficiar os que máis gañan, mentres que para a gran maioría esa rebaixa de 1 euro ao mes ou, se quere, 12 euros ao ano serve só para branquear eses anuncios propagandísticos de rebaixar impostos aos que nos teñen acostumados o Goberno galego.



Pois insístolle: os socialistas cremos que quen gaña moito máis debe contribuír algo máis para fortalecer ese Estado de benestar, un Estado de benestar ao que non estamos dispostos a renunciar, e, sobre todo, cando sabemos que a fenda entre as rendas máis altas respecto das máis baixas se ten incrementado aínda máis durante estes anos de pandemia.

Señor conselleiro, vostedes representan, vostede forma parte dunha Xunta de Galicia que leva confrontando co Goberno de Pedro Sánchez sobre o financiamento autonómico ou as achegas do Estado, cunha confrontación que vostedes só fan —tamén é verdade— cando no Estado non goberna o Partido Popular; un Goberno galego para o que en pleno debate acerca da reforma do sistema de financiamento autonómico Galicia aparece con dúas características: a primeira, a redución de impostos ás rendas máis altas, e a segunda, a inexecución dese Fondo de Compensación Interterritorial, un fondo que, como vostede sabe perfectamente, reciben aquelas comunidades máis pobres, que debe ser empregado para corrixir os desequilibrios económicos interterritoriais e facer efectivo o principio de solidariedade. Uns fondos cos que outras comunidades que o perciben reforzan a atención primaria e constrúen centros de saúde. En Galicia, no peor da pandemia, cando a economía precisaba desa respiración asistida para a reactivación, o Goberno Feijóo deixou sen executar anualidades do exercicio de 2020...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señora presidenta— igual que o seu remanente.

É dicir, en 2020, mentres que o resto das comunidades executaron practicamente o 84 por cento deste Fondo de Compensación Interterritorial, o Goberno galego executou cero euros, o mesmo que durante o exercicio 2021; é dicir, acumulan vostedes 71 millóns de euros do Fondo de Compensación Interterritorial sen executar.

Señor Corgos, como responsable máximo de Facenda desta comunidade autónoma...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa—, ¿que mensaxe está a enviar en relación coa necesidade de reforma do sistema de financiamento autonómico e que mensaxe está a enviar en relación co reequilibrio territorial e a necesaria dotación de fondos de compensación interterritorial?

Por certo, señor conselleiro —e con isto remato—, ¿a que se debe que vostedes en 2022 deixen sen executar máis de 1.400 millóns de euros?

Como non teño máis tempo, nesta primeira quenda nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.



A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas.

Bo día tamén a vostede, señor Corgos.

Eu non sei se este domingo tivo tempo de dedicarllo ao Día do Libro. Eu, no pouco que me deixou pasear os libros de execución orzamentaria, que —abro paréntese—, ¡por favor!, a ver se empezan a remitírnolos en formato dixital tamén, tiven ocasión de pasear polos postos de Ourense e, botando un ollo a un libro que traía unha cita de José Luis Sampedro, eu recordei outra, pola cal é moi coñecido este escritor e economista español, que dicía que hai dous tipos de economistas: os que traballan para facer máis ricos os ricos e os que traballamos para facer menos pobres os pobres.

Eu pensaba que resumía moi ben o debate que temos hoxe, señor Corgos, porque o modelo fiscal dun país basicamente pode traballar nesas dúas direccións, dúas direccións que son antitéticas, como son a auga e o aceite, e vostedes hai moito tempo que escolleron unha opción, que escolleron a primeira opción, que é basicamente traballar na súa política fiscal e económica para facer máis ricos os máis ricos.

Ese é o resumo deste debate da política económica dun Partido Popular que ata hoxe é o que vén facendo, e máis aínda despois dos últimos orzamentos. Vostede facía mención aos orzamentos de 2023 e ás medidas que recolleron neles, e sinceramente, se isto fose un xuízo, eu podería dicir esa frase de película: «non hai máis preguntas, señoría», porque xa co pelletazo fiscal que aprobaron nos últimos orzamentos para os 7.000 máis ricos deste país é que non hai por onde coller ese presunto desempeño fiscal tan igualitario e que vostede veu defender aquí, señor Corgos. Non hai por onde collelo, porque sobre o que hai detrás da súa política fiscal e económica vostede dixo unha verdade: é que non improvisan. Iso desde logo é así. Vostedes non improvisan, e a dereita está facendo o mesmo que fixo no ano 2009: impulsar medidas económicas que se traducen en recortes de dereitos sociais e en que Galiza continúa estancada no plano dos sectores produtivos e económicos.

Ese é o resumo, señor Corgos, e as segundas partes nunca foron boas. Polo tanto, nós avaliámos o seu desempeño fiscal e a súa política económica dunha forma negativa, e á luz están os feitos. O resultado é que temos unha Galiza estancada, estancada na desigualdade social e estancada tamén no ámbito económico e produtivo.

E nas causas dese estancamento pois hai varias das que vostede tocou e que tentarei sintetizar en tres: a primeira é a mala planificación orzamentaria, tamén a mala execución; a segunda é unha fiscalidade que en realidade é regresiva; e a terceira é que tampouco acertan nas decisións de impulso económico que arbitran, non acertan na decisión da repartición dos recursos económicos deste país. E, polo tanto, esa é a estabilidade a que vostedes nos condena, unha estabilidade que non é estabilidade, que é estancamento.

En primeiro lugar, referireime á planificación orzamentaria, porque, efectivamente, vénnos vostede falar do peche do exercicio de 2022 e é inevitable facer algunha mención. Eu xa sim-



plemente recordar que o Consello de Contas, do que debatemos hai apenas unhas horas as resolucións dos últimos informes, xa leva moito tempo diagnosticando a política orzamentaria do Goberno galego. É que xa non é que prevexan unha cousa e a través de modificacións orzamentarias escurantistas os resultados sexan outros. Xa non é que abusen do recurso ao fondo de continxencia para gasto corrente e gasto previsto e estrutural, senón é que directamente deixan millóns de euros sen executar.

E vostede veu aquí retorcendo as cifras. Mire, o 99,9 por cento é a porcentaxe de pagamento sobre obrigas recoñecidas, pero non é a execución real. Sabe vostede perfectamente que a execución real son as obrigas recoñecidas sobre os créditos vixentes, señor Corgos, e están por debaixo do 90 por cento. E a cuestión é que do último orzamento que vostedes nos venderon aquí como o orzamento máis grande da historia pois deixaron 1.500 millóns de euros sen executar.

Entón, non é que planifiquen mal, é que por riba non executan. E claro, nunha crise de prezos sen precedentes pois temos un goberno que, cun orzamento que descontada a inflación é menor que o de 2009, se permite por riba deixar millóns de euros sen executar. «*Los buenos gestores*», e temos que escoitalo aquí, presumir de que aínda por riba fan unha gran xestión nesa débeda que triplicaron nos anos de goberno do señor Feijóo e agora do señor Rueda e que non se traduciu en soste os nosos servizos públicos básicos.

Mire, tamén, indo á execución, entre as seccións con menor nivel relativo de execución están, como en exercicios anteriores, as de sempre, as consellerías responsables ademais da atracción económica. ¿Como non vai caer a produción industrial en 2022 se non executan estas consellerías os seus programas? Hoxe saen os datos dos prezos industriais: caen tamén. ¿Cren vostedes realmente que están para presumir con estes datos? Mire, hai programas que non chegan ao 50 por cento, e se tivéssemos tempo vostede seguro que buscaba escusas na plurianualidade, etc., etc. Pero ¿que acontece? Exercicio a exercicio, vemos este resultado, e iso, señor Corgos, déixaos sen escusas. Vémoslos neste resultado, e iso, señor Corgos, déixaos sen escusas, por riba porque isto afecta o impulso económico pero tamén os dereitos sociais.

Agora o Partido Popular está de repente preocupado polo problema da vivenda. Descubriu o outro día o señor Feijóo que había competencias nas comunidades autónomas. Vostedes tamén non deben acabar de ter claro iso, porque teñen programas como, por exemplo, o de acceso á vivenda. Ten o premio á menor execución en 2022, un 8 por cento. É que, de verdade, é absolutamente vergonzoso.

Pero é que a planificación tamén falla en canto aos ingresos, porque vostedes fan unha política fiscal mal planificada e mal prevista. Tamén hai numerosos impostos nos que hai un exceso de previsión sobre os dereitos de varios tributos: o de depósitos, de taxas do xogo — xa sen contar aqueles que condonaron a este sector coa coartada da pandemia —, imposto sobre determinados medios de transporte, un longo etcétera, que recadan menos do previsto.

Pero é que logo tamén hai impostos estruturalmente mal planificados, que historicamente non se enfocaron ben e que non queren actualizar vostedes, como a cuestión do canon eólico,



que recadou desde o seu funcionamento máis de 2 millóns de euros menos do previsto e que non queren modificar para non prexudicar o sector enerxético. Tamén ante isto pois miren, fan anuncios, globos sonda, de novos impostos; agora a eólica mariña, cando nin sequera nos explican como van facelo e como van reclamar competencias na materia. Porque a realidade é que na súa política fiscal vostede tamén dixo aquí esas limitadas competencias que temos.

Pero ¿onde está o Partido Popular reclamando máis competencias na materia? Porque sacou peito dun momento histórico no que o Partido Popular reivindicou unha cuestión e a gañou nos tribunais. Pero é que mire: o éxito da reclamación do IVE, que, efectivamente, era unha reclamación xusta e necesaria, non opaca a pasividade do Goberno do Partido Popular noutros ámbitos nos que hai inxerencias competenciais. É que na política fiscal aplican o mesmo que no resto de demanda de competencias: catorce anos, cero competencias. En materia fiscal, exactamente o mesmo, señor Corgos.

Entón, pídanos vostede o apoio para reclamar a xestión directa dos fondos europeos, por suposto. Hai tres anos que votamos xa neste parlamento, pero fagan vostedes algo, algo máis que mandar cartas, porque na historia da literatura deste país están as cartas de Galdós e de Pardo Bazán, están as cartas de María Casares e de Albert Camus e están as cartas do Goberno da Xunta ao Goberno central. (*Aplausos.*) Pero iso non nos está a servir para nada, señor Corgos. É que a cuestión é esa. Cando queiran reclamar competencias en serio ou abrir un debate sobre isto, pois farémolo.

Pero o resumo é que na execución, un suspenso; na planificación, un suspenso; en autogoberno financeiro, un suspenso; e tamén na política fiscal, un absoluto suspenso, porque non é redistributiva, señor Corgos, por moito que a maquillen.

E veu aquí pois outra vez cos mitos do Partido Popular, como que deflactaron retroactivamente o IRPF, xa sen entrar en que o que fixeron está aquí no *Diario Oficial de Galiza*: (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*) foi actualizar a tarifa conforme o 4 por cento da enquisa do custo laboral, algo absolutamente insuficiente. É que seguen sen tomar medidas fiscais para os sectores máis damnificados, incluso aquelas que aprobaron no seu día.

Mire, o outro día estivo comparecendo aquí neste parlamento na Comisión de Igualdade unha asociación que traballa con nais solteiras por elección. Hai doce anos, doce anos que se comprometeron vostedes a aplicar rebaixas no IRPF ás familias monoparentais —que son monoparentais a partir dun fillo, non de dous—; seguen sen facelo, prometérono no inicio desta lexislatura, na investidura do anterior presidente da Xunta, e non o fixeron.

Polo tanto, o único que fan cando modifican o IRPF é beneficiar esa minoría máis privilegiada. No resto disimulan, pero non esgotan a capacidade que tería esta comunidade autónoma.

E en xeral sobre a cuestión do éxito ou non éxito dos impostos remítome ao Consello de Contas. Xa saíu aquí. O Consello de Contas leva anos advertindo de algo que advertiamos tamén nesta cámara: que avalíen a súa política de impostos, e vostedes non a avalían, né-



ganse. A Atriga fai informes dicindo que consolidan o asentamento de poboación, así, sen dar ningún dato. Igual que vostede non deu datos sobre a efectividade destes impostos. É como se eu digo: «non, é que hai unicornios voando neste hemiciclo» e non achego ningunha proba empírica. Ese é o resumo da súa política fiscal.

E mire, todo isto fai que Galiza teña menos recursos dos que debera. De feito, Galiza, pese ao que dicían vostedes, que ía provocar esa rebaixa de impostos, aumentou menos a recadación do que fai o Estado, pese ao contexto inflacionario. Iso é así pola súa política fiscal para ricos. Drenan recursos que deberían vir para os recursos públicos e que deberían aumentar a nosa capacidade de gasto.

E iso ten consecuencias no terceiro grande ámbito de fracaso do seu Goberno, que son as decisións de para onde van eses recursos. E aí é que non hai por onde collelo, señor Corgos. Comeza vostede falando, sacando peito, dese dato abstracto do produto interior bruto da recuperación prepandemia, pero sabe vostede que ten moitas sombras, que o dicía aínda o último informe do Foro Económico Galego, que o crecemento se ralentiza, que é 2 puntos por baixo do español, que é menos o equilibrado. Sinala de forma específica o ámbito industrial e que a produtividade ten aí un enorme problema na industria manufacturera. E desde logo iso ten consecuencias tanto no ámbito social —temos unha situación social en que se cronifica que o 54 por cento dos fogares galegos non chega a fin de mes; eses son os últimos datos do IGE, señor Corgos— como no resultado en termos económicos, que é tamén un absoluto fracaso.

Non teño tempo de pormenorizar, pero poderíamos ver como esa política fiscal e económica non serviu para combater a crise demográfica xeral. Desde que vostedes gobernan, emigraron máis de 370.000 persoas neste país.

Esa política fiscal e as súas leis de reforma fiscal e de depredación non serviron para consolidar o investimento estranxeiro. Por exemplo, Galiza está á cola, só recibe o 0,5 de investimento extraestatal e tampouco para crear empresas.

Vemos os últimos datos...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...en demografía empresarial —e remato xa con isto, señora presidenta—: son negativos, tanto en taxas de supervivencia de empresas como actividade emprendedora. E un longo etcétera.

En resumo, señor Corgos, falou de facer seguimento da súa política. Se realmente fan seguimento da súa política e avaliación dos retos de 2023, o que teñen que facer é un cambio de rumbo, porque neste momento teñen un suspenso nesta política económica e déixannos unha Galiza estancada, estancada na desigualdade social e estancada na capacidade que terían os seus sectores produtivos e económicos.

Polo tanto, señor Corgos, máis alá dunha reiteración das súas promesas orzamentarias, esperamos que hoxe aquí realmente queira facer algún tipo de cambio.



Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Presas.

Antes de dar paso á quenda do Grupo Parlamentario Popular e ao señor Puy, dámoslles a benvida aos alumnos e alumnas de 4º da ESO do Colexio Santa Lucía, de Moraña, e aos seus profesores e profesoras. Benvidos todos ao Parlamento de Galicia.

Agora ten a palabra o señor Puy, por tempo de dez minutos.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señora presidenta.

Hai unha palabra que non sae nos dicionarios —e debería de saír—, tanto no da Real Academia Española como no da Galega, que é a palabra «contrafactual». Non obstante, é unha palabra que se utiliza moito, mesmo en áreas de coñecemento avanzado, por exemplo na historia, e trata de respostar a preguntas como, por exemplo, que tería ocorrido se Hitler tivera morto na Primeira Guerra Mundial en vez de chegar despois a chanceler. E hai unha fórmula que probablemente neste caso sería o mesmo, pero o contrafactual permite indagar dalgún xeito as causas últimas que provocan determinados feitos, ¿non? Esta forma de razoar, recorrendo aos contrafactuais, parte de condicionais, é especulativo, pero tamén é posible utilizala con ton retórico, e, evidentemente, neste caso vémonos no caso da ironía. Eu rogo certa comprensión, porque eu vou ser irónico, seguindo o consello do Messi do Partido Socialista de Galicia, que di que bota de menos o humor na política galega.

Imos supoñer que o conselleiro hoxe tivera comparecido aquí e que o resumo da súa intervención fose, primeiro, que o déficit público foi tres décimas máis do esperado, foi do 0,8 en vez do 0,6; en vez de tres veces por baixo da media, que era tres veces máis alto e entón sería do 1,1. E, certamente, eu pensaría que a oposición tería dereito a criticar, porque estaríamos nunha posición moi complexa cando retornen as normas de estabilidade financeira.

O conselleiro hoxe dixo que a débeda pública estaba tres décimas por riba do previsto —seguro que publicidade da propia do Goberno—, e en realidade temos 210 millóns de euros de débeda máis; é o 17,8 do PIB. E ao longo dos últimos anos, como isto vén acumulado, estamos case no 24 por cento do PIB, non no 17,2 por cento. Como cada décima de endebedamento son 70 millóns de euros, a Xunta debería 4.690 millóns de euros máis; é dicir, en vez de deber por habitante 4.300 debería 6.700; e, ademais, como están subindo os xuros, pois teríamos un problema. Claro, a oposición é lóxico que diga que a xestión é mala.

No país que máis se endebedou —que foi España— durante a covid pois nós temos tamén contribuído modestamente a esa montaña de débeda pública que ten España. Pagariamos certamente 85 millóns de euros máis de xuros. Pero non pasa nada, recórtase un pouco o gasto social, que ademais é o que queremos facer, porque somos neoliberais e polo visto é o que tratamos habitualmente de facer.



No ano 2022, ademais, o conselleiro impulsou unha suba dos impostos, particularmente do IRPF. Como consecuencia, a consellería ingresou máis recursos, e con esta suba compenseuse que non ingresáramos o IVE do ano 2017. Porque, seguindo a suxestión que nos fixera o PSOE daquela en reiteradas ocasións, era unha reclamación que non estaba fundamentada e a Xunta —seguindo este consello do PSOE, que nós agradecemos moito— achantamos na reclamación nos tribunais.

Por outra banda, pois, evidentemente, tamén lles subimos os impostos aos que teñen as rendas máis baixas, de tal xeito que Galicia, en vez de ser a segunda comunidade autónoma, de acordo con todos os informes, que ten a presión fiscal máis baixa para as rendas medias e baixas, realmente ten a presión máis alta. Pero —insisto— todo isto foi para compensar a non reclamación do IVE, que se non foi habería un burato nas contas galegas.

O gasto non financeiro xa executado estivo próximo ao 99 por cento —non chegou ao 99 por cento, non o executamos; ben, a Xunta non o executou, que nós non executamos—. Certamente, quedou lonxe das previsións, houbo moitos problemas na xestión: non se gastaron 500 millóns máis en sanidade, 56 en atención primaria, nin 59 na educación secundaria, nin 32 na educación universitaria. E, ademais, subimos as taxas precisamente para compensar que non había transferencias das universidades, subimos as taxas porque xa levaban demasiado tempo conxeladas.

Non houbo aforro bruto; iso impediu financiar os investimentos, o cal xustifica que a Xunta se endebedase tanto este ano. E, ademais, como consecuencia, en vez de ser a terceira comunidade investidora, co 13 por cento do gasto non financeiro —isto é un *fake*, creo que o oíñ na Televisión de Galicia, que o único que fai é dicir *fakes*—, fomos a terceira menos investidora; en vez do dobre da media das comunidades autónomas, investimos a metade da media das comunidades autónomas.

Os fondos de recuperación e resiliencia, que foron transferidos con toda celeridade e urxencia polo Goberno central no mes de xaneiro —non en setembro, iso é outra *fake*—, e que por suposto son unha cantidade moi superior á que nos tocaría do que nos correspondería pola repartición da LOFCA, pois xa están dispoñibles a primeiros de ano. O que pasou foi —eu lamento moito, conselleiro— que os problemas burocráticos de tramitación, os líos nas definicións das convocatorias e a caída do sistema informático que permite o control dos fondos europeos da Xunta pois impediron a súa mobilización, que chegasen ás empresas e ás familias.

E precisamente esta falta de axilidade administrativa, de mala xestión da Xunta, fai que Galicia sexa a segunda comunidade que peor lles paga aos provedores, máis de cincuenta días, lonxe dos 14,9 que, de acordo cos datos do ministerio, a Xunta utiliza como propaganda, obviamente. Lamentamos os prexuízos ás empresas, comprendemos que cobren máis caro á Administración autonómica para descontar o atraso nos pagos da Administración autonómica, pero comprendemos que iso é unha forma de compensar o pago tardío que fai a Xunta.

Desde logo, no ano 2022 non alcanzamos o PIB prepandemia, aínda que foron catro comunidades as que o acadaron e neste ano se prevé que sexan cinco. Nós estamos como Asturias



e Castela-León, con sorte acadaremos o PIB prepandemia o ano que vén, no ano 2024. Pero, conselleiro, nisto hai que ser comprensivos, porque estamos falando do Noroeste; nin Castela-León nin Asturias van chegar ata o ano 2024; é lóxico que nós, que somos unha comunidade do Noroeste —evidentemente, este é un problema común das comunidades do Noroeste—, tardaremos aínda ano e medio en chegar ao PIB prepandemia.

E a causa é que Galicia, lonxe de ser a segunda comunidade que máis incrementou o PIB per cápita desde o ano 2008 —isto debe ser un erro nas estatísticas do Banco de España—, de feito, incrementou un 8,6 o PIB per cápita. E a produtividade, tamén a segunda comunidade na que máis se incrementou —un 15,3—, realmente é a segunda pola cola; e, polo tanto, a produtividade non sobe, o PIB per cápita está a caer. Pero a culpa tampouco é da Xunta, é un problema demográfico, ¿non?; coa xente tan avellentada pois evidentemente é complicado mellorar a produtividade e que creza tamén todo isto.

E, ademais, as exportacións non tiran. O saldo positivo que ás veces sae en estatísticas pois debe ser tamén falso.

Non recuperamos o nivel de emprego prepandemia, e para iso tería vostede que ter creado practicamente 22.000 postos de traballo a tempo completo, postos de traballo equivalentes a tempo completo; pero non puido ser e, lamentablemente, este ano non baixaremos do 10 por cento.

Todo isto, evidentemente, deteriora os servizos públicos. En sanidade, por exemplo, a moi politicamente neutra Asociación para a Defensa da Sanidade Pública acaba de facer un informe que nos lembra que no ano 2010 eramos a sexta mellor —e, aínda así, dicía que estabamos regular—, pero tras dous anos de goberno do Partido Popular xa somos a quince, é dicir, a antepenúltima, ¿non?

Ou, por exemplo, a poboación en risco de pobreza. Onte mesmo saíu o INE dicir que en 2009 en España era do 20,4, igual que hoxe, pero en Galicia entón era do 18 e agora é do 20,6. É dicir, pasamos de estar mellor a estar peor.

Ben, cando escoitamos o seu discurso na oposición, eu case ata diría que contra este argumento contrafactual, contra este discurso contrafactual do conselleiro, tiveron un ton suave, que temos que agradecer, porque a situación certamente é moi grave. O que pasa é que é unha falsa situación.

En realidade, o déficit público non foi do 0,8, senón do 0,4, tres veces por baixo da media. O Banco de España certifica que somos a segunda comunidade autónoma con menos débeda pública; polo tanto, pódense investir 85 millóns de euros en 2022, que supón un aforro de xuros en gasto social e gasto en investimento.

Somos a segunda comunidade autónoma que paga menos IRPF, entre outras cousas porque estamos axustando as tarifas das rendas medias e baixas. E, ademais de deflactar a tarifa —como saben—, gañamos o recurso do IVE nos tribunais pese á cerrazón do Goberno socialista.



A execución do gasto non financeiro permitiu gastar, de verdade, 533 millóns de euros máis en sanidade, 59 en educación secundaria, 32 en universidades e as taxas universitarias seguen conxeladas.

Hai 470 millóns de euros de aforro bruto en 2022, que permitiron reforzar o investimento —xa era a terceira comunidade máis investidora—, e ademais os fondos de resiliencia, pese a ser desprazados en boa medida a finais de ano, están xa mobilizados na súa maior parte e efectivamente son plurianuais, co cal se executarán ao longo deste ano.

Galicia é a segunda comunidade autónoma que antes paga aos provedores.

Fomos das cinco únicas comunidades que acadamos o PIB da pandemia no ano pasado, no ano 2022, cando España é o único país da Unión Europea que aínda non chegou a nivel prepandemia. O PIB per cápita —como dixer— incrementouse o 8,6 desde o ano 2008, e a produtividade máis do 15; nos dous casos somos a segunda comunidade autónoma que máis mellora estes datos.

E tivemos en febreiro os mellores resultados de emprego, o cal nos leva a pensar que, efectivamente, o obxectivo de baixar ao 10 por cento este ano será acadado.

O informe da sanidade pública di que somos a sexta e que cando gobernaba a socialdemocracia eramos a quince.

En risco de pobreza onte soubemos que é do 18 por cento en Galicia e do 20,4 en España, e cando gobernaba a socialdemocracia era do 20,6, e de estar por riba, por tanto, estamos por baixo.

Certamente, o conselleiro, cando falou dos orzamentos de 2022, mantivo tres obxectivos: recuperar a actividade —feito—, manter os servizos públicos —os datos que acabo de dar demostran que os servizos públicos (sanitarios, educativos e sociais) funcionan razoablemente ben—, axudar as familias —cosa que se está a facer, entre outras cousas cos beneficios fiscais que tanto se critican— e manter a estabilidade orzamentaria —e as mostras de endebedamento e de déficit así o demostran—.

Hai un historiador que falou do uso dos contrafactuais, Richard Evans —e como foi o Día do Libro tamén lles recomendo a lectura de *Contrafactuales. ¿Y si todo hubiera sido diferente?*—, que serven ou ben analiticamente para ver cales foron os criterios máis importantes que influíron na evolución dos feitos, pero Evans di que sobre todo serven para expresar desexos de que as cousas tiveran sido doutra maneira. Por exemplo, o historiador que formula que Hitler morreu na Primeira Guerra Mundial o que está desexando é que Hitler non acade o poder despois nos anos 30.

E aquí pasa algo parecido: no contrafactual que vostedes conciben para criticar unha boa xestión da Xunta no fondo o que os molesta é que parece que as cousas van mellor do que vostedes predicían; por exemplo, cando invocaron un crecemento do 0 por cento neste ano no BBVA e que hoxe o propio conselleiro ten desmentido, igual que todos os organismos.



Pois ben, nós pensamos que facer un discurso en base a contrafactuais non é positivo, entre outras cousas porque dificulta o debate.

E, polo tanto —en resumo—, sinalar que, conselleiro, fixo unha execución boa. Galicia, como o indican os datos oficiais, vai pola boa dirección. Eu agradézolle a comparecencia e ánimo a vostede e o seu equipo a perseverar na liña marcada xa desde hai anos na dirección da Facenda pública autonómica.

Grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Gracias, señor Puy.

Réplica, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Grazas, señorías, polas súas aportacións e críticas construtivas.

Ben, eu quería facer un par de puntualizacións antes de referirme ou de tentar responder ás múltiples cuestións que puxeron encima da mesa.

O primeiro é que, cando falamos aquí de desempeño fiscal, pois o que tentabamos sinalar é non cingirme exclusivamente ao que é a execución orzamentaria senón ao que é todo o ciclo financeiro. E por iso queríamos falar dos obxectivos orzamentarios, da execución orzamentaria, da débeda e do pago. Porque tan importante é unha cousa como a outra, sobre todo neste intre, en que, como dicía antes, está mudando a política monetaria. Estamos nun intre no que os bancos centrais están a drenar liquidez ao sistema e é importante para as empresas que manteñan ese acceso á liquidez. E as administracións públicas poden desempeñar un papel importante nesa facilitación da liquidez nos mercados.

En segundo lugar, cando nos referimos á execución orzamentaria, non me estou referindo á porcentaxe de pagos ou de obrigacións; é obvio que non nos podemos referir a iso. Estoume a referir aos orzamentos que se aproban nesta cámara por lei, o orzamento inicial que se aproba nesta cámara por lei e porcentaxe de execución, obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial. O que acontece é que neste ano 2022 se incorporaron uns recursos extraordinarios, os coñecidos fondos Next Generation da Unión Europea, que non teñen unha planificación anual, teñen unha lóxica plurianual; execútanse segundo a Administración xeral do Estado, había que compromelos ata finais do ano 2023, agora semella que mudou a cousa e hai que executalos ata o ano 2026.

Pois ben, con esa lóxica plurianual e en función dos procedementos de xestión do gasto público, o lóxico é que o que toque agora no que atinxe aos fondos Next Generation da Unión Europea é o compromiso de gasto. Non podemos estar a falar de obrigas recoñecidas, como



así o fai o Ministerio de Facenda. E nós o que facemos é falar nos mesmos termos que o Ministerio de Facenda para non enganar a ninguén e podernos comparar. Iso é o que fixemos. E, en base a eses datos, o 99 por cento do orzamento inicial da Comunidade Autónoma consolidado do ano 2022 foi executado.

Respostando un pouquiño ás súas intervencións e ás súas apreciacións, que son moi valiosas e eu aprecio —ben o saben—, si que é preciso avaliar a eficacia dos beneficios fiscais; estou de acordo con vostedes, e faremolo. E a planificación estratéxica dos beneficios fiscais aplicada si que se estudou no Plan estratéxico. Pero quería dicir que os beneficios fiscais non son patrimonio deste goberno nin do grupo que sustenta o Goberno. Todas as comunidades autónomas implementaron, como é lóxico, pola conxuntura económica que estamos a vivir, beneficios fiscais neste ano. Incluso as comunidades socialistas: A Rioxa, Castela-A Mancha, Aragón e o mesmo Ximo Puig en Valencia, implementaron rebaixas fiscais neste ano. ¿Para que? Para facilitar que aumente a renda dispoñible das familias nun período de forte incremento dos prezos, que non é quen de controlar o Goberno central.

Por tanto, si que existe esa comparación. O que pasa é que uns o facemos cunha certa lóxica e outros con outra. E, por certo, señora Presas, a nosa deflación da tarifa do IRPF é unha deflación de libro. Deflactamos os tres primeiros tramos do IRPF, concentrando nas rendas medias e baixas esa deflación, e aplicamos o incremento dos prezos. As deflacións da tarifa do IRPF non son beneficios fiscais para achegar máis recursos a ningún contribuínte. O que tentan facer é neutralizar o incremento da subida dos prezos nos salarios monetarios.

Ben, en canto a esta subida de prezos da que estabamos a falar, mesmo o Goberno central tomou medidas de rebaixa fiscal, como é lóxico e como nós apoiamos, para tratar de facilitar que as familias puideran manter a súa capacidade de consumo e a súa renda dispoñible. É máis, nós pedimos tamén que esas medidas de rebaixa dos impostos se estenderan tamén a determinados alimentos básicos, como a carne e o peixe, como ben saben. Pero esta baixada do IVE tamén é apoiada polo noso Goberno. E é máis, deses 8.000 millóns de euros que custaron estas medidas de rebaixas fiscais máis da metade son recursos das comunidades autónomas. Porque o IVE, como ben dixo a señora Rodríguez Rumbo, e o imposto sobre a renda das persoas físicas están cedidos ás comunidades autónomas, son impostos dos galegos. No IVE que pagan os galegos o 50 por cento é un recurso propio da Comunidade Autónoma, como indica a LOFCA. E o imposto sobre a renda das persoas físicas, máis do mesmo. Por tanto, estamos a falar dos nosos propios tributos, aínda que os xestione a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

En particular, o total de impacto nos ingresos de Galicia desas medidas de rebaixa fiscal sobre os impostos que gravan o prezo do gas, da electricidade e de determinados bens de primeira necesidade afectará en máis de 276 millóns aos ingresos da Comunidade Autónoma. Por tanto, claro que si e benvidos a utilizar como unha ferramenta máis de política fiscal as rebaixas fiscais.

E isto non ten por que afectar para nada o financiamento dos servizos públicos fundamentais, co que estamos totalmente de acordo e apoiamos como unha pedra molar dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre, sempre. É que, como acabo de dicir, e aquí xa



podemos falar tamén de novo, execución obrigas recoñecidas sobre o orzamento inicial, execución do orzamento da sanidade pública, 110 por cento, un 10 por cento máis que o orzamento inicial. Orzamento en educación pública, 103 por cento, un 3 por cento máis que o orzamento inicial. Por tanto, non sei onde está ese menoscabo da sanidade pública e da educación pública, que este goberno sempre coidou e coidou especialmente en todos os seus orzamentos, tanto incrementando as contías dispoñibles a estas políticas de gasto como executando todo o orzamento.

Tampouco entendemos as súas referencias a como está a afectar á renda dispoñible dos galegos a nosa política tributaria, posto que, como se acaba de indicar, na enquisa de condicións de vida que saíu onte a nosa Comunidade Autónoma ten moito que mellorar, evidentemente temos moito traballo que facer, pero non está nin moito menos nin na media de España nin nunha diverxencia coa media de España. Todo o contrario: España está empeorando, ata a poboación en risco de pobreza ou exclusión social no ano 2022, e nós estamos a mellorar. A taxa AROPE sitúase na nosa Comunidade Autónoma nun 23,6 por cento, un 2,4 por cento por cento menos que o ano pasado. En España está 3 puntos por riba, un 26 por cento, e empeorando.

E os ingresos medios e o umbral de risco de pobreza, o ingreso medio por persoa referido ao 2021, acadou na nosa Comunidade Autónoma os 12.352 euros, unha cifra que é un 7,8 superior en Galicia ao resto de España. En España só aumentou un 6 por cento e en Galicia a renda aumentou un 7,8 por cento.

Pero é máis. É que, tomando como inicio do período o período de comparación da estatística, o ano 2009, a renda media por persoa aumenta en Galicia un 23,2 por cento, fronte a unha media en España do 14,9 por cento. Somos a comunidade autónoma con mellor comportamento, na que máis se incrementou a renda dende 2009, o que permitiu rebaixar un 50 por cento o diferencial de Galicia coa media española, xa que no ano 2009 estabamos 1.292 euros por debaixo e agora apenas chega aos 650 euros no ano 2022.

E o mesmo poderíamos dicir da taxa de pobreza, de risco de pobreza, que en Galicia é 2,6 puntos inferior á do ano 2009, mentres que no total de España a taxa é a mesma que a do ano 2009. Somos a segunda comunidade na que máis ten descendido esta taxa de risco de pobreza.

¿Quere dicir isto que nos podemos conformar, que non temos que mellorar? Non. Temos que seguir mellorando, temos que seguir a implementar as políticas de inclusión social, que, por certo, incrementou o seu gasto nun 40 por cento no ano 2022. Pero o que quere dicir tamén é que o seu relato da renda dispoñible, da situación das familias galegas respecto do resto das españolas, non parece compadecerse coa realidade.

Non que dicían da execución do Fondo de Compensación Interterritorial, ten unha explicación tamén. Como xa explicamos, o Fondo de Compensación Interterritorial —que, por certo, non é un instrumento de financiamento autonómico, é un instrumento de cohesión autonómica, como ben recoñece a Constitución e como sabe vostede perfectamente, señora Rodríguez Rumbo— estámolo a empregar en blindar os investimentos do Fondo de



Investimentos Sanitarios. E o que aconteceu este ano, como ben saben todos vostedes, é que, pola pandemia e polas complicacións dos mercados de subministración e despois polo incremento dos prezos, a execución da obra pública viuse atrasada de forma importante. E o que estamos a facer é blindar eses investimentos sanitarios con FCI, que é un fondo incorporable ano tras ano, para que conte co financiamento seguro e se poidan levar a bo fin eses investimentos. Por iso, do total do FCI non se perdeu nin un euro, está a financiar —e poden velo nos libros dos orzamentos e tamén, se o queren ler, nos proxectos de gasto, indo á modalidade de financiamento dos orzamentos— o total das infraestruturas sanitarias, do plan de infraestruturas sanitarias, comezando polo gran Montecelo e rematando polo resto das grandes infraestruturas sanitarias. E a ese fin adicaranse en exclusiva. Por tanto, nin un só euro perdido de Fondo de Compensación Interterritorial. É máis, os 109 millóns de euros que aparecen aí de crédito vixente neste ano a peche de exercicio do Sergas están comprometidos integramente. Por tanto, non deixamos sen executar nada, está todo asignado aos seus fins.

En canto ás modificacións orzamentarias escurantistas, eu non sei onde están as modificacións orzamentarias escurantistas, porque todos os datos das modificacións orzamentarias se remiten puntualmente a esta cámara, como non podería ser menos, e saben que contan coa miña disposición para explicar calquera modificación orzamentaria escurantista que vostedes non poidan explicar na súa lóxica.

E ben, finalmente, queredes dicir que tamén se fixo unha alusión aquí a que recadamos menos que a Administración xeral do Estado. Xa expliquei por que. Recadamos menos que a Administración xeral do Estado porque existe un *gap* na recadación dos impostos que se calculan en función do pago dos ingresos a conta e da recadación real en directo por criterio de caixa que realiza a Administración xeral do Estado.

O que botamos de menos, como dicía antes, é que non se apoiara máis, con máis rebaixas de prezos, o consumo de bens e servizos básicos, baixando o IVE destes produtos básicos, cando se recadaron 41.000 millóns de euros por enriba do recadado o ano pasado e unicamente o custo desas medidas de beneficios fiscais aplicadas para aliviar as economías das familias e das pequenas empresas foi de 8.000 millóns de euros. Iso é o que botamos de menos.

Ben —remato xa, señorías—, simplemente do que quedaría acreditar despois destas puntualizacións é o meu ofrecemento a explicar calquera pormenor sobre a execución orzamentaria.

Sobre a situación do endebedamento, do que non podemos explicar nada máis, xa o expliquei en repetidas ocasións, claro que aumentou o endebedamento e claro que nos endebedamos no peor da crise, como o resto das comunidades autónomas. O que pasa é que nós aumentamos apenas o dobre a nosa situación de débeda na gran crise financeira e o resto das comunidades autónomas aumentaron no triplo ou no cuádruplo o aumento da débeda. E así agora están pagando tamén o triplo de intereses que nós, que podemos adicar eses intereses, como se indicou antes, a financiar políticas de gasto, como a sanidade e a educación, e non pagar intereses aos bancos.



Admitindo, por tanto, todos estes feitos, queredía repetir que executamos un 99 por cento o orzamento consolidado, sen ter en conta os recursos do mecanismo de recuperación e resiliencia, como dixeran antes. Pechamos o ano cun déficit do 0,4 por cento do PIB, 2 décimas menos que o inicialmente previsto, mentres que a media das comunidades autónomas pecharon cun déficit do 1,1 por cento do PIB, é dicir, o triplo. Pechamos con menos endebedamento do previsto, cunha ratio débeda PIB do 17,2 por cento, é dicir, 3 décimas por debaixo do previsto. Fomos a segunda comunidade autónoma que pagou antes aos seus provedores. Pagamos nunha media de 14,9 días as nosas facturas, fronte aos 25,2 días que tardan o conxunto das administracións autonómicas. E, malia o que se ten dito tamén, somos a terceira comunidade autónoma con maior esforzo investidor; destinamos o 13 por cento do total do gasto non financeiro a investimento, practicamente o dobre que a media das comunidades autónomas.

Isto é todo.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Saudamos os alumnos de 3º e 4º da ESO do centro de Castroverde, en Lugo, e tamén os seus profesores e acompañantes. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos coa comparecencia e agora correspóndelle a rolda especial de aclaracións ao Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Saudamos tamén dende o Grupo Socialista as persoas que hoxe nos acompañan.

Señor conselleiro, a verdade é que me causa bastante sorpresa que vostede fale, por exemplo, da gratuidade das escolas infantís, porque quero recordarlle que quen paga a maior parte desa bonificación das escolas infantís son os concellos, non é a Comunidade Autónoma de Galicia. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Si, señor, si, si, si, a gran maior parte.

E cando vostede fala de que eu falo dun menoscabo na sanidade pública que non é real, señor conselleiro, mire, pónase na rúa e pregúntelle a calquera persoa das que pase por alí. Pregúntelle se está contenta coa atención primaria, se está contenta coa cobertura de pediatría, fundamentalmente nos concellos que son máis rurais; se non teñen listas de agarda; xa sei que vostedes fan unhas listas de agarda e logo fan outras, que son as oficiais. ¿Canto tempo teñen que esperar para ter unha operación? Eu pregúntollo, señor conselleiro, e vostede sábeo perfectamente. E esa é a realidade da sanidade pública en Galicia, esa é a realidade.

E tamén me gustaría que nos contestara: no ano 2020, nos peores momentos da pandemia, ¿que pasou con eses 145 millóns de euros de fondos covid que viñan destinados á sanidade e que a día de hoxe non sabemos a que se adicaron? *(Aplausos.)* ¿Non sabe de que vai? Entregareille o informe de fiscalización do Consello de Contas para que o lea, señor conselleiro, e creo que, xa que fala de lectura, pois non lle viría mal ler ese informe de fiscalización.



Mire, señor Corgos, vostedes nos orzamentos do ano 2023 volven beneficiar esa minoría que máis ten, esa minoría que son uns 7.700 galegos e galegas, que son os máis ricos do noso país —entendido como Galicia—, aos que lles volven bonificar a cota do imposto sobre o patrimonio, 25 por cento no ano 2022 e outro 25 por cento máis neste ano 2023; quere dicirse un 50 por cento de bonificación da cota aos 7.700 galegos e galegas máis ricos do noso país. Un regalo duns 4.500 euros de media para esas persoas que, evidentemente, máis o necesitan, mentres que ao resto dos galegos e das galegas fan unha especie de *regalitos* selectivos.

Vostedes no ano 2023 teñen uns orzamentos —xa llo dicía no debate de orzamentos— que son uns orzamentos indolentes, que con 1.239 millóns de euros máis, mentres lles perdoan eses 4.500 euros aos máis ricos da nosa comunidade, o que fan é retirar esa Tarxeta Básica para as familias que máis o necesitan. Un recurso que, como vostede ben sabe —e tamén hai un informe, supoño que o lería, se non tamén llo fago chegar—, que, unido ao paraugas social do Goberno do Estado, tanto o ingreso mínimo vital como os ERTE, evitou que 127.000 galegos e galegas na nosa comunidade entraran en risco de pobreza ou exclusión social durante o ano 2021. Ese informe revela, señor conselleiro, por se non o sabe, que no ano 2021 en Galicia 678.000 persoas residentes na nosa comunidade, é dicir, máis dun 25 por cento por cento da nosa poboación, estaba en risco de pobreza e exclusión social, agravándose, ademais, a feminización da pobreza e cun risco de pobreza e exclusión infantil e xuvenil que apenas diminúe. Esas son as realidades do noso país, señor conselleiro.

E, ademais, mire, señor conselleiro, se mira os datos do IGE —que supoño que non serán dubidosos—, se mira a enquisa conxuntural aos fogares, que foi publicada hai uns días, révelanos que, no primeiro trimestre de 2023, o 53,89 por cento, é dicir, case o 54 por cento dos fogares galegos tiña dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes. O que pasa é que para o Partido Popular esas políticas redistributivas que contribúan a diminuír as desigualdades son para vostedes ciencia ficción.

Mire, vostede adicou boa parte do seu tempo na primeira intervención a atacar —o que fan sempre—, a criticar o Goberno do Estado, o Goberno encabezado por Pedro Sánchez, pero eu quérolle recordar determinadas políticas que teñen beneficiado fundamentalmente aquelas persoas máis vulnerables.

Pois mire, máis de 77.000 persoas en Galicia recibiron o ingreso mínimo vital. Revalorizáronse nun 25 por cento as pensións dende o ano 2018, dende que está Pedro Sánchez no Estado. Este ano 770.000 pensionistas galegos viron incrementadas as súas pensións nun 8,5 por cento, iso ao que vostedes votaron en contra, en contra; vostedes querían que seguiría ese 0,95 do señor M. Rajoy.

Pois mire, en Galicia 113.500 galegos e galegas foron beneficiados por ese incremento do salario mínimo interprofesional nun 8 por cento, que ten acadado os 1.080 euros brutos mensuais en catorce pagas; é dicir, un incremento de media de 345 euros ao mes, un 47 por cento máis que cando estaba o señor M. Rajoy. 84.365 persoas galegas beneficiáronse do bono social eléctrico. 2.520 millóns de euros do Goberno de Pedro Sánchez para bolsas de estudo á mocidade. 3.244 millóns de euros do Goberno do Estado para FP. 200 euros para as familias de clase media e traballadora para compensar a suba dos prezos de alimentación. 11,4 millóns



de euros destinados en Galicia para o bono alugueiro xove. A supresión do IVE dos produtos frescos, que tiñan o tipo reducido. A redución do IVE do 10 por cento ao 5 por cento en aceite e pastas. A redución do IVE da electricidade e do imposto especial sobre a enerxía. Ou a suspensión temporal do imposto sobre o valor da produción de enerxía eléctrica. Ou esa excepción ibérica, iso ao que vostedes lle chaman o timo ibérico e que permitiu que pagáramos catro veces menos nesa factura eléctrica.

Pero claro, vostedes, fronte a iso, o que fan pois é presentar recursos, recursos ante o Constitucional para favorecer novamente os seus amigos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e as súas amigas, eses que máis teñen, e non cumprir ese mandato constitucional de contribuír en función da capacidade económica a través dos impostos.

Vostedes presentaron este recurso a este imposto temporal de solidariedade ás grandes fortunas, que é un imposto de carácter temporal aplicable só para os exercicios 2022 e 2023, coa finalidade de incrementar a recadación e harmonizar a normativa autonómica.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E quérolle recordar —porque non teño máis tempo— que estamos a falar de que grava os patrimonios daquelas persoas físicas que teñen máis 3 tres millóns de euros, con 700.000 euros de mínimo exento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Esa é a súa realidade e esas son as políticas neoliberais...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...do Partido Popular tamén aquí en Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

É o que ten ter que sintetizar o debate orzamentario en cinco minutos.



Imos alá, señor Corgos. Hai unha cuestión que permaneceu inalterada, que é o conformismo xeral que ten o Partido Popular coa situación, ¿non? Eu vou intentar dar resposta a algunha das cuestións que saían aquí.

Ben, sobre os beneficios fiscais, mire, nós, en abstracto, estamos de acordo cos beneficios fiscais como un mecanismo; a cuestión é como se aplica. É igual que o mesmo debate que a débeda; en xeral, nós, co mecanismo de contracción de débeda, pois sendo unha crise económica en que se necesitan recursos, a débeda é unha posibilidade; a cuestión é para que se emprega esa débeda, porque, claro, ao mesmo tempo, por exemplo, falando de sanidade, que saía no debate, ao mesmo tempo que vostedes triplicaron a débeda deste país nos últimos catorce anos de goberno e que, ademais, nunha hipoteca, tamén, se sumamos os concertos que van ser para as próximas xeracións, se xa hai débeda de hoxe que estaremos pagando dentro de vinte anos e que os gobernos futuros están presos dela, ben, claro, contraeron esa débeda, si. ¿Que temos, por exemplo? Atención primaria. É que vostedes deixaron de investir 2.500 millóns de euros desde que gobernan. Entón, vale, a débeda como recurso é un mecanismo, pero se non se emprega para blindar os nosos servizos públicos, pois está claro que non se está empregando adecuadamente.

Pois o mesmo que os beneficios fiscais. Eu alégrome de que veña vostede aquí dicir que están de acordo con avaliar os beneficios fiscais, pero é que hai dúas horas votaron en contra das recomendacións do Consello de Contas que presentabamos os grupos da oposición como propostas de resolución de que se avalíen eses beneficios fiscais. O propio Consello de Contas leva desde 2018 recomendando que a Xunta faga avaliación con obxectivos, con indicadores, ao Consello de Contas, señor Corgos, efectivamente, e que se avalíen os beneficios nas políticas públicas deses beneficios fiscais. Porque, claro, vostedes din —titulares—: impostos cero no rural, imos reverter a crise demográfica, pero despois ¿que tipo de análise? —nos informes da ATRIGA non se remiten—, dicíndonos: estes beneficios serviron para isto. Esa é a cuestión, porque eses beneficios fiscais que vostedes aplican, á luz, ademais, dos últimos destes anos dirixidos para unha minoría rica, que é quen máis tería que estar contribuíndo a saír desta crise, o que fan é drenar recursos que poderían vir para o sistema público para reinvestir en políticas como as sociais.

Efectivamente, por iso criticamos ese modelo, señor Corgos, porque non alivia as maiorías sociais e porque non trae recursos económicos para redirixilos a políticas públicas, e son, polo tanto, recursos que se perden.

Sobre a situación social, mire, é que a cuestión na que nós queremos poñer o foco —e que se vemos a foto de 2022 que vostedes querían ver— é que o 54 por cento por cento dos fogares deste país non chegan a fin de mes. ¿Queren ver vostedes os últimos datos do INE? Estupendo, porque consolidan esa foto de que co seu modelo económico a metade dos galegos e galegas non chega a fin de mes.

E hai datos preocupantes, como, por exemplo, que se triplica a cifra de fogares que non poden ter a súa casa a unha temperatura adecuada, pese a que este país é rico en produción enerxética.



Entón, a cuestión é que a situación de pobreza non empeora en Galiza, porque temos un colchón social máis forte, porque tamén as consecuencias da pandemia foron menores, pero iso non se aproveita polo Goberno galego para fomentar un sistema social máis igualitario, para avanzar, senón para conformase con que vivimos ben así, nun país no que a metade o está pasando mal e hai outra metade que o pasa menos mal, e hai unha minoría que vive moi ben a custa desa maioría social.

Esa non é a foto que nos gusta desde o BNG. E, polo tanto, seguiremos reclamando cuestións que ademais vostedes se negan a facer. Levan dous anos, tres case, dicindo que van reformar a Lei de inclusión social de Galiza para solucionar os problemas que hai entre a Risga e o ingreso mínimo vital. Pois vai acabar a lexislatura e non o fixeron. E o que fixeron foi recortar medidas, como a Tarxeta Básica, que tiñan, ademais, o apoio do terceiro sector e o apoio desta cámara. Polo tanto, son desculpas, e sabe vostede que queda moito por facer nese ámbito.

Máis cuestións que queríamos poñer enriba da mesa, señor Corgos, porque non fai falta que inventemos unha realidade paralela; a que hai xa ten bastantes carencias.

Falou vostede tamén —e foi vostede quen sacou a cuestión— do cadro macroeconómico e da economía en xeral. Pois é que, efectivamente, hai sombras aí que vostedes non querían ver.

Vale, si, acadamos obxectivamente o nivel prepandemia de produto interior bruto, pero vemos cales son as súas carencias, que son a letra miúda. En todos os indicadores son peores que os do Estado español. O crecemento é máis baixo. Indícase o mal comportamento do gasto público, tamén, no último informe do Foro Económico de Galiza. A produtividade do tecido produtivo galego segue a ser inferior á media española. E unha das principais eivas é a produtividade da industria manufactureira.

Vexamos tamén as sombras dos datos de emprego, máis alá da distorsión da baixada de po-boación. Galiza mantense entre as comunidades con menor taxa de actividade e ocupación, etc., etc.

Polo tanto, señor Corgos, tamén hai unha constante na nosa economía, e é que caemos de forma máis lenta que a española, tamén nos custa avanzar de forma maior. Polo tanto, vemos aí esa vantaxe que nos dá o tempo e a caída máis lenta, non a aproveitaron vostedes para transformar as eivas do noso tecido produtivo. E iso ten consecuencias.

Polo tanto, coa súa política fiscal e a súa política económica —e con isto remato—, señor Corgos, nós seguimos insistindo: déixanos unha Galiza estancada, cando podería ser unha Galiza próspera e situándose no contexto de cambio mundial.

Polo tanto, rexeitámola de plano, porque non nos ofreceu nin unha soa novidade e seguimos insistindo, do punto de vista social e do punto de vista económico, en que seguimos estancados e con vostedes o que iremos é cara a atrás, cando o resto do mundo camiña cara a adiante.



Nada máis e moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, presidente.

A ver, dicir dúas ou tres cousas, porque ao final o debate centrouse en todo menos en que se executaron ben os orzamentos, pero, probablemente, porque hai pouco que dicir. A execución dos orzamentos ou as cifras que deu o conselleiro ou que din eu certamente desmenten xa de entrada esta cousa de que non só non avanzamos, senón que imos cara a atrás. Pois non, a verdade é que non.

En primeiro lugar, falouse aquí do IRPF. A señora portavoz socialista recordará —que leva tempo nesta cámara, coma min—, cando se recordaba que subira unha vez o PP o IRPF, que as rendas do traballo, que son as rendas do traballo, que hai que gravar as do capital, non as do traballo, que gravar o traballo que está mal, etc., ¿que pensará vostede agora cando le titulares como «*Los españoles abonan el tipo medio del IRPF más alto de toda la historia*», ou, por exemplo, o informe da OCDE: «*Los españoles pagarán más que nunca en el IRPF*»? Por certo, «*los pensionistas abonarán hasta el 37,5 del incremento de su pensión*». Todo isto ¿por que? Porque non deflactan a tarifa. Se o imposto é progresivo, deflactar a tarifa axuda a quen ten menos recursos, menos ingresos. Vostedes aquí apoiaron a deflactación da tarifa no ámbito autonómico, e en Madrid o PSOE vetou, non deixou nin sequera debater a posibilidade de deflactar a tarifa do IRPF. Ben, isto é o que fai o Goberno socialdemócrata. Pero, ademais, faino sen perder o endebedamento: *España es el país da Unión Europea que más se ha endeudado desde el covid. Sánchez dispara la deuda pública en más de 300.000 millones de euros en cuatro años.* ¿Por que? Porque os socialistas son uns artistas para recargar moito, para baleirar todos os bolsillos de forma pouco transparente —que é o que é a progresividade en frío do IRPF—, sen que a xente se decate, como lles pasa aos pensionistas. Vostede mesmo estaba dicindo que lles subiron as pensións, pero non lles di que lles van sacar o 34 por cento polo IRPF como consecuencia desa suba dos prezos. (Aplausos.) É que iso é o que fan vostedes. Ou subir a débeda nun ano preelectoral e o Goberno que veña despois xa arreará cando volvan as normas de estabilidade orzamentaria. (A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Santalices, eu rogaríalle que a señora Rumbo non me interrompese, porque me está... (Murmurios.)

Ben, segundo tema, modelo neoliberal. ¿Realmente vostedes falan en serio cando din que este goberno é neoliberal? ¿Pero vostedes saben o que é o neoliberalismo e vostedes saben que é o que é este goberno? Acaba de dicir a señora Rumbo que temos 1.200 millóns de euros máis. Eu voules facer unha comparación, señora Rumbo e señora Presas, porque as dúas forman parte do Goberno bipartito; si, si, imos comparar en que gastaba cada goberno no 2009 e no que gasta o neoliberal de agora, porque é moi importante. E non vou falar de cantidades, vou falar de porcentaxes. Vostedes adicaban 570 millóns a políticas sociais, nós 1.150



millóns; 3.700 millóns á sanidade, e nós 4.900; 2.400 en educación, 2.800. ¿Este é un goberno neoliberal? E con relación ao marabilloso Goberno socialdemócrata PSOE e BNG, que fixeron iso, ¿onde houbo aforros no presuposto da Xunta? Altos cargos, 49 millóns; receitas médicas, 1.800 millóns, por aquel famoso decreto de fármacos que recorreu ao Constitucional o PSOE, en defensa das farmacéuticas —que vostedes recordan ben—. É aí onde temos aforros.

Pese a iso, as porcentaxes de gasto en sanidade, en educación e en políticas sociais, especialmente en sanidade e en políticas sociais, son maiores sobre o total orzamento que os de vostedes. ¿Onde está o Goberno neoliberal? Onde aforramos é precisamente en fármacos, en altos cargos...

Temos outro exemplo de Goberno socialdemócrata: mentres a Xunta reduciu un 6,6 o gasto en altos cargos e asesores, vostedes incrementárono; de 44 millóns no ano 2019 pasaron a 74 millóns en persoal eventual e de gabinete na Administración do Estado.

E dime: ¿que fan os socialistas? Pero se está clarísimo que fan os socialistas, nada máis hai que ver as cifras de endebedamento, a recadación do IRPF en relación coa inflación e ver en que gastan. Por áreas funcionais, comparémolo con algúns gobernos socialdemócratas. Galicia está gastando o 35 por cento do peso relativo sobre o total orzamento en sanidade no 2023; Aragón, o 32 por cento; Baleares, o 31 por cento; Castela-A Mancha, o 31 por cento. Todas por baixo. En educación: Galicia, o 19 por cento; Castela-A Mancha, o 19 por cento; Baleares, o 17 por cento; Aragón, o 17 por cento. Seguridade e promoción social: Galicia, o 8,1 por cento; Baleares, o 4,7 por cento; Aragón, o 6,2 por cento. ¿E que exemplo nos veñen dicir aquí de que somos un Goberno neoliberal? É que é tan ridículo que case dá ata pena desmentilo.

É que, señora Rumbo, de verdade, é que ultimamente, a verdade, vostedes están un pouco pelexadas. Vou ler literalmente o que di a páxina 72 do informe, porque hoxe volveu co informe de que non executamos os fondos covid para a sanidade. O que di na páxina 72 é que gastamos 611 millóns de euros por riba dos 517 millóns recibidos de fondos covid. Pois ben, é que di que non; pois é o que pon o informe. O que non di o informe é o que di vostede de que non se executaron 159 millóns, que o fondo foi suficiente, xa que o Consello expresamente sinala que o remanente de 21 millóns de euros queda sobrepasado polos 93,7 millóns executados a maiores pola Xunta de Galicia e certamente que a execución en sanidade superou o inicialmente consignado no orzamento en 424 millóns de euros. E vostede segue dicindo que non executamos con estas cifras do informe oficial do Consello de Contas. Para a falla de execución lea vostede o informe do Consello... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* ¡Pero está vostede hoxe un pouco nerviosa!

Pero espere, que agora lle dou un dato. Se quere ver a execución, colla o informe do Consello de Contas do exercicio 2020 de entidades locais, onde di: «Execución do orzamento de gastos. Os concellos de menos de 5.000 habitantes presentan o maior índice de execución, o 75 por cento», concellos, por certo, onde maioritariamente goberna o Partido Popular. E as deputacións provinciais —en tres das cales gobernan vostedes—, o peor, o 49 por cento de execución. ¿Por que? Pois vostedes saberán, que son os que gobernan. *(Murmurios.)* Pero non



veña vostede criticar aquí que se executa o 99 por cento do orzamento cando con vostedes nas deputacións non chega nin á metade, ¿non?

Ben, en fin, todo isto serviría para facer un contrafactual de que estaría pasando se a xestión pública dos orzamentos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...fose... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* —segue, segue falando a señora Rumbo. Hoxe... —... *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Son escaramuzas de ambos os grupos, pequenas escaramuzas.

O señor PUY FRAGA: En fin, non hai que facer contrafactual, hai que ver o que fixo o Bipartito e o que fai o Goberno de Sánchez, apoiado polo Bloque. E a verdade é que ese non é un contrafactual, é máis ben un relato de temor polo que poida vir, porque van vir tempos complicados —se non, ao tempo— cando veñan as normas de estabilidade fiscal.

Señor conselleiro, noraboa pola execución exemplar do ano 2022.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Peche da comparecencia, conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Tentemos rematar con educación este debate. Como saben, eu aprecio moito as súas aportacións, as súas achegas e sempre estimo que paga a pena telas en consideración, témolas en conta. Pero tamén é certo que, cando se din algunhas cousas que non se corresponden coa realidade, pois hai que poñelas de manifesto, e tamén cando se interpretan dunha forma distorsionada os datos das estatísticas oficiais, que non deben poñerse nunca en dúbida —nin os do INE nin os do IGE, nin de ningún instituto estatístico oficial—.

Chámame a atención que critiquen a falta de avaliación dos beneficios fiscais, que critiquen mesmos os beneficios fiscais, pero que non indiquen que beneficio fiscal eliminarían do catálogo de beneficios fiscais que ten a Comunidade. Nin un só beneficio fiscal lles sobra, segundo a súa intervención. *(Murmurios.)* É unha cousa curiosa, ¿non?

Tamén en relación co tema das escolas infantís, evidentemente unha parte das escolas infantís son de competencia municipal, pero a maior parte son as escolas que xestiona o Consorcio da Comunidade Autónoma. E eu tiven que asinar este ano nos orzamentos 54 millóns



de euros adicionais para financiar a gratuidade das escolas de 0 a 3. Por tanto, algo lle custa á Facenda autonómica o financiamento destas escolas infantís.

E, por último, e tamén por alusións —aínda que xa o dixo o señor Puy—, chámame poderosamente a atención a súa afirmación sobre o non gasto dos fondos covid, porque literalmente o informe —non vou entrar en máis debate— di —abro comiñas—: «Os recursos do fondo covid foron aplicados na súa totalidade» —pecho comiñas—. Quen queira entender, que entenda. *(Risos.) (Murmurios.)* Por certo, outras comunidades autónomas, e gobernadas polo PSOE, dedicaron o fondo covid a reducir o endebedamento, como Asturias ou Aragón. Iso si que é para facelo mirar. *(Murmurios.)*

Remato xa salientando que o peche do exercicio 2022... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Que pasou? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Torrado, silencio.

Por favor, imos ter un pouco de calma, ¡home! Estamos acabando xa. *(Murmurios.)* Eu comprendo que isto é cansado, cansino, pero imos aguantar un pouco. *(Risos.) (Murmurios.)*

Veña, por favor, silencio. *(Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, a min tamén, pero eu digo que para eles non, *(Murmurios.)* pero para eles pode que non. Iso é libre.

Ben, continúe, conselleiro, cando queira.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Alégrome moito de que os alumnos do instituto xa abandonaran a sala, porque ás veces o espectáculo de infantilismo que se presencia nesta cámara é realmente preocupante. *(Risos.) (Murmurios.)*

Remato xa salientando... *(Murmurios.)* Perdón, infantilismo e mala educación. *(Murmurios.)* Remato xa salientando que o peche do exercicio 2022 demostra, un ano máis, que este goberno mantén o rigor orzamentario, non só cando presenta as contas, senón tamén cando se rende conta da execución das mesmas.

O resultado do peche de exercicio non só significa bos datos orzamentarios, senón que o máis importante é que esta xestión rigorosa favoreceu melloras e benestar no día a día dos galegos e das galegas. Porque manter a solvencia de Galicia é algo esencial para poder seguir xerando crecemento, emprego e mellores servizos públicos para a cidadanía.



Señorías, sempre dende a prudencia e dende a humildade nunca dixemos que estiveramos nunha boa situación nin que as circunstancias fosen favorables. Todo o contrario. Os datos que lles acabo de expoñer sobre o peche do exercicio 2022 amosan que Galicia o pasado ano mantivo as súas fortalezas cun resultado orzamentario dos mellores do conxunto das comunidades autónomas, nun contexto —como digo— económico moi complicado.

Galicia é unha comunidade autónoma de referencia no control do déficit público. Galicia é a comunidade que menos incrementou o seu endebedamento dende o ano 2009. Galicia, ano a ano, sitúase entre as comunidades autónomas con maior esforzo investidor. E Galicia está sempre á cabeza do pago áxil aos seus provedores. E todo isto combinado co maior reforzo do gasto social da historia da nosa Comunidade Autónoma, destinando nos últimos tres anos máis recursos que nunca á nosa sanidade pública, á nosa educación pública e aos nosos servizos sociais públicos.

Señorías, unha vez confirmado que no ano 2022 Galicia estivo entre as primeiras comunidades autónomas que recuperou a súa riqueza prepandemia, que superou o emprego anterior á crise sanitaria e que segue reforzando a súa converxencia en termos de PIB per cápita, a intención do Goberno galego é seguir executando o actual orzamento tamén co mesmo rigor, para favorecer un crecemento económico sostible, unha maior xeración de emprego, uns mellores salarios, uns servizos públicos de calidade, con maiores facilidades para as empresas —en especial, para as pemes e para os autónomos— e cunha Administración cada día máis áxil, que lle faga máis doado os seus trámites á cidadanía.

Nun momento como a actual a Administración autonómica debe ser máis ca nunca aliada e cómplice de cidadáns e empresas para atender ás súas necesidades. De feito, reitero que, cando levamos consumidos case catro meses do ano en curso, o cadro macroeconómico dos orzamentos para o presente exercicio segue plenamente vixente, cun compromiso de manter a solvencia da Facenda autonómica e tendo en conta que, logo do gasto extraordinario provocado pola pandemia, a Comisión Europea ten previsto a partir do vindeiro ano 2024 retomar as regras fiscais. E todo isto enmarcado nun Plan estratéxico 2020–2030 de Galicia, para que, ano a ano, orzamento a orzamento, poidamos todos xuntos conquistar os grandes obxectivos e retos con crecemento económico e con emprego, en definitiva con benestar para os galegos e para as galegas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Pasamos ao punto cuarto da orde do día.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a contratación pública do Servizo Galego de Saúde

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

No punto 1, da parte resolutiva da iniciativa, débese engadir na primeira liña, logo da palabra «Re-matar ...» a seguinte expresión: «..., no máximo que sexa posible ...»

Emenda de adición.

No punto 4, da parte resolutiva da iniciativa, débese engadir na primeira liña, logo da palabra «Re-matar ...» a seguinte expresión: «..., no maior volume de casos nos que sexa posible ...»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Antes de máis, van permitirme as señorías que lle dirixa un saúdo ao pobo portugués neste aniversario da súa Revolución dos Cravos, que tantas leccións nos deixou, a empezar pola de que o pobo é quen máis ordena. *(Aplausos.)* Polo tanto, hoxe desde aquí, ¡25 de Abril sempre, fascismo nunca máis! *(Aplausos.)*

No pleno pasado interpelabamos o conselleiro de Sanidade para que nos deitara algunha explicación a respecto da cantidade de millóns dos recursos públicos adxudicados a dedo pola Consellería de Sanidade, e non obtivemos practicamente ningunha resposta máis alá de que a lei permite facelo deste xeito. Ás veces hai cousas que poden ser legais pero non son éticas.

E hai unha cuestión que é clarísima, que é que a actuación do Partido Popular na sanidade pública galega é a de —como a película que estivo hai pouco tempo de moda— *Non mires arriba*. Mentres levan a cabo unha política de voadura programada dun ben tan prezado como é a nosa sanidade pública, o Partido Popular pretende que nós non sexamos conscientes de que un meteorito está impactando na nosa sanidade pública. Catorce anos de políticas de deterioración da sanidade pública están a impactar dun xeito gravísimo, levándoa por diante. Esta situación —levámolo dicindo por activa e por pasiva— non é casualidade; non é froito dunha situación puntual e non é froito dun feito illado, senón que é froito das políticas que durante estes catorce anos o Partido Popular estivo implementando.

Vou facer referencia ao último informe do Ministerio de Sanidade sobre estatística do gasto sanitario público do ano 2021, que acaba de facerse público. É unha estatística a respecto do orzamento efectivamente gastado; non o que se pon no orzamento que se aproba, senón realmente o que logo se inviste. É referido ao ano 2021 —insisto— o último fiscalizado. ¿E que di ese informe? Que Galiza é a penúltima comunidade en investimento en Atención Primaria. Pode dicir o Partido Popular o que queira, pero o informe —se non, denunciemos ese informe como non correcto— di que en Galiza se inviste o 11,8 por cento do gasto sanitario, fronte á



media do Estado, que é o 14,2 por cento. Só Madrid inviste menos que Galiza. Dato mata relato. É evidente, ¿non? Di ese informe que Galiza é das últimas en gasto por habitante; é a sexta pola cola. Di que é das últimas en gasto en persoal sanitario, a cuarta pola cola; a cuarta pola cola que menos inviste en pagar ás súas profesionais. E é das últimas en porcentaxe de orzamento sanitario respecto ao PIB; a sétima pola cola.

Polo tanto, estes son os datos. Esta é a realidade, fronte ao relato do Partido Popular, que nos di que non miremos para arriba, que se ocupa en buscar simplemente culpábeis sen asumir a súa responsabilidade.

E, mentres isto acontece na sanidade pública —froito destes datos de baixo investimento, de ter os seus profesionais mal pagados e en condicións laborais precarias—, son millóns os euros que derivan ano tras ano á sanidade privada. Un uso arbitrario do orzamento da sanidade cos cartos dos galegos e das galegas. Millóns de euros que se usan con total discrecionalidade e a dedo, sen a concorrência, publicidade e transparencia pola que se debe rexer a contratación pública, como se dixo tamén hoxe aquí pola mañá no debate do Informe do Consello de Contas. Entre tanto a sanidade pública galega está en situación de emerxencia, hai constante drenaxe de cartos públicos á sanidade privada. Por todas as vías. E o máis grave é que se fai con ocultación e sen transparencia.

É unha evidencia que o Partido Popular é unha máquina de facilitarlle o negocio á sanidade privada e que o obxectivo do Partido Popular na Xunta é facilitar ese transvase dos cartos públicos aos petos das empresas amigas. En moitos casos son multinacionais onde logo vemos que nos seus consellos de administración algúns conselleiros delegados teñen vínculos moi potentes co Partido Popular.

A moción que presenta hoxe aquí o BNG plantexa medidas para rematar con esta situación. Porque esta situación o primeiro que mostra é a falta de programación, a falta de planificación, a falta de anticipación... Porque dicía o conselleiro que isto tiña que ser así pola complexidade do gasto sanitario e tal. Pero claro, se tes que gastar o 80... Eu traía o dato do 75,5 por cento, pero o conselleiro subiuno. Que o 82 por cento, dixo aquí o conselleiro no anterior Pleno, do investimento en contratación do Sergas se faga vía dedo, pois significa que, cando menos, non hai ningunha programación nin ningunha anticipación. E isto podía ser síntoma dun Goberno pouco eficiente, ¿non?

Mais, evidentemente, non se trata diso. Non se anticipa, non se planifica e non se organiza porque non se quere facelo; para así poder xustificar este uso de xeito ordinario de procedementos que tiñan que ser extraordinarios, para poder xustificar esta adxudicación a dedo dun xeito deliberado, para xustificar que o Partido Popular poida facer o que lle dea a gana e, sobre todo, para entregarlle os cartos públicos a quen lle dea a gana, sen que poidan concorrer empresas para presentar as súas licitacións, porque igual teñen ofertas que son interesantes.

¿Cal é a situación? Que no ano 2022, no último ano, 889 millóns de euros foron pola vía de contratos a dedo e negociados sen publicidade. Segundo o conselleiro, 8,2 de cada 10 foron por esta vía. É que hai un aumento continuado e constante do recurso a este tipo de contra-



tación. Non é algo que fose, por exemplo, como dixo no anterior pleno, froito da pandemia, onde unha situación de excepcionalidade obrigou a actuar de xeito inmediato, senón que cada ano esta vía vai en aumento.

Isto non é que o digamos aquí o Bloque Nacionalista Galego, senón que o vén denunciando o Consello de Contas de xeito reiterado —de feito, desde o ano 2013— nos seus informes de fiscalización do Sergas. Di que unha parte importante das contratacións do Sergas evitan a concorrência competitiva, tanto como que a evitan 82 de cada 100 euros.

¿Que di o Consello de Contas? Que o Sergas está a utilizar a autorización de uso temporal; é dicir, que á parte destas contratacións de contratos menores e negociados sen publicidade hai outros mecanismos. ¿Como que? A autorización temporal de uso, como unha forma ordinaria de contratación de forma directa, sen concorrência, publicidade nin igualdade de trato, de servizos sanitarios non concertados. Ademais de carecer das notas de excepcionalidade —é dicir, non xustifican en ningún momento que sexa excepcional e por que é excepcional— e temporalidade, débese engadir que, ao obviarse esta vía, na lexislación de contratos públicos non existe expediente de contratación e, polo tanto, carécese de pregos que regulen a contratación de oferta ou de contratos que establezan e ordenen os dereitos e obrigas das partes. Estou lendo literalmente o que di o último informe de fiscalización do Consello de Contas.

¿Que di tamén o Consello de Contas? Que hai determinados servizos nos que non se emprega ningunha fórmula contractual, absolutamente ningunha, senón que se recorre de forma reiterada á autorización de uso, tal e como acabo de dicir.

Di que hai gastos que obedecerían potencialmente á adquisición de servizos pola vía de contrato menor e que, porén, pola súa dimensión económica e reiteración non poderían ter a dita cobertura de contrato menor nin negociado sen publicidade. Dío o Consello de Contas. Trátase, polo tanto, de gasto orixinado de forma allea ao marco normativo en vigor.

Sigo dicindo, ¿o Consello de Contas que di? Que o quince por cento do orzamento destinado a concertos é utilizado vía fraccionamento de contratos dos importes para dar cobertura ás prestacións, en lugar de tramitar o correspondente procedemento a modificar, de ser o caso, o contacto existente. ¿Que di o Consello de Contas? Que é destacábel o recoñecemento de obrigas en varios centros onde non consta a existencia de ningún marco contractual. Por exemplo: con Quirónsalud Domínguez, 253.000 euros; ou con Povisa, 340.000 euros.

Ben, á marxe xa dos concertos. ¿Que di o Consello de Contas? Que a duración dos contratos para a actividade concertada adoita estenderse mediante fórmulas e cláusulas de interese público, e mesmo mediante a utilización espuria —dío o Consello de Contas— da figura da autorización de uso. Segue incidindo nesa cuestión. ¿Que di o Consello de Contas? Que tal circunstancia pon de manifesto severas carencias á hora de planificar as contratacións, e que emendan acudindo a procedementos excepcionais con carácter que tiña que ser ordinario. ¿Que di o Consello de Contas noutro informe? Que non hai xustificación para colocar equipamento tecnolóxico por valor de 3.330.000 euros pagados con fondos públicos en entidades privadas, como é o caso do Centro Oncolóxico.



Podían dicirlllo igual máis alto, ¡pero máis claro é imposible! ¡Que están facendo un uso escurantismo dos cartos dos galegos e das galegas con total escurantismo! (*Aplausos.*) Esa é a realidade.

Por iso, a moción que presenta hoxe aquí o BNG, extensa, o que demanda non é máis que algo tan revolucionario como información. Demanda que se dea información con luz e taquígrafos de por que se fai esta contratación, por que esa excepcionalidade e que é o que avala esa excepcionalidade. Información no portal de transparencia clara e que se poida fiscalizar; que se poida trasladar a Excel para poder analizar esa información. A moción demanda rematar coas prácticas opacas que denuncia o Consello de Contas. Luz e taquígrafos de como se usan os cartos públicos e que estes cartos públicos vaian destinados á sanidade pública e non á privada. Que se teñan operativos, que se saiba por que se deriva á privada, en tanto os dispositivos da pública non están ao cen por cento do seu rendemento.

Evidentemente, parécenos que son cuestións obvias para reclamarlle a un goberno que sexa o goberno dos galegos e das galegas; non un goberno, como ten demostrado, que é o goberno para facerlle negocio ás empresas amigas. Neste caso, á custa da sanidade, da saúde e da vida dos galegos e das galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Permítame a señora Prado compartir con ela esa sensación de que sempre é un bo momento para mirar para Portugal, pero hai días en que aínda é moito máis alegre mirar para o sur, que máis que un país amigo é unha terra fraternal. Hai días en que é moito máis alegre e hoxe é un deles. Por tanto, permítame compartir con ela e celebrar a súa referencia.

A iniciativa que formula hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego é unha temática que non é a primeira vez que se trata. É unha temática que nós trouxemos con tanto interese como baleiros que nos fomos despois das respostas do Goberno e do Partido Popular no seu momento. Ten que ver con dous problemas que o Consello de Contas detectou con gravidade; algúns deles incluso foron referidos particularmente no debate anterior de maneira sorprendente —por non utilizar adxectivos máis máis duros— polo conselleiro e tamén polo voceiro do Partido Popular. Estes problemas teñen que ver coa contratación, cunha exaxerada utilización da contratación menor e sen publicidade do Sergas xustificada en «que é así»; en que é así como hai que facelo. Será así, pero ningún sistema sanitario autonómico o fai. Fano en moita menor medida todos os sistemas sanitarios autonómicos con respecto aos seus propios gobernos.



Cabe lembrar, como dixo a señora Prado aquí e o conselleiro recoñecía o outro día, que catro de cada cinco contratos sen publicidade que se fan na Comunidade Autónoma de Galicia faíños o Sergas. ¡Catro de cada cinco! ¡É un récord! Iso si que é unha maioría absoluta, e o demais son historias.

Ademais é que si que segue faltando na contabilidade saber que pasou e onde foron 159 millóns de euros que o Goberno do Estado derivou a Galicia por criterios sanitarios pero que Galicia non gastou no ámbito da Sanidade. A xustificación sorprendente do señor conselleiro foi que si que se gastaron. Pero ninguén discute que se gastaron; a cuestión é que non se gastaron en Sanidade, que iso é o que ninguén quere admitir. É certo que dixo aquí o señor Corgos que había comunidades incluso que se atrevían a gastalo pagando endebedamento, que foi exactamente o que dixo a directora xeral de Orzamentos que se fixo en Galicia: pagar endebedamento.

O señor Corgos criticou aquí hai quince minutos e quixo facer burla de algo que a súa directora xeral de Orzamentos dixo que el estaba facendo. Eu non sei se o señor Corgos non se entera ou ten a cara demasiado dura, pero iso é o que dixo aquí. Pretendeu facer burla de algo que o seu propio goberno fai e o seu propio goberno recoñece. Cento cincuenta e nove millóns de euros que foron destinados a Galicia por criterios sanitarios, pero que se gastaron noutra cousa. Segundo algunha parte do Goberno, gastáronse en pagar débeda pública. Iso é o que lles interesa a sanidade; pagar débeda para facer campaña e a sanidade que se amaíña soa. Este é o seu criterio.

En todo caso, sobre estas cuestións de ineficiencias nós —que compartimos a idea que formula o Bloque Nacionalista Galego e, como dicimos, temos plantexado aquí— introducimos dúas emendas menores, como pode comprobar a propoñente. Estas emendas pequenas comparten o espírito da norma, pero intentando non ser absolutistas nas cuestións. Porque cremos que hai que ir a reducir o número e o volume de contratacións menores ao mínimo posible, pero que é realista asumir que non é posible limitalos a cero. Creamos que as cuestións que sexan dogmáticas necesitamos, polo menos, admitir que hai unha parte delas, incluso a derivación dalgunhas contratacións ao sistema privado.

Por exemplo, hoxe en día, aínda que nós somos partidarios de que se reverta o sistema de ambulancias ao sistema público, mentres iso non ocorra necesitamos seguir contratando. Aínda que nós somos partidarios de revertelo. Polo tanto, digamos que compartimos o espírito no que á concreción e ao pragmatismo da idea se refire, pero introducimos nada máis que unha apreciación de «ata o máximo posible», que agardamos que poida ser aceptada.

Pero, en todo caso, este debate é o espello dunha consellería que está entre perda e á deriva; unha consellería caótica, desaparecida xa ultimamente e amortizada polo propio Goberno. Eu creo que o propio Goberno de Galicia asume que a Consellería está noqueada. Teño a sensación de que, se non fose porque hai eleccións moi pronto, esta consellería estaría relevada. Iso é o que a salva. Lamentándoo no plano persoal, pero creo que isto é evidente. E incluso foi contestada polos seus recentes acordos polo propio Goberno. Esta fin de semana o vicepresidente da Xunta advertíalle con palabras moi serias ao conselleiro de Sanidade que ollo cos acordos da chequera. Advertíao a través dun medio de comunicación nunha entrevista



de que non se poden solucionar os problemas a base de darlles cartos a uns, porque quérenos todos. Entón, se van ter este tipo de discusións, polo menos acorden antes.

Eu podo discrepar dos criterios que vostedes manteñen, como é lexítimo. Vostedes poden manter os criterios que teñan, pero para non entrar nun problema de discusión intenten ter un só; sexa o que sexa. Pero non utilicen diferentes voces do Goberno para defender que hai que chegar a acordos financiando, que non hai que chegar a acordos pagando, que hai que contratar máis, que hai que contratar menos ou que hai que pagarlle máis aos profesionais ou que hai que pagarlles menos. Utilicen un só criterio, e se non son quen de utilizar ningún polo menos non toquen nada e non rompan nada ata que poidan saír do Goberno.

Pero esta é a evidencia: é un sistema absolutamente ineficiente, unha consellería que está perdida. A realidade superou esta consellería. Non é unha consellería fácil de xestionar, isto é evidente, pero perdeu o rumbo e vai absolutamente á deriva. Nós o que plantexamos é que, ante iso, é moito mellor que polo menos atendan as reivindicacións que se fan xa non só dende os grupos da oposición —que tamén—, senón dende os colectivos dos traballadores e dende os profesionais sanitarios. Porque nestes días, nestas últimas semanas vimos como esta consellería noqueada en realidade tivo diante profesionais que reivindicaban melloras do sistema sanitario público.

Quero lembrar que o conselleiro dixo, primeiro, que non lle importaba. Logo, cando viu que lle importaba, xa dixo que lle importaba pero que non negociaría. Cando viu que tiña que negociar, dixo que negociaría pero non cedería. E cando tivo que ceder entón empezou a dicir que só querían cartos. Ao final chegamos ao que chegamos nestes últimos días: a cerrar un acordo baseado en cartos que en realidade non ten nada que ver coas reivindicacións dos profesionais.

A Consellería busca titulares, pero non solucións. Hai unha chea de profesionais de todas as categorías laborais do eido sanitario que demanda unha consellería máis eficiente e que demanda unha consellería que escoite e que entenda que está pasando. Están demandando un sistema público máis eficiente do que temos, que é un sistema que funciona grazas aos profesionais e a pesares dos dirixentes. Demandan tempo, demandan calidade, demandan recursos materiais e demandan xestores que sexan capaces de organizar. Non están pedindo cartos para si, que é o único idioma que entende esta consellería e este goberno; intentar comprar vontades. Iso pode funcionar nalgún punto concreto ou nalgún lugar concreto con algunha xente concreta, pero non co conxunto dos profesionais sanitarios, como noutras ramas tampouco ocorre.

Nós estamos nesa reivindicación. Por tanto, cremos que a ineficiencia da Consellería vai tamén enriba do problema dos usuarios, dos sanitarios e da incapacidade de organizar un sistema que é complexo, pero que necesita dun pouco de ímpeto, de interese e de empatía que agora mesmo non está en ningún sitio.

Nada do que se vén facendo nos últimos tempos resolve ningún problema de atención primaria. A compatibilidade público-privada non resolve ningún problema da atención primaria. Subir as gardas un euro non resolve ningún problema deses. Ningún dos problemas do



sistema se resolve con acordos puntuais para intentar saír dun problema. ¡Ningún deles! E, por tanto, nós non estamos nesas outros intereses e non estamos en cuestións tan menores; estamos en defender o sistema sanitario público e por iso nos alegamos de que exista unha mobilización clara, que vostedes coñecen e que non son capaces de parar, dun sistema que lles está dicindo que son absolutamente ineficientes.

Polo tanto, nós si que defendemos todas as cuestións que teñen que ver coa eficiencia do sistema; tamén coa súa xestión sanitaria. ¡Ai deses 159 millóns de euros que vostedes gastaron noutra cousa! ¡Ai deses 159 millóns de euros que a vostedes lles pareceu que eran máis importantes noutro lugar! Segundo a súa directora xeral de Orzamentos, en pagar débeda pública; segundo o seu conselleiro de Facenda, noutra cousa. Que se poñan de acordo; un criterio, por favor. Pero, ¡ai de todos eses cartos que poderían estar hoxe en máis recursos e mellor organización, en máis servizos para os comarcais e en máis profesionais de categorías distintas ou en ampliar os equipos multidisciplinares! ¡Ai de todas as solucións que están enriba da mesa e que vostedes non entenden ou non queren entender!

Este é un Goberno que busca inimigos en vez de buscar complicidades e que busca titulares en vez de solucións. Por tanto, cando non ten iso o único que fai é intentar vir aquí dicir que os demais somos alarmistas, somos uns problemas, somos un desastre, que non entendemos nada... E resulta que o Goberno está dicíndolle a todo o mundo que non entende nada. A ver se vai ser que o Goberno é o que non se está enterando de nada.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: Agora vaime permitir, señor presidente, que empece compartindo as felicitacións ao pobo portugués. Eu creo que a chegada da democracia sempre é un acontecemento feliz e cando lle pasa e o celebra un pobo irmán moitísimo máis. Así que, felicidades a todos os portugueses no seu día.

E xa centrándome na cuestión que hoxe nos trae aquí, dicía Winston Churchill nunha famosa cita que «un fanático é alguén que non pode cambiar de opinión e que non quere cambiar de tema». E a min, despois das explicacións prestadas polo conselleiro hai quince días nesta Cámara e en dúas ocasións máis anteriormente, resúltame evidente que esta moción só pode ser froito do fanatismo ou da mala fe. Tamén me resulta bastante evidente que vostedes son incapaces de atender a razóns e non queren abandonar a súa campaña de mentira permanente sobre a sanidade pública galega.

Porque o señor Comesaña non só deu explicacións legais sobre a modalidade de contratación menor, senón que tamén se afanou por explicar a súa necesidade en determinados casos para dotar a nosa sanidade dunha flexibilidade e eficiencia moi necesarias. ¿Por que? Porque esa contratación menor aplícase á compra en mercados cautivos, nos que existe un único ofertante e un prezo previamente taxado polas autoridades públicas.



De feito, o que fixo o conselleiro foi ofrecer datos comparados con outras comunidades autónomas para entender o uso desa contratación menor. Esa contratación menor que o señor Torrado acaba de dicir que as comunidades autónomas non usan: Valencia, 87,3 por cento en Sanidade; Estremadura, 97,78 por cento en Sanidade; Castela a Mancha, 86,47 por cento en Sanidade; Galicia, 82 por cento. Moitos puntos por debaixo de tres comunidades que igual lles soan, porque creo que as tres teñen gobernos socialistas. *(Aplausos.)*

Pero miren, tamén empregou algún exemplo o concelleiro coa contratación menor dalgúns gobernos municipais: Compostela, 99,86 por cento; A Coruña, 96,52 por cento; Pontevedra, 98,74 por cento. E claro, eu, mirando isto, teño que facerlle unha pregunta á señora Pontón... Non sei se ela vai cesar por mentireira a señora Prado ou se cesa o señor Lores por corrupto. Pero o que non poden é aplicar un criterio, facer o contrario alá onde gobernan e despois vir aquí dar clases de coherencia. Iso si que non pode ser, señorías.

Vostedes, en nome dunha falsa transparencia, exigen que se ralentice a compra de fármacos e material sanitario imprescindible para atender doentes e salvar vidas. Imos deixar isto ben claro. Compras de material en fármacos, que evidentemente son moi abundantes no volume de contratos, pero moi baixas na contía dos mesmos. Explicóullelo o propio conselleiro: o trinta por cento deses contratos son de menos de cincocentos euros; o corenta e un por cento, de menos de mil euros; e o setenta por cento deses contratos son por debaixo de cinco mil euros. Pero, ¿que corrupción cabe neses contratos? ¿que escurantismo? ¿Que broma é esta? A realidade é que se están contratando dende un catálogo de sesenta mil referencias, corenta e dous mil produtos sanitarios e dezaseis mil medicamentos que cada hospital ten que contratar segundo as súas propias necesidades e da demanda dos seus doentes.

Son, en fin, creo que bastante sinxelo de entender. Pregunto: ¿queren vostedes que o Sergas inicie complexos procedementos administrativos para comprar un fármaco que só pode ofrecer un proveedor e cuxo prezo está taxado polo Ministerio de Sanidade ¿Queren facer iso? ¡Pois vaian ao hospital, díganlles aos doentes e díganlles aos profesionais que teñen que esperar a recibir eses medicamentos ou esas novidades terapéuticas porque vostedes non se fían dos médicos que fan esas contratacións e que piden eses medicamentos! Pero vaian ao hospital e díganllelo. E díganlles o que teñen que esperar e que van facer unha licitación pública para un medicamento que só pode ofrecer unha firma e que ten un prezo previamente taxado.

¡Deixen de enganar os galegos! A demagogia ten que ter un límite, e eu creo que ese límite debería ser polo menos a saúde dos galegos. Non todo vale, señorías. E hai que dicilo: cada euro, cada compra, cada contrato, cada céntimo de gasto sanitario está debidamente fiscalizado. Dicir o contrario simplemente é mentir, e quero deixalo aquí ben claro.

Mire, señoría, o problema —o problema real, quero dicir— é que vostedes están inmersos nunha campaña de demagogia que é incompatible coa verdade, é incompatible coa súa propia forma de gobernar e incluso é incompatible coas súas propias promesas electorais. Señorías, ¿como é posible que veñan aquí —creo que ata en tres ocasións— pedir a centralización de compras ao mesmo tempo que están propoñendo que se creen xerencias de primaria con capacidade orzamentaria propia? ¿Como é posible? ¿Como se pode defender ao tempo unha



cousa e a contraria? Pois pódese, porque o fai o BNG. ¡Ao resto do mundo mundial caeríalles a cara de vergoña de exixir unha cousa e propoñer exactamente a contraria! Imos ser un pouquiño serios. (*Aplausos.*)

Viven vostedes en permanente contradición, tentando presentarse como adalides da sanidade pública cando a realidade —e díxenllo aquí e repítolles hoxe— é que nunca a sanidade privada se beneficiou máis dos cartos públicos que cando gobernaron Galicia socialistas e nacionalistas. En catro anos aumentaron os concertos coa privada nun cincuenta por cento. Os concertos co Partido Popular o único que fixeron foi reducirse, señora Prado.

(*O señor Pazos Couñago amósalles un gráfico aos membros da Cámara.*) Señora Prado, isto tamén está no Consello de Contas e no informe da Conta xeral. ¿Sabe onde? Na parte que vostede se nega a ler sistematicamente, pero aí está. Polo tanto, falan de protexer o sistema sanitario público os maiores privatizadores. No BNG non sorprende nada. Pola mañá falounos tamén de innovación unha parlamentaria que leva vinte anos dando exactamente o mesmo discurso nesta Cámara, co cal no BNG xa non sorprende absolutamente nada.

Mire, blindaron vostedes o concerto con Povisa, que hai que dicilo. Blindárono vostedes e firmaron algo máis; firmaron un documento que dicía que o novo hospital de Vigo —ese ao que non foron vostedes capaces de poñer nin un ladrillo— tiña que condicionar o seu deseño a que non se provocase a perda de negocio de Povisa. E agora veñen aquí pedir que se expropie Povisa. Hai que ter a cara de cemento armado, ¡de cemento armado! E non se rían señorías; é moi serio. Puxérono por escrito. Asinouno a conselleira, asinárono os sindicatos, asinouno o xerente de Povisa e o representante da patronal. Iso si que é como entenden vostedes a sanidade pública na área de Vigo, por poñer un exemplo.

Incluso veñen aquí acusarnos a nós de maltratar o persoal público cando vostedes recortaron o salario de todos e cada un dos axentes do persoal sanitario público en Galicia por un valor de cincuenta e sete millóns de euros. Pero non para un ano, eh; ¡para toda a vida! Foron vostedes os que recortaron o salario dos traballadores da sanidade pública e de todos os traballadores públicos de España. E aínda temos que ver aquí como van á cabeza da manifestación sostendo pancartas en defensa do emprego público. ¡Non teñen vergoña! Non teñen vergoña e teño que dicírllelo así.

Fronte a iso, ¿que temos nós? Pois un dos cadros de persoal en sanidade pública máis estables de toda España e dende logo moi por debaixo da media. (*Risos.*) Claro, claro a vostedes dálles a risa. Total, ¿que saberá disto o Ministerio de Sanidade? Disto sabe a súa señoría, que ri como fai sempre. Cando non teñen un só argumento o que fan é rir. É unha risa do ridículo, señorías; non é outra cousa. (*Aplausos.*)

Mire, a súa desconexión da realidade chega a tal punto que unha deputada que se converteu na insultadora oficial do BNG nesta Cámara atreveuse nesa interpelación a dicir que se sentía ofendida polas palabras do conselleiro. ¡Que a insultara a ela! Eu estiven buscando no Diario de Sesións e non atopei un só insulto do conselleiro. Home, dela si. Porque estamos falando da mesma persoa que chamou «panda de psicópatas» ao Goberno de Galicia e que se atreveu a dicir que había un grupo de médicos na sanidade pública galega que pedían probas innecesarias a saben-



das de que eran innecesarias para atrasar as listas e non sei que zarandaxas máis. E vén aquí facerse a ofendida. E aínda non pediu desculpas, nin a lideresa da oposición llas exixiu. Porque despois vimos aquí pedir para os demais educación, silencio, moderación e tranquilidade. Pero, iso si, se alguén chama ao Goberno lexítimo de Galicia «panda de psicópatas», (*O señor Pazos Couñago fai xestos e sons de aplaudir.*) aplauden todos. ¡Tiña que caerlles a cara de vergoña!

Miren, señorías, a realidade é que non hai nin un só dato —¡nin un!— que amose que este goberno mellorou a produtividade da sanidade privada en Galicia. Incluído, por certo, porque agora dálles por dicir: «isto é que non..., o gasto..., que os petos dos galegos teñen que pagar...» ¿Saben cal era a penetración do seguro sanitario privado en Galicia con vostedes? Eramos a sexta comunidade de España con máis seguro privado co BNG e co PSdG no goberno; hoxe somos a décimo terceira de dezasete.

¡Deixen de mentirlles aos galegos! Deixen de predicar exactamente o contrario do que fan. Non coa. Dino os barómetros sanitarios e, dende logo, dino os galegos cada vez que son convocados nas urnas. E eu dígolles unha cousa: espero que o próximo día 28 a vostedes os baixen unha vez máis á realidade, porque Galicia nin a pisan nin a coñecen. (*Murmurios.*)

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

Grupo autor da moción. Señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moitas grazas, señor presidente.

¡Que curriño, señor Pazos! Vostede é a vedete que calquera querría no seu espectáculo. ¡Magnífico! Como vedete, magnífico. Agora, non di unha verdade nin por casualidade. (*Aplausos.*) ¡Nin por casualidade! (*Murmurios.*) É que non sei por onde empezar, sinceramente. (*Murmurios.*)

Obvian unha cuestión, que son os informes do Consello de Contas, que é un órgano estatutario creado por este Parlamento e que fiscaliza as contas da Xunta de Galiza. É que non trouxo aquí ningún dato do Consello de Contas que desminta todos aos que fixemos referencia. ¡Nin un só! ¿Por que? Porque non os teñen. ¡Non os teñen!

(*O señor Pazos Couñago mostra á Cámara un gráfico desde o seu asento.*)

O conselleiro insistiu no mesmo tal: «es que los contratos menores negociados sin publicidad son legales». Claro, é que se non estaría no trullo. Evidentemente, claro, son legais. E di que son «contratitos menores». ¡Oitocentos oitenta e nove millóns a dedo no ano 2022! Di que o trinta e cinco por cento son de contía baixa. E o outro sesenta e cinco por cento, señor Pazos, ¿que pasa con el?

Mire, son cuestións menores imposibles, porque hai que contratar o que é unha cuestión farmacéutica, un mercado cautivo e todas estas cousiñas. Xa lle dixen no anterior pleno que



o orzamento total de farmacia dos hospitais —sacando as receitas, que esas non hai que ir compralas, ¿verdade?— son catrocentos e algo millóns de euros. Terían que gastar o dobre do que se inviste en farmacia para xustificar todos eses contratos menores. ¡O dobre! Ou sexa, que ¿é imposible planificar nada da compra farmacéutica? ¿É imposible facelo? Non, claro que é posible; o que pasa é que se o planifican e se non son contratos a dedo non poden facer esta cuestión de que llos adxudican a quen lles dá a gana.

Pero, hai máis. ¿Que di o informe do Consello de Contas? Que pola vía de contratos menores, por exemplo, o hospital médico El Carmen de Ourense, 2.143.000 para concertos. ¿Onde está a farmacia? Non, para concertos, para prestación sanitaria. ¿É imposible planificala? ¿Non se pode sacar a licitación? ¿Hai que levala pola vía dos contratos menores sen publicidade, a dedo? Home, por favor, podo seguirille... Outros 1.145 para o mesmo. (*Murmurios.*) Podemos falar de contratos sen ningún sustento contractual para Povisa, por exemplo, e para Quirón. ¿Podemos falar diso? ¿Podemos falar de máis de tres millóns de euros de tecnoloxía colocada con cartos públicos nun centro privado? Se quere, sígolle. Iso non é farmacia; iso é un uso discrecional dos cartos públicos feito polo Partido Popular para as empresas amigas. (*Aplausos.*) ¡Esa é a realidade! (*Murmurios.*)

Igual que a realidade é que vostedes non queren que se saiba o que pasa. Traemos aquí insistentemente iniciativas pedindo información, pedindo que se actúe con luz e taquígrafos. ¿Por que o Partido Popular se opón sistematicamente? ¿Por que, señor Pazos? (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, pero perdeu unha oportunidade estupenda de dicir por que se opoñen sistematicamente a que teñamos información. Por que se opoñen sistematicamente a que saibamos ou a que xustifique por que se fan concertos con entidades privadas cando non está demostrado que non se poden facer na sanidade pública. E iso tamén o di o Consello de Contas; que non hai xustificación de por que non se poden facer na sanidade pública. (*Aplausos.*)

¿Por que se nega o Partido Popular a que se faga unha auditoría do concerto con Povisa? ¿Por que se nega a que se saiba como se invisten case cen millóns de euros ao ano? Que usan eses cartos tamén para dar actividade privada con cartos que teñen que ir destinados á pública. ¿Por que se negan? E deberían xustificalo, deberían xustificar por que.

Se non teñen nada que ocultar e se todo é tan fantástico, ¿por que non votan a favor de luz e taquígrafos? Porque, evidentemente, teñen moito que ocultar. Teñen moito que ocultar porque —insisto— o Partido Popular na Xunta de Galiza é unha auténtica máquina de facilitarlle o negocio ás empresas privadas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

E iso é exclusivamente o que xustifica a súa posición. Por iso votan en contra de dar información, en contra de que saibamos canto derivan, en contra de que haxa un portal onde se poidan trasladar os datos para poder usalos. Porque son cento cincuenta e pico mil contratos e non permite trasladalos a ningunha... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, claro, de uno en uno. Si, si, si. Pero, ¿por que teñen algún problema en modificar o portal de contratos para que poidamos trasladalos e poder con eles facer un estudo de a que empresas, por que contías e onde se acumulan? ¿Por que? ¿Por que non queren facelo? Porque ese portal de supervisión, a Oficina Independente de Regulación e Supervisión á que fixo referencia o conselleiro, que dixo que cumpre a legalidade... O que non dixo é que ese mesmo portal di



que non é posible exportar o resultado en formato aberto e reutilizable; non é posible traballar cos datos. Iso tamén o di ese portal independente.

Señor, ¡ten un tic! O señor Pazos ten un tic, leva toda a miña intervención facendo isto arriba e abaixo. *(A señora Prado Cores sobe e baixa ambos os brazos mentres terma de documentos.) (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben e fai xestos.)* Non sei, el que tanto se queixa... É divertido. O que eu digo: para o Club da Comedia non ten prezo, señor Pazos. ¡Por favor! Vai necesitar ir ao fisioterapeuta, con este arriba e abaixo. *(Risos.)* Porque é que, de verdade... *(Aplausos.)* Por outro lado, para sacar bíceps pode ser un exercicio moi interesante. *(Risos.)*

Para rematar, eu agradezo o voto favorable manifestado polo Partido Socialista. E, con respecto á súa emenda, vanme permitir unha transacción. Porque eu pido que se remate con esta práctica e o que di o Partido Socialista é «no máximo que sexa posible». O Partido Popular di que «no es posible en ningún caso». Entón, vanme permitir que sexa «salvo naqueles casos que haxa xustificación documental de que non se poida facer doutro xeito». Porque, claro, para eles nunca é posible. É dicir, *la lei se lo permite, entonces ancha es Castilla.*

A sanidade pública esmorecendo, os profesionais da sanidade pública galega dos peor pagados —os cuartos—, na atención primaria dos segundos pola cola, pero cartos a mansalva para a sanidade privada. *(Murmurios.)*

Por se había algunha dúbida, todo que ocultar. O Partido Popular négase sistematicamente á información porque teñen moito, moito que ocultar. Porque son unha máquina de facerlle negocio á sanidade privada. Isto é o que hai. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas, catro da tarde.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta e oito minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Antes de nada, debo comunicar o aprazamento da moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que figuraba na orde do día como punto segundo. Foi solicitado o seu aprazamento e, polo tanto, continuamos coa seguinte moción.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Proponse engadir dous novos puntos que serían o 5 e o 6 co seguinte texto:

<<5. Remitir periodicamente ao Parlamento galego a información mensual que achega a Consellaría de Facenda e Administración Pública aos Consellos da Xunta do goberno galego.

6. Remitir a información completa dos proxectos europeos solicitados pola Xunta de Galiza ao goberno do Estado que foron solicitados ao abeiro do Artigo 9 e non contestados ou contestados de forma parcial mediante un resumo xenérico que non inclúe información detallada sobre a súa concreción, prazos, desagregación orzamentaria, obxectivos, participantes ou indicadores.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señores e señoras deputadas.

O presidente do Goberno de España, o señor Pedro Sánchez, xunto con outros mandatarios de países gravemente afectados pola covid-19 como foron Italia e Francia, liderou a defensa da necesidade de adoptar un paquete de medidas e de estímulos fiscais a nivel comunitario para asentar a recuperación económica e social sen deixar ninguén atrás.

Así, en xullo de 2020 o Consello Europeo acordou un instrumento excepcional de recuperación temporal coñecido como Next Generation EU, dotado con 750.000 millóns de euros para o conxunto dos estados membros, garantindo así unha resposta europea coordinada para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia.

Os dous instrumentos de maior volume destes fondos Next Generation serían o Mecanismo para a recuperación e resiliencia, dotado con 672.500 millóns de euros, e o Fondo REACT-EU, dotado con 47.500 millóns de euros. O primeiro, o Mecanismo para a recuperación e resiliencia, é o núcleo do Fondo de Recuperación, para apoiar o investimento e as reformas nos estados membros, para lograr unha recuperación sostible e resiliente ao tempo que se promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea.

O Parlamento e o Consello da Unión Europea aprobaron o regulamento polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, a través do que se proporcionan as axudas aos estados membros.

O Mecanismo artéllase a través dos plans nacionais de recuperación e resiliencia, que deben ser avaliados pola Comisión Europea e aprobados polo Consello. O Reino de España conta con 140.000 millóns de euros do fondo do Mecanismo, que se materializarán a través de transferencias e créditos no período 2021-2026. O dito financiamento canalízase



a través dunha axenda de investimentos e reformas estruturais deseñadas polo Goberno central.

Esa axenda de investimentos denomínase Plan de recuperación, transformación e resiliencia. O Plan de recuperación, transformación e resiliencia é o instrumento polo que se canalizan os fondos Next Generation EU e os REACT-EU. Xa que logo, sen estes instrumentos estes fondos non chegarían. Pois as actuacións do Partido Popular, coa complicidade do Partido Popular de Galicia, durante estes tres anos foron boicotear e intentar por todos os medios que estes fondos non chegasen a España e, polo tanto, que non chegasen a Galicia.

Tiro de novas e tiro de hemeroteca: *(A señora Rodríguez Rumbo vailles amosando unha serie de documentos aos membros da Cámara ao tempo que os vai lendo.)* «El PP anuncia su voto en contra de la convalidación del Real decreto sobre los fondos europeos y complica su aprobación. Votarán en contra para la ejecución del Plan de recuperación, transformación y resiliencia que establece las disposiciones generales precisas para facilitar la programación, presupuestación, gestión y ejecución de las actuaciones financiadas con fondos europeos.» «Fotos, cartas, informes y reuniones. Todas las maniobras de Casado en Europa para impedir la llegada de los fondos europeos.» «Casado acusa a Sánchez de mentir a Bruselas para recibir los fondos europeos.» «Bruselas le recuerda al Partido Popular de Casado que España recibe fondos de recuperación porque los objetivos se cumplen.» «Bruselas avaló otra vez el reparto de los fondos.» «El PP insiste en la ofensiva contra el reparto de los fondos europeos a pesar de que Bruselas desoye sus quejas.» «Casado retoma desde Bruselas su ofensiva contra el reparto de los fondos europeos.» «Casado lleva a Bruselas su ofensiva contra Sánchez por los fondos europeos en la Unión Europea.» «El Gobierno pide el tercer pago de los fondos europeos por 6.000 millones de euros.»

Polo tanto, señoras e señores deputados, reafirmo a miña afirmación. Se polo Partido Popular e polo Partido Popular de Galicia fose estes fondos, esta vacina económica e esta oportunidade extraordinaria, que supoñen xa para España máis de 160 millóns de euros, nunca terían chegado a España. *(Aplausos.)* ¡Nunca terían chegado a España! ¡Nunca terían financiado máis de 190.000 proxectos en todo o territorio por valor de 23.300 millóns de euros. Nunca o corenta e cinco por cento dos beneficiados das convocatorias resoltas, que son empresas, terían recibido o 31 de decembro de 2022 máis de dez mil millóns. Xunto cos centros de I+D+i representan o cincuenta e cinco por cento dos beneficiarios das convocatorias.

Se por vostedes fose, deputados e deputadas do Partido Popular que foron cómplices do Partido Popular en Madrid, non terían chegado a Galicia os 2.835 millóns de euros que xa foron achegados polo Goberno do Estado.

Eu comprendo que vostedes sintan a mesma vergoña que sentimos todos os galegos e todas as galegas ao ver o expresidente Feijóo. O que se vendía en España como moderado, o que chegou a Madrid con alfombra vermella para salvar España. E resulta que o seu patriotismo é o mesmo patriotismo do señor Casado: canto peor para España, mellor para o Partido Popular. *(Aplausos.)*

O expresidente Feijóo, o que se sentaba aquí hai uns meses, tamén foi a Bruxelas sementar dúbidas sobre a execución dos fondos europeos e cuestionar as reformas das pensións: (A



señora Rodríguez Rumbo vailles amosando unha serie de documentos aos membros da Cámara ao tempo que os vai lendo.) «Feijóo denuncia ante Von der Leyen la reforma de las pensiones de Sánchez.» «Cinco ataques de Feijóo a la política exterior de España en Bruselas a las puertas de una cumbre.» «El líder del PP siembra dudas sobre la ejecución de los fondos europeos y la reforma de las pensiones.» «El PP de Feijóo se queda solo en la Unión Europea; todos los populares europeos votan a favor de una enmienda del PSOE salvo los españoles.»

Pois ben, señores e señoras, ese señor que se vendía como tan moderado parece que non o era tanto. E vostedes representan ese partido, o Partido Popular, que foi o único partido da oposición na Unión Europea que foi a Europa para que estes fondos non chegasen a España. E tamén foron os únicos que foron criticar a xestión dos fondos europeos en España. (*Murmurios.*) Tivo que saír en varias ocasións...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Tivo que saír en repetidas ocasións, a última despois da visita do señor Feijóo, a presidenta da Comisión Europea, a señora Ursula von der Leyen —e que está á fronte dos populares europeos, é dicir, que é do mesmo partido que vostedes en Europa—, aplaudir unha e outra vez a xestión de España dos fondos europeos. E loxicamente tamén cancelou —creo que aínda non ten data— esa visita que tiña prevista o presidente Rueda coa presidenta da Comisión Europea, e que realmente ía criticar... (*Murmurios.*)

Señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Si, pero eu non podo entrar en pequenas conversas que suceden todos os días aí.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non, xa...

O señor PRESIDENTE: Non vou estar permanentemente niso.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Non, xa sei. Xa sei como é o conto.

O señor PRESIDENTE: Ademais iso tamén me pasa ás veces con vostede, señora Rodríguez Rumbo. ¿Que quere que lle faga?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, señor presidente, xa sei como é o conto; que eu mova os labios ás veces non quere dicir que emita cousas.

O señor PRESIDENTE: Pero eu teño, xa sabe, con vostedes tamén aí un pequeno problema, que ás veces andamos [*inintelixible*]. Por iso, pido comprensión para todo o mundo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Si, si, si ten. Pois non se preocupe.

O señor PRESIDENTE: Claro...



A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pois, como lles dicía antes, a presidenta da Comisión Europea cancelou esa reunión, posto que para ir falar mal da xestión do Goberno de España —o país que está liderando a execución dos fondos e que foi un actor principal para conseguir estes fondos— a presidenta decidiu que tiña outros asuntos máis interesantes e máis produtivos que atender.

A min gustaríame que o voceiro do Partido Popular que saia hoxe aquí nolo explicase, porque eu creo que os galegos e as galegas estamos esperando saber cales son as razóns polas que o Partido Popular votou en contra da lei para a ampliación dos dereitos dos pensionistas. Unha reforma necesaria para recibir o terceiro pagamento, eses seis mil millóns de euros que xa foron aboados a España. Unha reforma que garante o nivel adquisitivo dos setecentos mil galegos e galegas, que conta cun amplo consenso económico, político e social e co aval da Unión Europea. Unha reforma necesaria para que España puidese recibir eses seis mil millóns de euros. Isto supón un incremento para este ano dun 8,5 por cento das pensións de todos os galegos e de todas as galegas, o que supón que a pensión media suba uns cen euros ao mes ou, o que é o mesmo, mil catrocentos euros ao ano.

Porque dende a chegada de Pedro Sánchez ao goberno un xubilado medio en España cobra hoxe 233 euros máis cada mes. E vostedes explicarannos por que novamente o Partido Popular pon o seu partido antes que os intereses dos homes e das mulleres deste país.

Realmente, a presidenta da Comisión Europea ten manifestado en varias ocasións que, grazas ao forte ritmo de cumprimento dos fitos e dos obxectivos, España xa leva recibido tres pagamentos que ascenden a máis de 37.000 millóns de euros, o cincuenta e tres por cento das subvencións previstas no Plan europeo de recuperación. O terceiro destes pagamentos foi avaliado positivamente polo cumprimento dos vinte e tres fitos e seis obxectivos vencellados ao seu desenvolvemento. E materializouse este pagamento correspondente ao 31 de marzo.

O Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España é un programa sen precedentes de investimentos e de reformas, financiado con fondos europeos para impulsar un crecemento económico máis sostible e máis xusto. Ao longo do período plurianual as comunidades autónomas xestionarán ata o cincuenta e catro por cento dos fondos.

Estes fondos xa están chegando á economía real. ¿Poderían ir máis rápido? Probablemente si, pero o despregamento está a ser cada vez máis veloz, fundamentalmente dende o segundo semestre do ano 2022, cun ritmo de convocatorias de 2.000 millóns de euros ao mes. Dos 31.000 millóns de euros recibidos por España, 20.600 millóns de euros asignáronse ás comunidades autónomas para investimentos en ámbitos da súa competencia: en educación, en vivenda, en sanidade ou en políticas sociais. E case cinco mil millóns de euros asignáronse a concellos, para a rehabilitación e eficiencia enerxética de edificios públicos, para zonas de baixas emisións en centros urbanos, para a dixitalización da administración e para andares verdes.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato xa, señor presidente.



Galicia é a quinta comunidade autónoma que máis fondos recibiu. Dende 2021 ata marzo de 2023: 2.427 millóns de euros, máis 441 millóns de euros do REACT-EU. É dicir, 2.868 millóns de euros. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Agradecemos tamén en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego á Presidencia e aos grupos a flexibilidade para o aprazamento da moción anterior.

Ben, eu tiña pensado falar do contido da iniciativa do Partido Socialista, coa que a grandes trazos concordamos e imos votar favorablemente. Mais no debate aconteceu un pouco como na interpelación e converteuse máis nun debate sobre a paternidade e o contexto no que nacen estes fondos europeos. Polo tanto, vou aproveitar tamén para recordar algunha cuestión sobre a posición do BNG neste sentido.

Aínda que compartimos co Partido Socialista o contido estrito —digamos— da moción, discrepamos na lectura que se fai da chegada dos fondos europeos. Aquí case se nos pintou un Pedro Sánchez... Eu estaba no meu escano e imaxinábao case como o Capitán América traendo uns fondos para Galiza sen os cales este país non podería subsistir. Nós negamos a maior: nin o Estado español é un superheroe benfeitor de Galiza nin este país é unha vítima que teña que ser salvada por ninguén. Nós o que pedimos desde o minuto 1 sobre estes fondos foi capacidade de decisión directa desde Galiza. E se xa había ese recurso dentro da Unión Europea, lóxicamente, conforme as nosas características, tiñamos que recibir unha parte.

Xa indo á cuestión concreta, nós ademais indicabamos diante do reto dos fondos europeos que había dous riscos enormes enriba da mesa que tiñamos que ter en conta como sociedade e como país.

O primeiro deles é a súa condicionalidade. Nós dixemos dende o minuto número 1 que estes fondos europeos non ían chegar gratis, nin por parte da Unión Europea nin por parte do Estado español. Agora que xa levamos un par de anos longos debatendo sobre isto e vendo en que se traduce esa chegada dos fondos europeos, vemos que si, efectivamente, é unha cantidade importantísima de recursos económicos. Pero tamén vemos que, efectivamente, acertabamos cando dicíamos que non eran gratuítos e que iamos ter que tragar unha axenda neoliberal imposta a través desas modificacións, desas propostas de reforma dos semestres europeos.

O certo é que faltou tempo para ver como como se facía. Un dos exemplos máis recentes desa liña de menos dereitos sociais e menos capacidade de decisión vímolos hai escasas semanas coa cuestión da reforma das pensións. Unha reforma proposta polo Partido Socialista e por Unidas Podemos que podería ser asinada por calquera goberno do Partido Popular. É unha reforma que consolida os aspectos lesivos da reforma de 2011 e de 2013, que mesmo



amplía ou aumenta o período de cómputo a vinte e nove anos, que non recupera dereitos, que non cumpre o compromiso de subir as pensións mínimas ao sesenta por cento do salario mínimo e que impide resolver cuestións principais como a fenda de xénero, a territorial ou as propias fontes de financiamento do sistema. Detrás desa reforma virán outras. Polo tanto, insistimos: non eran gratis. Esa condicionalidade dos fondos europeos preocúpanos e moito.

En segundo lugar, advertiamos tamén do outro risco enorme que había enriba da mesa. Un risco que sabemos que xa se puxo de manifesto noutros fondos europeos e noutras crises económicas, que é o da recentralización. Advertimos de que iso ía acontecer e aconteceu. Vemos como unha parte importante dos fondos europeos, que fai referencia e que atinxe competencias exclusivas directas da Comunidade Autónoma, está sendo fortemente recentralizada. E advertiamos de que a propia xeopolítica interna do Estado español non ía ser inocua tampouco á hora do repartimento e que baixo ese subterfuxio da cogobernanza habería outros problemas.

O tempo dános a razón. Lamentablemente, hai xa case tres anos tamén chegabamos a un acordo neste Parlamento para que Galiza demandase a xestión directa e o Goberno do Partido Popular non fixo absolutamente nada para conseguilo porque, efectivamente, o Partido Popular de Galiza está feliz canto peor lle vaia no reparto dos fondos europeos a Galiza. Niso si que concordamos co matiz que engadía a voceira socialista. Vaille ben así porque así pode facer oposición ao señor Sánchez. Agora, cando se trata de defender a este país, basicamente —como falabamos hoxe pola mañá— dedícanse a enviar epístolas á Moncloa non sabemos moi ben con que contido, porque hai varias que solicitamos polo artigo 9 e que tampouco nos contestaron.

En todo caso, sobre o marco xeral dos fondos europeos nós seguimos a insistir en que habería que mudar a forma de xestión e de relación neste sentido co Estado; algo que parece que o Goberno do Partido Popular, máis alá de facer o ridículo pedindo reunións que lle cancelan, tampouco está disposto a facer.

En todo caso, con respecto ao contido concreto da moción —como dicía no inicio da miña intervención— concordamos con moitas das cuestións que aquí se inclúen. Elementos como a dación de documentación a este Parlamento ou unha avaliación rigorosa da sociedade Impulsa; esa sociedade de maioría privada, hai que recordar, liderada por Abanca como substantivo propio que foi o chiringuito que creou o Partido Popular para baleirar de contido este Parlamento. Foi creado para baleirar as funcións deste Parlamento ou doutros organismos estatutarios como o Consello Económico e Social e para facer que sexan intereses privados os que coñezan e decidan coñecer e decidir o que debería coñecer e decidir este Parlamento ou algún tipo de foro democrático e plural como o CES, que é cara a onde van ir os fondos europeos.

Desde logo, desde o inicio deste debate, despois da época da pandemia son moitas as iniciativas que levamos traído para pedir transparencia, para pedir protagonismo da sociedade galega á hora de debater para que teñen que ir estes fondos europeos. E realmente o que vemos é que a actitude do Partido Popular foi sempre de absoluto escurantismo. Isto é, ademais —aínda o falabamos hoxe pola mañá— o recurso económico máis grande que ten este país despois do propio orzamento da Xunta de Galiza.



Polo tanto, xa estamos nun nivel de tan baixa calidade democrática neste país que non é que esteamos traendo aquí ao debate que «oian, señores do Partido Popular, o cincuenta e catro por cento de fogares deste país non chega a fin de mes, arbitremos un reforzo das medidas sociais con estes fondos europeos». Ou non estamos dicindo: «oian, tal e como se debatía no segundo punto da orde do día, non chegan vostedes a pasar do 1,1 por cento de porcentaxe de investimento en I+D+i e a pandemia demostrou que a investigación é o camiño; aumenten ese orzamento.» Nin sequera estamos debatendo sobre este tipo de cuestións concretas; estamos debatendo, coa baixa calidade democrática que hai neste Parlamento e neste país, algo tan elemental como que nos manden información. ¡Que nos manden información!

No debate anterior dicíase que había unha cuestión concreta dos propios fondos galegos, que o Estado non remitía a información a Galiza. Nós, dende logo, sempre nos terán demandando que esa información sexa facilitada ao Parlamento galego, á Xunta, aos organismos que sexan precisos. Pero aplíquense un pouco o conto. Por exemplo, na interpelación ao señor conselleiro dicía que unha vez ao mes remitían información sobre a xestión dos fondos europeos do Consello da Xunta.

Pois unha das emendas que presentamos o que fai é solicitar que esa información tamén se remita ao Parlamento galego. Pero tememos que acontecerá como coa información que solicitamos vía o artigo 9 de fondos europeos. Xa o outro día ensinamos aquí que directamente pasaron vostedes de non contestar a —imaxino que— contratar alguén con capacidade de escritura creativa na Xunta para remitirnos algo así como unha especie de resumos de fondos europeos. Xa amosei o outro día algúns aquí; teñen unha carilla e media que é exactamente igual e que nos resume cal é a orixe dos fondos europeos e, despois, por cada un dos proxectos que en teoría remitiron ao Estado o que fan é concretarnos tres ou catro liñas. Nalgunhas nin sequera nos din que organismos van participar neses fondos e das desagregacións orzamentarias simplemente poñen un número máximo de orzamento ao que se aspira. Así, dende logo, xa llelo temos dito e volvemos insistir: se iso é o que remitiron ao Goberno do Estado, non nos estrañaría que eses fondos non cheguen, porque vaia nivel de acreditación do que debe ser un proxecto para este país...

En fin, o do artigo 9 é un absoluto escándalo e a falta de transparencia orzamentaria tamén. O certo é que do que máis coñecemento temos son dos fondos estruturais europeos e xa sabemos o que nos dixo o Consello de Contas: que hai modificacións orzamentarias que desvirtúan o seu destino, que o nivel de execución xeral no último informe ascende ao cincuenta e dous por cento e que sobre o total dos fondos europeos aos concellos só se transfire un 1,97 por cento do total; a cifra máis baixa da serie histórica. Isto dá a entender outra cuestión, que é que canto á capacidade de xestión é o mesmo que canto á capacidade de transparencia: máis ben escasa ou inexistente.

Polo tanto, a nosa preocupación é máxima. Estamos a favor de que se remita toda esa información a este Parlamento e complementamos a solicitude que facía o Grupo Socialista con algunhas cuestións máis. Desde logo, entendemos que iso podería abrir un pouco a luz sobre esta cuestión. Pero non quita o problema de fondo, que é que deberían vostedes rectificar e que, no lugar de decidir sobre os fondos europeos de forma escurantista nun chiringuito montado ad hoc, recuperasen o papel deste Parlamento ou o papel de organismos estatuta-



rios como o CES, que é quen debería estar debatendo sobre como aproveitar un recurso económico extraordinario que outros territorios si que van aproveitar mentres o Goberno galego fai o mesmo que con outros fondos europeos: por unha banda, non se sabe moi ben o que e, pola outra, desaproveitalos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Rodríguez Pérez.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidente.

Señorías, boa tarde.

Antes de comezar a miña intervención, hoxe é un día de angustia para as xentes do mar pola desaparición dos nosos mariñeiros en augas cántabras. Dende este Parlamento e este grupo parlamentario, todo o noso apoio á súa familia e aos compañeiros do Novo Xael e os mellores desexos para toda a xente do mar. (*Aplausos.*)

Señora Rodríguez Rumbo: *por la boca muere el pez*. Vostedes, os socialistas, canto máis falan máis se equivocan ou menten. Agora non se pode dicir esa palabra, pero pódese dicir «faltar á verdade». O peor de todo non é equivocarse; o peor de todo é seguir mantendo a propósito unha mentira sabendo que é mentira. E, cando se descobre esa mentira, pel fina e sensible negando a maior; unha mentira mil veces repetida non se converte en verdade. Pero vostedes practican a teoría de que «mente, que algo sempre queda».

Señora Rodríguez Rumbo, se pode gustaríame que me mirase, levantase os ollos e me prestarse atención cinco minutos; sobre todo para desmontarlle o seu argumentario socialista de manual, que vostede defende con tanta vehemencia: salvemos o soldado Sánchez. ¿Que é o que pretenden?

En primeiro lugar, o Goberno galego, señorías, rende conta periodicamente do grao de execución dos recursos procedentes dos fondos de recuperación. Estes informes conteñen información detallada dos importes a executar por cada consellería por ámbito de actuación do Plan de recuperación. Anímoos a revisar os consellos da Xunta. O que hai é que traballar. Na propia interpelación ao conselleiro de Facenda, deu conta con luz e taquígrafos de todos eses datos; incluso hoxe mesmo.

Vostedes, os socialistas e os nacionalistas, veñen pedindo a través do artigo 9 todos os informes levados ao Consello da Xunta. Xa foron tramitados tres no ano 2022: en setembro, novembro e decembro. Estarían pendentes o de febreiro de 2023, que se habilitará esta semana, e do 13 de abril.

Dos 10.000 millóns de euros xa distribuídos entre as comunidades autónomas dos fondos REACT-EU, a Galicia 441. Estes recursos reincorporáronse aos programas Feder Galicia e Fondo Social Europeo Galicia o 9 e o 13 de agosto do ano 2021.



Neste momento acaba de enviarse á autoridade de xestión os programas de execución da anualidade de 2022. Deste xeito, consideramos que non procede a elaboración dun documento sobre os recursos, ao existir documentos oficiais e públicos que recollen tanto a programación como a execución dos mesmos. E vostedes sábeno. Insisto —e atendan—: son fondos europeos. Aos socialistas cústalles moito dicir «europeos». Fagan un esforzo e repitan comigo: «fondos europeos». (*Aplausos.*) Non se ría, señora Rodríguez Rumbo. Vostede sábéo. Non pasa nada por dicir «europeos»; non son de Pedro Sánchez. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non doe dicir iso; é a realidade. Son fondos que se distribúen a todos os países e non son do Partido Socialista nin están ao servizo dos intereses electorais de Pedro Sánchez. (*Murmurios.*)

Podemos dicir con contundencia que a Xunta os está executando con moita maior proporción do que o fan na Administración xeral do Estado: máis de trinta e unha mil persoas, sete mil autónomos, mil setecentas empresas, dúascentas entidades locais. Non disimulen. Agora falan da empresa... O problema que teñen vostedes, os do Bloque e os do PSOE —a bancada da esquerda—, coa sociedade Impulsa Galicia, ¿saben cal é? Vóullelo dicir: vostedes non cren na colaboración público-privada; as empresas que arriscan o seu propio patrimonio. Sen empresas e sen empresarios o país non medra nin progresa, señorías. (*Aplausos.*)

Vostedes realmente o que son é unha áncora, unha pedra, un morto, un lastre para o crecemento deste país. Son incapaces de recoñecer o traballo da sociedade Impulsa Galicia, que está a ser clave á hora de captar investimentos e socios industriais. Exemplos claros: Altri, Stellantis... (*Murmurios.*) Por favor, cando vostedes falan aquí non se pode oír nin unha mosca... (*Murmurios.*) Teñen que respectar para ser respectados. (*Aplausos.*)

Señorías —que se non escápaseme o tempo e teño que dicir moitas cousas máis aínda—, (*Risos.*) hai máxima transparencia sobre a composición e sobre os proxectos respaldados por esta sociedade, ata o punto de que toda a información pode consultarse na web da sociedade Impulsa e no Rexistro Mercantil, con datos do balance e da composición e as contas adecuadamente auditadas —incluso por unha auditoría externa—. Ademais —e vostedes sábeno—, conta cun código ético que se habilitou dende o primeiro momento. No seu consello de administración aglutina —e non son todos do PP— xente con experiencia e bo facer do mundo empresarial, da universidade, da administración e da vida económica e xurídica da sociedade galega (por exemplo Rosa María Sánchez Yebra, Fernando González Laxe, Amparo Alonso, Santiago Lago etc.), que busca socios industriais implicados.

Pero agora o importante, señorías, é que o Goberno central —o de vostedes, o de Pedro Sánchez, *el guapo*—, (*Protestas.*) que xestiona de xeito centralizado —¿Non é guapo?— (*Risos.*) os fondos Next Generation reaccione e atenda ás propostas que lle realizamos. Vostedes, se queren, poderían botar unha man, incluída a cogobernanza real que vimos... (*Interrupcións.*) Señor presidente... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor RODRÍGUEZ PÉREZ: Bueno, retiro o de guapo; é feo. (*Risos.*) (*Aplausos.*)



Recórdolles aos socialistas, socios preferentes do BNG, que decidiron reservarse o cen por cento dos fondos europeos para a industria; que de preto dos corenta e un mil millóns só están adxudicados apenas o dezaseis por cento. O BNG vén aquí e sobreactúa e fai teatro no Parlamento dicindo que non está de acordo con este modelo. Pero na práctica son socios fieis e mansos do socialismo español. Seguimos agardando que o Goberno de Sánchez cambie de actitude.

Pero, ¿por que gardan silencio á hora de apoiar proxectos como o de Altri e axudan directamente con fondos empresas doutras comunidades? ¿Vostedes cren nas comunidades autónomas? Eu creo que xa o dubido. Eu creo que no PSOE están obsesionados —e repito, obsesionados— con que estes fondos son de Pedro Sánchez e que teñen que poñerlle a medallita e nós temos que darlle as grazas. ¡Pois non, menos medallas e máis pagar! Que hai proxectos tractores en Galicia que levan esperando un compromiso do Goberno de España e que nunca se materializan. Eses cartos están embalsados nun caixón da Moncloa, mentres proxectos fundamentais para o futuro de Galicia que necesitan destes fondos continúan agardando.

Señoría, con este Goberno de Pedro Sánchez —repito— non caben actos de fe, porque isto vai ser que fe é crer o que non vemos; e non vemos os fondos europeos. A propaganda e a ausencia de rigor da súa área económica desmóntanse coa obxectividade dos datos e a frialdade da súa análise. Se os grandes ministerios —ministerios, non misterios— con capacidade investidora como Transportes, Industria, Transición Ecolóxica e Asuntos Económicos son incapaces de xestionar estes recursos e facelos chegar á nosa industria, ás nosas empresas e ás nosas familias que polo menos —señorías, pídolles un favor— non poñan paus nas rodas. Non impidan que Galicia poida facelo, porque demostrou que xestiona con maior capacidade e transparencia. Se non saben, señorías, deixen facelo a quen sabe. Galicia sabe facelo, señorías.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da Moción, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señora Presas, cando vostede fala de contexto e de paternidade, nós cremos que o contexto e a xestión é moi importante. Porque sen esa xestión non estaríamos falando deses fondos, e a iso nos referimos. Sen esa xestión, gústelles a vostedes ou non, non estaríamos falando disto.

Tamén comprendo que vostedes deberían explicar a todos os xubilados deste país, a todos os pensionistas, por que votaron en contra desa suba do 8,5 por cento. Cada un ten que asumir as súas propias responsabilidades. Nós falamos de xestión deses fondos acadados polo presidente do Goberno e vostedes falen dese voto en contra da suba das pensións para os galegos e para as galegas. (*Aplausos.*)



E señor do Partido Popular, señor Moisés —non recordo o apelido, polo tanto... ¡Ah!, perdón, perdón, señor Rodríguez—, vostede fala de que hai uns informes mensuais dos fondos europeos. E eu preguntolle: ¿u-los están? ¿Onde están? Porque, mire, ¡será esa transparencia da Xunta de Galicia, que din que está todo pero que ninguén encontra! Debe estar soamente ao dispor dos deputados e deputadas do Partido Popular. Pero esquecen que a transparencia quere dicir que estean ao dispor de toda a cidadanía galega. ¡De toda a cidadanía galega! Xa non ten turno, pero despois no café pódeme explicar onde están, porque sería un bo tema.

Mire, cando fala de guapos e de feos —eu non me vou referir aos presidentes do Partido Popular (*Murmurios.*)— voulle dicir unha cousa: é unha falta de respecto institucional. Estamos falando do presidente do Goberno. (*Murmurios.*) E este grupo parlamentario cando se dirixe..., (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...sexan guapos ou feos, aos presidentes de calquera comunidade autónoma ou do Estado —gústennos ou non nos gusten; parézannos guapos ou feos— nunca lles faltamos ao respecto. (*Protestas.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pois, mire, o presidente da Xunta de Galicia anunciou hai uns días que a Xunta de Galicia mobilizara —mobilizara, que non executara— o cen por cento deses 1.122 millóns de euros dos fondos europeos recibidos —e tamén o pon así na nota de prensa— do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia. Ese do que vostedes votaron en contra. Ese que é por onde veñen os fondos europeos. Pono aquí, na nota que o Goberno colgou na páxina web da Xunta de Galicia. Nese comunicado di que as dúas terceiras partes deses 747 millóns de euros xa teñen publicada a súa convocatoria e que a metade destes millóns xa chegaron aos seus destinatarios.

Na práctica isto tradúcese en que a Xunta xa está dando apoios grazas a estes fondos, que están perfectamente identificados. Concretamente, falan de sete mil autónomos, trescentas setenta empresas, doce entidades do sector público e máis de vinte e sete persoas físicas e cento trinta organismos públicos entre clústers e asociacións. E ademais tamén din que o noventa e tres por cento dos fondos recibidos destinados a entidades locais, uns sesenta millóns de euros, xa foron executados.

Pois ben, señor Rodríguez e señores do Partido Popular, supoño que votarán a favor desta moción. Porque, miren, o único que lles pedimos é que, se existen eses informes mensuais que parece que só coñecen vostedes, que nos manden un link; cun link chéganos, ou incluso con ese powerpoint que están vostedes acostumbrados a facer. Un documento no que se faga constar como se materializaron os 2.427 millóns de euros correspondentes á Comunidade Autónoma achegados polo Goberno do Estado a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Pedímoslles que elaboren un documento no que se faga constar como se materializaron os 441 millóns de euros achegados correspondentes aos fondos REACT-EU. Que acheguen a este Parlamento a documentación presentada



pola Comunidade Autónoma para participar nos oito dos doce PERTE propostos polo Goberno do Estado. E pedímoslles que elaboren un informe sobre a sociedade para o desenvolvemento de proxectos estratéxicos de Galicia, esa sociedade Impulsa que só vostedes coñecen.

Porque se van á páxina web o que aparecen son xeneralidades, e este grupo parlamentario fixo unha pregunta en comisión e a resposta que tivemos foi o mesmo: xeneralidades. E nós o que queremos é documentación e información; entre outras cousas, porque o Goberno galego ten a obriga de facilitarlles aos grupos da oposición esa información e esa documentación.

Pois mire, señor Rodríguez, o que lle estaba comentando antes é que se tanta transparencia ten o Goberno que nos diga onde se publican eses informes, onde se poden consultar e onde está publicada toda esta información. E esperemos que cumpran o mesmo que fai o Goberno do Estado, que ten conferencias sectoriais, comisións técnicas, reunións das mesas de diálogo, comparecencias, consellos consultivos sectoriais, trámites de consulta pública, manifestacións de interese, intercambios de cartas —desas das que falaban vostedes, esa comunicación epistolar— e máis de trinta e cinco reunións bilaterais coas comunidades autónomas. Eu espero, señor Rodríguez, que vostedes nos fagan chegar ou —evidentemente— que aproben esta moción, que non pide nada absolutamente raro.

Por certo, imos aprobar a emenda que nos presenta o Bloque Nacionalista Galego, posto que entendemos que amplía as peticións que facemos nós a través desta moción. E se vostedes están tan de acordo con esa lei de transparencia e bo goberno que se aprobou nesta Cámara, o que se pide é que estea a documentación e a información ao dispor non só destes grupos —que pedimos moitas veces polo artigo 9 ou a través de preguntas que nunca son respondidas ou que como moito tardan unha hora—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...senón que teñen a obriga de telas ao dispor de toda a cidadanía. Así que cumpran o que legalmente lles corresponde.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Foi feita unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista.



Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, sobre a contratación pública do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.*

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativa.

En consecuencia, queda rexeitada esa moción.

O señor PRESIDENTE: *Continuamos co punto 5º da orde do día, proposicións non de lei.*

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Rey Varela e dezanove deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar o Goberno galego para lle pedir ao Goberno de España que poña en marcha con carácter prioritario as accións necesarias tendentes ao fomento e á reactivación económica da zona de Ferrol, coa modernización das instalacións e das infraestruturas ferroviarias

O señor PRESIDENTE: *Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Ramón Fernández Alfonso, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Proponse engadir o seguinte texto ao final da parte resolutiva:



«Así mesmo, o Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1. Cumprir as súas promesas de solicitar a entrada no Consello de administración de Navantia e de potenciar un centro de reparacións en Navantia Ría de Ferrol.
2. Constituír en Ferrol un Centro tecnolóxico do Sector naval de carácter permanente, aproveitando o persoal e a experiencia acumulada nas sucesivas UMI NAVANTIA-UDC rematando coa súa inestabilidade e coa perda sistemática de talento.
3. Realizar un estudo integral da situación da ría na liña indicada polo estudo que ven de presentar a Estación de bioloxía mariña da Graña (USC) para determinar con detalle as causas do colapso produtivo e as medidas necesarias para a súa rexeneración.
4. Colaborar co Concello de Neda para elección do mellor sistema de saneamento para as augas residuais, así como para a realización das obras necesarias para executalo, dando solución definitiva ao problema do saneamento na ría de Ferrol eliminando os vertidos que aínda existen na actualidade. para executalo, dando solución definitiva ao problema do saneamento na ría de Ferrol eliminando os vertidos que aínda existen na actualidade.
5. Atender as reivindicacións da Plataforma por un transporte público digno Ferrol e comarca. 5. Atender as reivindicacións da Plataforma por un transporte público digno Ferrol e comarca.
6. Rehabilitar o IES Concepción Arenal nos termos reclamados polo seu equipo directivo. 6. Rehabilitar o IES Concepción Arenal nos termos reclamados polo seu equipo directivo.
7. Declarar Zona de Especial Necesidade de Rehabilitación a casa natal de Carvalho Calero e as parcelas necesarias para desenvolver o proxecto de recuperación co fin de destinala para os usos dotacionais que o barrio necesita.
8. Realizar a ampliación do Centro de saúde Fontenla Maristany.
9. Recuperar para a xestión pública o Centro de Atención a Persoas con Discapacidade Souto de Leixa».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Colaborar co Goberno do Estado para executar o máis axiña posible os investimentos acordados e previstos nos Presupostos Xerais do Estado e nos PERTES aprobados para Ferrol e a súa comarca.



2. *Informar e axudar aos concellos incluídos no programa de Transición xusta a elaborar os proxectos e axilizar a sinatura de convenios.*

3. *Dotar orzamentariamente e con prazos as obras comprometidas por parte da Xunta de Galicia no Pacto de Estado por Ferrol.*

4. *Colaborar co tecido produtivo de Ferrol e da súa comarca, asesorando ás pemes para acceder ás axudas convocadas a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.*

5. *Empregar o Igape como un verdadeiro instrumento de promoción empresarial, achegándose ao tecido produtivo de Ferrol e da súa comarca».)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, moi boa tarde a todas e a todos. (*Murmurios.*)

Como son coñecedores, porque foi debatido amplamente neste Parlamento, Ferrol precisa dun impulso para superar a súa situación actual e da suma de esforzos para liderar a súa recuperación económica e social.

As mal chamadas reconversións e os vetos de Europa sobre as antigas Bazán e Astano, o traslado da presenza da Armada ao sur e o atraso na chegada de infraestruturas básicas como a autopista e actualmente o ferrocarril pasáronnos factura. Ferrol perdeu case quince mil habitantes nos últimos vinte anos; hoxe ten case os mesmos habitantes que en 1950. É a única cidade en España que perdeu un terzo da súa poboación nos últimos corenta anos. E como consecuencia de todo iso temos a taxa de paro máis alta de Galicia, o 15,9 por cento, e a taxa de actividade e de emprego máis baixa de Galicia, o 46 e o 38 por cento respectivamente.

A diferenza do que sucede na provincia da Coruña e do que sucede no conxunto de Galicia, temos menos empregos netos que hai catro anos. E a pesar dos datos, para o PSOE, Ferrol vai moi ben; a pesar das promesas, levan catro anos gobernando en Madrid e en Ferrol, pero cero avances nos temas estratéxicos. Xa sabemos que cando o Partido Socialista goberna en Madrid moitas veces non lle vai ben a Galicia e case nunca lle vai ben a Ferrol.

Os representantes públicos, ante esta situación, podemos facer dúas cousas: mirar para outro lado ou poñer solucións enriba da mesa. Parécenos moi preocupante dende este grupo o silencio na reclamación de temas estratéxicos que dependen do Estado en relación co Pacto de Estado por Ferrol. Parece que para algúns o ideal é que vaia pasando o tempo para ver se as cousas se arranxan soas, e, normalmente, as cousas non se arranxan soas.

Dende logo, dende este grupo cremos en Ferrol, cremos nas súas capacidades, cremos na nosa situación estratéxica dende un punto de vista xeográfico, cremos que temos un porto



que é unha grande oportunidade para toda a fachada atlántica e cremos que temos unhas instalacións industriais e estratéxicas para o conxunto de Galicia e para o conxunto do Estado. E temos un coñecemento adquirido ao longo de máis de douscentos anos no ámbito da construción naval e no ámbito da defensa. Proba diso foi a acreditación do noso campus industrial como primeiro campus industrial de toda España. Pero, xa digo, creo que é evidente que necesitamos a implicación de todas as administracións ante unha situación de emerxencia económica e social —e que os datos atestiguan— como a que vive a cidade de Ferrol.

O que Ferrol precisa é compromiso real; orzamentos, non palabras. E por iso o Pacto de Estado por Ferrol recolle demandas trasladadas por toda a sociedade ferrolá: recuperar o tecido empresarial; plans de recuperación e axudas directas; reforzamento das industrias estratéxicas como o naval, a enerxía e as electrointensivas; a modernización do sector económico da comarca, especialmente nos sectores forestal, naval, o sector primario, onde hai unha parte importantísima que é o que ten que ver coa extracción da nosa ría, e o sector alimentario, creando un polo enerxético que aproveite as diferentes modalidades de produción de enerxía —biocombustible, gas, hidróxeno verde e eólica mariña, porque, ademais dese componente histórico que temos de cidade industrial e de comarca industrial, tamén somos unha comarca enerxética—; impulsar cadeas de valor para incorporar sectores auxiliares, fomentar a innovación e o coñecemento; potenciar o CIS e o campus industrial; incrementar a competitividade a través da aposta polas infraestruturas da comarca; e consolidar, ampliar e modernizar os servizos públicos docentes, sociais e sanitarios.

Non queremos máis que outros, pero tampouco menos. E por iso dende este grupo presentamos esta proposición sobre o Pacto de Estado por Ferrol, na que se trata de unir esforzos entre as diferentes administracións. As competencias dos concellos chegan ata onde chegan, as da Deputación tamén, as da Comunidade Autónoma tamén e as do Estado tamén ata onde chegan. Precisamente do que tratamos con esta proposición é de que todos rememos xuntos a favor das solucións e tendo en conta esta situación excepcional.

Como saben perfectamente, este Pacto de Estado foi presentado polo presidente da Xunta, o presidente do Goberno, as dúas vicepresidentas e, desgraciadamente, poucos xestos por parte do Goberno do Estado se produciron dende entón.

Esta proposición trata de tres eixos estratéxicos:

O primeiro. Medidas de reactivación económica. Con actuacións como as da Xunta de Galicia da declaración estratéxica de iniciativas como Triskelion en Mugar dos, Ence nas Pontes, EDP Renovables tamén nas Pontes, Valogreene nas Somozas, Sentury nas Pontes, Biotech nas Somozas e Nervión no porto exterior de Ferrol, vemos como se abre un tempo de oportunidades.

Precisamos tamén pechar bolsas de solo industrial para asentar novas empresas, que, no ámbito industrial, son as que poden seguir xerando emprego e diversificando a nosa principal actividade económica; tamén iniciativas económicas como a Zona Franca de Ferrol.

En segundo lugar, o que ten que ver co sector naval, co estaleiro 4.0. Dende logo, saudamos positivamente que se comezasen —non podía ser tampouco doutro xeito— as fragatas F-



110 e que aumentase nos últimos anos a produción de eólica mariña en Astano. Estamos vendo como ano tras ano vai aumentando esa produción e ese número de empregos, cunha ocupación moi importante, que non só xa é a alianza entre Windar e Navantia, senón que tamén se está estendendo a outras empresas doutros sectores. E mantemos tamén, afortunadamente, un bo comportamento no noso sector de reparacións.

Pero tamén a experiencia nos indica que, despois de programas como o das F-110, temos anos tamén de falta de actividade e anos de desemprego moi acusados. É por iso que nos parece estratéxico que, igual que estaba previsto o inicio das F-110, acompañando ás F-110, poidamos desenvolver a transformación do estaleiro, que pasa por un novo dique e por unha nova forma de construción. *(Aplausos.)*

A verdade é que chama moitísimo a atención que ese plan non se desenvolvese, e que xa se estea falando do seguinte plan sen que o anterior fose minimamente implementado.

Polo tanto, con toda claridade, dende este grupo e con esta proposición queremos poñer novamente enriba da mesa a necesidade dun novo dique de construcións e dun novo dique de reparacións.

E, en terceiro lugar, o que ten que ver coas infraestruturas. Xa o dicía, a experiencia de Ferrol demostranos como un territorio perde competitividade se lle faltan infraestruturas básicas. A autopista chegou con vinte anos de atraso a Ferrol, e isto foi algo que lastrou moitísimo a nosa competitividade.

Non queremos que suceda o mesmo co ferrocarril, non queremos que Ferrol siga descolgado da alta velocidade. Chegou o AVE a Galicia, e chegará con atraso a outras cidades de Galicia, pero o que non podemos consentir é que Ferrol e Lugo, as dúas capitais do norte de Galicia, poidan perder este tren. *(Aplausos.)*

Son propostas concretas e solucións concretas que precisan do apoio de todos. Para iso é para o que lles pido o apoio a esta proposta, pensando só en Ferrol e nos ferroláns.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Intervención do restantes grupos.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Boa tarde de novo.

Señor Rey Varela, a verdade é que a min me parece bastante ben que veña vostede —xa sei que estamos en período case electoral— a dar aquí un mitin, no Parlamento galego, pero probablemente sexa máis acaído que o faga en Ferrol.



Entrando xa na exposición que vostede acaba de facer, realmente, señor Rey Varela, vostede dá uns datos que eu tamén tiña aquí anotados, como que dende 2009 a comarca de Ferrol perdeu 12.621 habitantes, que é practicamente tanto como perder todo o concello de Fene.

Pero eu o que lle quero recordar é que os datos que acaba de dar vostede de emprego, de ocupación e de poboación, en Ferrol e na súa comarca, son un problema moi importante, pero son un problema que mostra a ineficacia e a ineficiencia da xestión da Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular durante estes catorce anos. Porque lle quero recordar que tanto en industria como en políticas activas de emprego o Goberno da Xunta de Galicia ten competencias propias; ¡propias!, así que bótelle a culpa a quen a ten.

Pois ben, hoxe o Partido Popular trae unha vez máis unha iniciativa na que volve pedir ese posicionamento sobre o Pacto de Estado por Ferrol; unha iniciativa que, como sempre, o PP trae ao Parlamento galego só cando o PP non goberna no Estado. Porque me gustaría que na súa réplica nos diga cales foron as demandas do Partido Popular ao Estado cando non estaba gobernando Pedro Sánchez e cando estaba gobernando M. Rajoy. Se quere xa lle contesto eu, señor Rey Varela: ningunha, absolutamente ningunha.

Tamén resulta bastante curioso que quen foi secretario xeral do Partido Popular de Galicia dende 2016 a 2022, o señor Tellado, trouxese, no período en que gobernaba Pedro Sánchez e mentres el estivo como deputado neste Parlamento, practicamente todos os meses iniciativas para aprobar o Pacto de Estado por Ferrol para confrontar co Goberno do Estado. Pero a verdade, señor Rey Varela, é que debería de recordarlle que agora, que é *vicepresidente general de Organización del PP en Génova* e desde que el e o señor Feijóo son senadores en España (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —¿que? ¡Ah!— e que ocupan eses cargos de senadores, esqueceron ese Ferrol e esqueceron esa «Galicia, Galicia, Galicia» e as súas necesidades. E esqueceron tamén esas reivindicacións que facían aquí continuamente ao Goberno de Pedro Sánchez, porque desde que están en Madrid non lles escoitei nin unha soa vez pedir nada para Ferrol e nada para Galicia, ¡absolutamente nada para Galicia! (*Aplausos.*)

Pois, miren, vostedes teñen, como sempre, un discurso cando goberna o seu partido e outro moi distinto cando goberna o Partido Socialista. E, pola contra, os socialistas galegos, señor Rey Varela, defendemos Galicia aquí, defendemos Galicia no Estado, defendemos Galicia en Europa e defendemos Galicia onde faga falta, sen ningunha dúbida. Mire, en maio de 2021 o expresidente Feijóo presentaba con moita publicidade e propaganda eses oito eixes de actuación do Pacto de Estado por Ferrol para resolver os problemas demográficos, económicos e laborais da comarca. Un documento inconcreto, cheo de xeneralidades, que incluía actuacións xa previstas e anunciadas anteriormente dentro das competencias da Xunta de Galicia que non formaban parte de ningún plan, que non son de reactivación industrial, sen prazos de execución e sen financiamento, no que vostedes poñen deberes a outras administracións eludindo os deberes propios. Mentres, durante todo ese tempo, os gobernos municipais encabezados polos seus alcaldes e, no caso de Ferrol, encabezado polo seu alcalde Ángel Mato, adicáronse durante todo este mandato, coa Xunta de Galicia en contra, a xestionar os seus concellos, a atender as necesidades da súa poboación, a executar os seus orzamentos e a negociar co Goberno do Estado e coa Deputación da Coruña investimentos para mellorar a vida da cidadanía da comarca de Ferrolterra.



Ferrol e a súa comarca é unha terra con futuro, unha terra de oportunidades. E podemos dicir con rotundidade que o Goberno de Pedro Sánchez é o goberno que máis apostou nos últimos anos por Ferrol e pola súa comarca. Non fai falta escribir pactos de Estado nin elaborar documentos, coa única intención que teñen vostedes de confrontar co Goberno do Estado, coa Deputación da Coruña ou con aqueles concellos onde vostedes non gobernan.

O Goberno galego do Partido Popular é un experto en crear cortinas de fume para agochar a ineficacia e ineficiencia na xestión dos recursos públicos da nosa comunidade. Pero, mire, fronte á parálise do Goberno do Partido Popular antes con Feijóo e agora con Rueda, temos un goberno no Estado, encabezado por Pedro Sánchez, que en Ferrol e a súa comarca está a investir hoxe preto de cinco mil millóns de euros para apuntalar o Ferrol do presente e do futuro.

Mire, 5.000 millóns de euros de investimento para unha comarca con 600 quilómetros cadrados e algo máis de 150.000 habitantes, o que supón 33.000 euros por cada veciño e por cada veciña; aposta decidida por Navantia, unha empresa pública española referente no deseño e na construción de buques militares e buques civís de alta tecnoloxía, unha industria clave no desenvolvemento de Ferrol que conta coa tecnoloxía e coa man de obra formada e que coa aposta deste goberno de Pedro Sánchez garante carga de traballo para o próximo decenio: 165 millóns de euros para modernizar os estaleiros e 4.320 millóns de euros no contrato da Armada Española para a construción de cinco fragatas F-110 en Navantia Ferrol, co que se xerarán 9.000 empregos entre directos e indirectos ata o ano 2031; a construción do xemelgo dixital; a finalización dos programas de buques loxísticos para a Mariña australiana; proxectos eólicos; negocio de reparacións; Navantia Fene, 350 millóns de euros cos que se están a fabricar os 62 *jackets*, garantindo a plena ocupación do estaleiro e o compromiso de modernizar as fragatas F-100 con 2.000 millóns de euros; o PERTE do naval para modernizar o sector, cun investimento de 310 millóns de euros, cunha previsión de creacións duns 3.100 postos de traballo; o acceso ferroviario ao porto exterior de Ferrol; a rede ferroviaria interna; as instalacións de intercambio modal no porto exterior; a rehabilitación da antiga Comandancia Naval e a construción dun centro de inspección, 105 millóns de euros; a humanización da avenida das Pías, unha obra que, segundo o seu alcalde, Ángel Mato, se trata da maior obra de transformación urbana que se ten realizado en Ferrol en moito tempo e que o Goberno de Pedro Sánchez vai financiar con cargo aos fondos de recuperación, con 10,6 millóns de euros; un Plan estatal de vivenda do Mitma: 3,5 millóns de euros en rehabilitación de vivenda 2018-2021, o segundo concello galego que máis fondos recibe; a rehabilitación do castelo de San Filipe, promovido polo Concello de Ferrol e o Mitma, que achegará o 60 por cento, 273.000 euros; o convenio para transmitir ao Concello de Ferrol dez propiedades do Ministerio de Defensa, que supoñen máis dun millón de metros cadrados; investimentos no cuartel da Garda Civil de Ferrol, 1,7 millóns de euros; o parque eólico Mariño no nordés; os convenios de transición xusta, 111 millóns de euros para os concellos situados nestas zonas, dos que o 96 por cento van ser xestionados polas comunidades autónomas; 30 millóns de euros para apoiar proxectos empresariais xeradores de emprego e pequenos proxectos de investimentos nestas zonas. E estamos á espera de que a Xunta de Galicia dea cumprimento ao acordo adoptado por unanimidade neste Parlamento no mes de marzo para iniciar inmediatamente a posta en marcha dese polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e almacenamento en Ferrol.



E no punto 3 da súa iniciativa, na que fala de executar unha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias, así como os investimentos necesarios que fagan posible estender a Ferrol os beneficios da alta velocidade e lograr a inclusión da liña A Coruña-Ferrol no Corredor Atlántico de mercadorías, pois teño que dicirlle que a inclusión desta liña é un obxectivo defendido reiteradamente pola alcaldesa de Lugo e reivindicado polo alcalde de Ferrol. Trátase dunha cuestión na que, coma sempre, vostedes chegan tarde, posto que o pasado 19 de abril o Parlamento Europeo acordou por unanimidade facer esta proposta á Comisión Europea, que é quen ten que tomar a decisión. Polo que, aínda sabendo que a tramitación deste tipo de proxectos leva o seu tempo, será presentada a solicitude polo Goberno de España e esperemos que máis axiña que tarde esta sexa unha realidade.

Polo tanto, señor Rey Varela, como pode comprobar, por parte do Goberno do Estado, por parte do Goberno de Pedro Sánchez, avánzase con compromiso, con fondos e con proxectos, mentres que a Xunta de Galicia, nesa posta en escena de publicidade e propaganda...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...se adica única e exclusivamente a confrontar, sen dar respostas nin sequera ás medidas contempladas nese documento que denominan vostedes «Pacto do Estado». ¿A residencia de maiores que prometeron? Nada. Adquiriron vinte e cinco vivendas dentro do Plan Rexurbe das que só rehabilitaron unha. ¿Onde está o convenio para financiar o saneamento do rural de Ferrol?, ¿onde o 30 por cento de financiamento que Rueda se comprometeu a achegar para mellorar as instalacións deportivas de Ferrol? Nin un só plan de emprego para Ferrol...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: O albergue que foi presentado en Ferrol para executalo no 2021 e no 2022, estamos en 2023 e aínda non executaron nada, e as obras no hospital corresponden a un plan director de hai dez anos.

En definitiva, señor Rey Varela, o mellor que lle pode pasar a Ferrol é seguir tendo un alcalde do Partido Socialista e que Pedro Sánchez chegase á Moncloa. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Ramón Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Boa tarde a todos e a todas.

Permítame que lle lembre un refrán, con todo o respecto, ao señor Rey Varela: «cóllese antes un mentiroso que un coxo». E vostede, señor Rey Varela, tardou menos de catro días en quedar en evidencia. Este venres pasado participou vostede nun debate electoral en Ferrol do ciclo «Cóntamo ti» que se celebrou no centro cívico de Canido, no que, para sor-



presa de propios e estraños, se esforzou vostede bastante en presentarse como un candidato independente de calquera partido político para a mellor defensa dos intereses de Ferrol diante de calquera goberno. Supoño que non o negará, porque está gravado e está nas redes sociais á disposición do público. Pois catro días despois aquí está vostede cunha iniciativa sobre Ferrol na que demanda do Goberno do Estado —exclusivamente do Goberno do Estado— unha serie de actuacións para Ferrol, como se a Xunta non tivese nada que ver ou que facer en Ferrol, como se o Goberno galego non tivese competencias e responsabilidades para con Ferrol.

Señor Rey Varela, non se me ocorre nada menos independente, máis partidista e máis electoralista que presentar esta iniciativa hoxe aquí, no Parlamento galego, dirixida en exclusiva ao Goberno estatal e pasando por alto todas as competencias do Goberno galego en múltiples materias da máxima importancia para Ferrol, xustificándose moi sucintamente cunha liña na súa iniciativa na que di que o Goberno galego cumpre coa súa parte.

O BNG non está de acordo en absoluto con esta autocondecoración tan inmerecida, todo o contrario. A Xunta ten unha gran débeda con Ferrol e por iso presentamos unha emenda para o debate con nove puntos —podían ser moitos máis—. En todo caso, nove asuntos moi concretos, competencia da Xunta de Galicia, que son no día de hoxe necesidades urxentes para Ferrol. Por certo, que algúns destes asuntos xa foron compromisos electorais do Partido Popular no ano 2009, da campaña electoral das autonómicas no ano 2009, e seguimos agardando pola súa execución. Pero, antes de explicar os nove puntos da nosa proposta, teño que facer algún comentario sobre as dúas propostas concretas da súa iniciativa.

En primeiro lugar, as infraestruturas para Navantia, o dique seco. É preciso lembrar que o actual Plan estratéxico Navantia 2018-2022 o elaborou e negociou o Partido Popular. É certo que xusto cando estaban para asinalo chegou a moción de censura de Pedro Sánchez e foi o Goberno socialista o que asinou ese plan estratéxico. Iso si, sen cambiarlle unha coma. E nese plan estratéxico que fixo o Partido Popular non incluíron nin o dique seco nin o taller de bloques. O plan fala de modernizar as instalacións, fala do estaleiro 4.0, pero cóidase moito de incluír compromisos de infraestruturas e obras concretas. E daquela xa se falaba no estaleiro e mesmo en determinadas áreas da dirección de Navantia da necesidade destas dúas infraestruturas; é dicir, deixárono fóra conscientemente e á mantenta.

En segundo lugar, o ferrocarril. Neste punto, señor Rey Varela, teño que recoñecerlle o seu valor, porque é para nota que vostede se atreva a abandeirar unha demanda sobre o ferrocarril, porque ninguén recortou máis servizos na liña Ferrol-A Coruña ou nas liñas que antes eran do Feve, Ferrol-Ribadeo, que os gobernos estatais do Partido Popular daquel M. Rajoy. E a vostede como alcalde tocoulle pasar algún momento delicado naqueles tempos, como cando se celebrou o centenario da liña Ferrol-Betanzos, sendo vostede alcalde. O daquela presidente da Xunta, señor Feixóo, e a daquela ministra de Transportes, señora Ana Pastor, déronlle a vostede plantón na estación de tren de Ferrol, nun acto cheo de simbolismo que explica á perfección cal é a postura do Partido Popular coas conexións ferroviarias de Ferrol. Plantón da Xunta e do Ministerio, discurso do alcalde saíndo como pode da situación, manifestación cidadá na porta da estación, reclamando unhas conexións dignas —iso si, detrás do cordón policial— e banda de música que tocou, para celebrar a ocasión —recordará vos—



tede—, un pasodobre. Iso é o que fai o Partido Popular en materia de transportes: convertelos nunha peza berlanguiana. (*Aplausos.*)

Así que resumidamente vén vostede pedir cousas que, cando vostedes gobernaron, non fixeron. Nós alegrámonos de que se sumen agora a estas demandas tan necesarias para Ferrol, aínda que parece evidente que para vostede e para o Partido Popular non son máis que outros recursos da súa campaña electoral.

E vou coas nosas propostas, moi resumidamente, pola falta de tempo. A primeira é que a Xunta solicite formalmente a entrada no Consello de Administración de Navantia, unha posibilidade que está recollida no Estatuto de autonomía de Galiza e unha cuestión sobre a que vimos insistindo dende hai moito tempo. Porque un goberno que non se implica con Navantia é un goberno que non se implica con Ferrol, e a Xunta non pode manterse allea á planificación e á actividade dunha empresa da que depende toda unha comarca do noso país. De feito, haberá cousa de ano e pico o vicepresidente Conde dixo aquí, neste Parlamento, e díxolles aos sindicatos en Ferrol que a solicitude estaba presentada. Nunca deu probas disto, nunca amosou ningún papel que o acreditase, pero dicir díxoo.

Pois ben, o Goberno do Estado, en resposta escrita á pregunta do BNG, di que non recibiron ningunha solicitude formal a este respecto —eu teño aquí a contestación do Goberno—. Xa nos aclararán este misterio. Nós, no BNG, mentres non demostren vostedes o contrario, temos que acreditar no que temos por escrito, que é que non presentaron esa solicitude. No mesmo punto, incluímos a necesidade de potenciar un centro de reparacións en Navantia Ferrol. Esta foi a área de negocio que máis persoal ocupou nos últimos doce meses, máis que a eólica e moito máis que as fragatas. Non é a primeira vez que reparacións é a táboa de salvación en materia de emprego na comarca de Ferrol e aínda así non se potencia. Isto debe cambiar e para isto é preciso a contribución da Xunta de Galiza, pero de verdade, porque xa sabemos que a vostedes en campaña electoral non lles custa nada prometer absolutamente calquera cousa; de feito, este foi un deses compromisos de Feixóo con Ferrol no ano 2009. ¡Onde vai!

En segundo lugar, xa vai sendo hora de que Ferrol conte cun centro tecnolóxico do sector naval de carácter permanente. A experiencia da UMI, Navantia-Universidade da Coruña, non pode ser máis exitosa, e non é de recibo que isto non estea xa consolidado e que teñan que andar pechando e reabrindo cada tres anos; por non falar da necesidade de contar con persoal estábel dedicado á xestión e á administración.

En terceiro lugar, a ría. A Estación de Bioloxía Mariña da Graña vén de poñer negro sobre branco que hai que facer un estudo en profundidade da situación da ría, e xa adiantan por onde hai que tirar. Non teñen escusa, señor Rey Varela. A Xunta é a titular exclusiva das competencias en materia marisqueira. Así que, habendo como hai unha situación de colapso na produción marisqueira, son os principais responsábeis de, cando menos, aclarar as causas e propoñer solucións.

A prensa de Ferrol falaba estes días de que a ría está no 20 por cento da súa capacidade produtiva, e menos aínda en determinadas especies. Non sei a que están agardando. Deixen de



poñer paus nas rodas, como veñen facendo desde hai catorce anos, e encarguen un estudo integral.

En cuarto lugar —e vinculado ao anterior—, o último episodio de contaminación na ría de Ferrol virou os focos cara ao concello de Neda, que, inexplicabelmente, quedou fóra das grandes infraestruturas de saneamento, ás que están conectadas o resto dos concellos da ría. Isto aconteceu gobernando o Partido Popular en Neda, na Xunta e no Estado; vostedes saberán por que. O caso é que aínda hoxe se producen vertidos na zona de Neda. O lóxico será determinar cal é a mellor opción para o saneamento deste concello: se conectarse ao sistema da marxe dereita —como en Narón e Ferrol—; se conectarse ao sistema da marxe sur, con Fene, Mugardos e Ares; ou unha terceira opción, que sería rematar as obras para dotarse dun sistema propio en condicións. Para o BNG é Augas de Galiza a entidade que conta coa capacidade técnica para determinalo; isto é obvio, entre outras cousas, porque é a titular das dúas depuradoras, porque participou na construción das redes de ambos os dous sistemas e porque foi asinante dun documento —xunto co Concello de Ferrol, que vostede coñece ben— no que en principio a depuradora de Prioriño daría servizo aos concellos de Ferrol, Narón e Neda. Pero quero aclarar que o BNG non está dicindo que esta sexa a mellor solución. Entendemos que poden ser cuestións complexas, mais, en todo caso, insistimos en que debe haber colaboración da Xunta co Concello de Neda para —como dicimos— determinar cal é a mellor opción. Sorprendentemente, o Partido Popular votou en contra dunha iniciativa do BNG neste sentido haberá cousa dun mes. Coido que deben repensar esta posición.

En quinto lugar —e teño que abreviar—, atender as reclamacións da Plataforma por un Transporte Público Digno. Esta plataforma fixo unhas enquisas a pé de rúa nas que o 90 por cento das persoas se manifestaron moi insatisfeitas co servizo de autobuses. Xa sei que estes datos non cadran cos seus e por iso non lles gusta nada escoitalos, pero é un auténtico clamor social. Atendan as demandas da Plataforma.

En sexto lugar, a rehabilitación do edificio do IES Concepción Arenal —coñecido como «o instituto masculino»—, o maior de toda a comarca e nunha situación que dá mágoa velo. O equipo directivo vén reclamando obras de calado para mellorar a carpintería, pero sobre todo fachadas e cubertas. O conselleiro respondeu con evasivas nesta Cámara a preguntas deste deputado con cousas como que xa gastaban moito en Ferrol ou que estaban «trabajando en ello». Non é certo, o equipo directivo do centro non ten noticias da Consellería a respecto destas obras.

En sétimo lugar, un asunto que non sei se lle gustará, porque ten a ver con que o Tribunal Supremo declarou ilegal o seu plan urbanístico especial para Ferrol vello. Isto supón un grave problema para moitos proxectos de rehabilitación no barrio, entre outros, un de especial importancia para o barrio e para Ferrol: a rehabilitación da casa natal do profesor Ricardo Carvalho Calero. A declaración por parte da Xunta de zona de especial necesidade de rehabilitación pode resolver a paralización deste importante proxecto. Isto levouno o BNG ao Pleno do Concello de Ferrol e contou co seu voto a favor. Agardamos contar hoxe tamén co voto a favor do Grupo Popular. E o máis importante é que a Xunta execute o acordado e que lle dea para adiante a un proxecto tan necesario urbanisticamente e socialmente para o barrio de Ferrol vello e tan importante do punto de vista da posta en valor dun referente intelectual para toda Galiza da talla do profesor Carvalho Calero.



En oitavo lugar, outro dos compromisos de Feixóo do ano 2009, que era a ampliación do Centro de Saúde Fontenla Maristany.

E, por último, o centro de atención para persoas discapacitadas Souto de Leixa. Vou dar lectura aos poucos trazos —moi brevemente— da carta que me enviou...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando. Rematou o tempo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...—si, inmediatamente— a nai dunha das persoas residentes esta mesma semana: «Meu fillo dorme vestido e con abrigo posto. Merqueille un colchón e unha almofada. A habitación que fun ver era un espanto, a calquera lle custaría conciliar o sono alí. En referencia á comida, meu fillo queda con fame. Con referencia á roupa, hai tempo que o meu fillo di que a súa roupa lla poñen a outro usuario. Eu non acababa de crelo, pero agora resulta que é certo: de nove pantalóns que lle mandei, resulta que non ten máis que dous. A almofada que tiña na súa cama non era a que eu lle mercara; a que estaba daría vergoña levala a un punto limpo. A resposta que me deron foi que non lle puñan a del para que non lla roubaran. Estou moi preocupada pola seguridade do meu fillo, non é a primeira vez que sofre unha agresión. Por favor, pídolles que me axuden e que atopen un sitio máis axeitado para el». Esta carta...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...non poden dubidar de que sexa certa, tena tamén a Consellería de Política Social, igual que varias queixas doutras familias. É necesario rematar coa situación que esta mesma nai cualifica como de «infracumana» no Souto de Leixa.

Señor Rey Varela, remato xa reincidindo en que non é de recibo que veña por aquí hoxe coa súa caravana electoral e pretenda que a Xunta teña os deberes feitos con Ferrol. Se en catorce anos temos comprobado algo é que son vostedes moi bos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: ...en incumprir os seus compromisos.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten novamente a palabra, polo grupo autor da proposición, don José Manuel Rey Varela.

O señor REY VARELA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que os vexo moi preocupados coa miña intervención, francamente. A min de verdade que me gustaría que estivesen máis preocupados por Ferrol e non por que eu veña —como sempre fixen, porque, ademais, é a miña obriga— defender nesta Cámara os intereses da cidade pola que fun elixido deputado autonómico. *(Aplausos.)*



Señora Rodríguez Rumbo, non me compensa un mitin aquí. Creo que aquí hai moi poucos votantes. O único votante de Ferrol creo que non me vai votar a min. E a min, xa lle digo, interésame máis non facer mitins; eu de verdade que non fago mitins, eu fago encontros cos veciños, e non utilizo micrófonos, os veciños poden contestar. Ademais, normalmente, nos meus encontros con veciños, hai moito máis aforo do que hai neste Parlamento, non como lles pasa a outros, que se acordaron dos veciños cando chega a campaña electoral. *(Aplausos.)* Vostede citouno en repetidas ocasións, creo que van tres ou catro persoas. En fin, eu invítoos a ir ao que eu vou ter este venres no barrio de Caranza, ou ao que vou ter o próximo venres no Ferrándiz. Pero, xa lle digo, creo que aí hai moito máis interese en falar coa xente do que pode haber neste Parlamento, para falar de cousas serias.

Mire, señora Rodríguez Rumbo, vostede presenta —imos a cousas serias— unha emenda de substitución. Francamente, que vostede non comparta a solicitude ao Goberno do Estado de dotar dun dique a Navantia é verdadeiramente sorprendente. É verdadeiramente sorprendente que o faga vostede —ou que o faga, supoño, o seu grupo; perdoe, que non estou personalizando—. Que non comparta a solicitude da modernización ferroviaria, francamente creo que non se entende demasiado ben.

Mire, vostede si que fixo un relatorio que parecía o 22 de decembro, parecía o día da lotería. Pero vaia vostede por Ferrol e mire os efectos de catro anos gobernando en Madrid o Partido Socialista e gobernando en Ferrol o Partido Socialista. Vaia ao corazón da nosa cidade, ao barrio da Magdalena, e poderá ver 500 baixos pechados, vaia a Ferrol e verá como temos menos habitantes, moitos menos dos que tiñamos hai catro anos. Verá tamén como temos menos empregos netos dos que tiñamos hai catro anos, verá vostede como somos a única cidade de Galicia que non ten asinado coa Consellería de Sanidade o convenio para a ampliación do noso hospital, verá vostede como aínda o Concello non lle outorgou a licenza á Consellería de Política Social para construír a residencia de maiores financiada pola Fundación Amancio Ortega e verá vostede como o Concello segue bloqueando a rehabilitación dos edificios enteiros comprados pola Xunta de Galicia do plan Rexurbe. Pero ¿sabe que, señora Rodríguez Rumbo? Que iso non é o máis grave; o máis grave é que moitísimas persoas en Ferrol están esperando por unha licenza para o concello; non só as administracións públicas, senón os particulares.

Por iso esta moción, de verdade, non vai de enfrontamentos, non vai de falar do presidente Feijóo, non vai de falar de Tellado, etc... Iso non vale; vai de falar dos intereses de Ferrol e de se somos capaces de olvidarnos por un momento do partidiño e de pensar nos intereses dos veciños. Diso vai esta moción. E a campaña e os mitins imos deixalos para o momento adecuado. Eu, dende logo, onde estea, vou defender sempre os intereses de Ferrol. *(Aplausos.)*

Mire, señor Fernández Alfonso, adiántase vostede a dicir que non quero demandar nada á Xunta de Galicia. Adiántase vostede, porque comparto plenamente varios puntos dos que presenta vostede na súa proposición. Concretamente, o 3, incorporando o Fedex, porque é unha competencia da Xunta, pero tamén do Estado; igual que no Burgo. Non queremos —xa digo— ser máis ca ninguén, pero tampouco menos.



Comparto plenamente a colaboración para o tema do saneamento do punto 4 e para a declaración da rehabilitación da casa natal de Carvalho Calero, porque é impresentable como temos a súa casa natal. Con esa declaración, efectivamente, poderíamos conseguilo.

Podería matizarlle o tema do Fontenla Maristany, pero non teño tempo, e o tema do Souto de Leixa...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Rey Varela.

O señor REY VARELA: Eu o que lle propoño é a votación separada dos puntos 3, 4 e 7, se vostede quere. Nós estamos dispostos a votalos a favor. Porque, xa digo, trátase de exixírllelo ao Goberno do Estado, pero tamén ao Goberno da Xunta nas súas competencias.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Continuamos coas proposicións non de lei, punto 2.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Fernando Pérez Domínguez e oito deputados/as máis, sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que adopte medidas tendentes a reforzar os servizos de atención á cidadanía da Seguridade Social

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a 53073, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Tabarés; e a 53076, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Gonzalo Caballero.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Proponse a substitución do primeiro parágrafo da parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a garantir a asistencia e relación administrativa presencial e directa, cando menos, a todas as persoas non obrigadas á utilización de medios electrónicos; así como a dirixirse ao Goberno do Estado para que:...».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Gonzalo Caballero Miguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

No punto 2º da parte resolutiva da iniciativa, débese engadir in fine o seguinte texto:



«..., e tomar as medidas de reforzo necesarias para superar as deficiencias apreciadas nos servizos sociais que son competencia da Administración autonómica galega, especificamente en todos aqueles aspectos de xestión que impliquen mingua de dereitos sociais ou falla de asunción de competencias por parte do Goberno galego. Entre outras, o Goberno da Xunta debe reforzar a presencialidade nas valoracións de discapacidade e dependencia, xa sexan en domicilio ou EVD-EVO, así como revisar de oficio os expedientes de discapacidade que viron rebaixada a súa porcentaxe tras unha valoración telemática non presencial.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición non de lei ten a palabra don Fernando Pérez Domínguez.

O señor PÉREZ DOMÍNGUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Señores deputados, queremos trasladar esta PNL para o seu debate. Esperamos que conte co apoio unánime das tres forzas políticas do Parlamento e de todos os galegos, como coido que non pode ser doutra maneira, tendo en conta que se trata de xustiza social. Gustaríanos que todos estivésemos á altura do tema que nos ocupa e por iso o afastásemos das trifulcas políticas estériles que os galegos non entenden nin aceptan, porque, ademais eles, e sobre todo

os galegos máis vulnerables, son os que están realmente a padecer este colapso do Instituto Nacional da Seguridade Social, da Tesourería Xeral da Seguridade Social e do Ministerio en xeral.

Especialmente grave é, ademais, a situación das familias con poucos ingresos e que ven como, por un colapso administrativo, a tramitación da súa solicitude de prestación se atrasa moitos meses. Moitas veces eses galegos dependen deses cobros que se atrasan pola mala xestión dos recursos do Ministerio e que, lexitimamente, lles corresponden.

Este Parlamento aprobou a Lei 9/1991, do 2 de outubro; un texto lexislativo, promovido por un Goberno galego do Partido Popular, realmente innovador e que contiña medidas para a inserción social e o auxilio aos máis vulnerables. Entre outras, creou e puxo en marcha a renda de integración social de Galicia, a Risga. No ano 1991 gobernaba Felipe González no Goberno do Estado e os máis vulnerables do resto de España estaban sen cobertura, mentres os galegos xa estaban cobrando. Pero, por fin —¡menos mal!—, vinte e nove anos despois e tras pasar tres presidentes socialistas, se aprobou o Real decreto lei 20/2020, que regula o equivalente nacional á Risga galega, a figura do mínimo vital, como un gran avance —¡menos mal, trinta anos tarde!—, pero resulta que se puido empezar a solicitar a partir do 15 de xuño de 2020.

¿E que pasou cando, por fin, un goberno do Estado dotou os cidadáns dunha medida de cobertura social similar á que en Galicia levaba vinte e nove anos? Que os cidadáns se atoparon con que as oficinas do INSS estaban colapsadas. De maneira que, dende entón, resulta case imposible poder solicitar non só o mínimo vital —que é unha axuda de emerxencia social; é dicir, urxente—, senón calquera prestación, e logo que sexa resolta nun prazo razoable.



O Defensor del Pueblo o día 4 de xaneiro deste ano, xa requiriu que —literal— «*se superen las deficiencias apreciadas en los servicios de atención a la ciudadanía, situación que se aleja mucho de la necesaria prestación de un servicio público efectivo y de calidad incompatible con el derecho de buena administración*». Isto foi manifestado logo dun primeiro requirimento non atendido ante o feito constatable de que se triplicasen as queixas dos cidadáns. E por iso o Defensor o reiterou ao máis alto nivel ministerial, dicindo que as medidas adoptadas non resultaban suficientes. Pero é que, ademais, este goberno de Madrid que se autocualifica como o máis progresista abandona máis a xente con menos recursos, porque os máis vulnerables son os que necesitan máis rapidez na tramitación e no cobro, e, ademais, son os máis afectados pola brecha dixital e polo acceso ás novas tecnoloxías. Moito do noso rural non dispón de acceso a datos, pese a ser unha obriga estatal o despegue da fibra.

Esta é unha única vía para solicitar esta e outras prestacións, posto que a tramitación presencial está colapsada, ao existir incluso unha venda de quendas en internet; algo absolutamente inexplicable e rapidamente solucionable tan só con exixir a identificación do solicitante, como fan outras administracións públicas como, por exemplo, a Axencia Tributaria.

O ministro vén de confirmar que máis de 300.000 citas de internet están solicitadas por robots —¡case nada!, non o acabamos de entender—. O Ministerio de Inclusión, Seguridade Social y Migraciones do Goberno de Pedro Sánchez —presidente elixido cos votos do BNG—, que é un ministerio fundamental para as persoas con menos recursos, está sumido nun caos absoluto. O INSS ten miles de expedientes do ingreso mínimo vital sen resolver, nais esperando, sen cobrar a súa baixa por maternidade, viúvas desesperadas para acceder á súa pensión de viuvez, xubilados galegos esperando que un funcionario de vaite ti saber que punto de España resolva o seu expediente durante máis de catro meses, e, mentres tanto, pagando medicamentos por non ter a condición de pensionista. E é que non só non se cobra, senón que se ten que seguir pagando.

A Tesourería Xeral da Seguridade Social está prexudicando autónomos que están pagando excesos de cotizacións por erros da Administración; e coido que é susceptible de empeorar, porque este ano é o ano do cambio do sistema de cotización do RETA, e pasan a cotizar polos seus beneficios. A Tesourería Xeral da Seguridade Social ten a maioría da tarefa, posto que ten que comunicar cada fin de ano as diferenzas, e xa están os traballadores autónomos galegos a temblar.

Pero tamén afecta os emigrantes, que están a esperar quenda para poder tramitar o seu NIE e poder traballar legalmente e non teñen citas. As cifras impresionan: máis de catro millóns de chamadas sen atender, tremendas colas nas oficinas. No 2021 tan só se realizaron 4,7 millóns de actos administrativos, mentres que no 2019 se realizaron 8.

Europa Press trasladaba estes días a seguinte información: «A Tesourería Xeral da Seguridade Social reconece que o seu sistema informático aínda non está aplicando a bonificación do cen por cento da cota da Seguridade Social ás traballadoras autónomas que teñen que parar a súa actividade por risco durante a lactancia». Na resposta enviada ao Congreso o Goberno explica que o sistema informático da Tesourería Xeral da Seguridade Social non o contempla. Levan así, nalgún caso, máis de dous anos. E o Goberno di que espera resolver este problema



en xullo, xustificándose nada menos que na pandemia. A pregunta é evidente: ¿pódese xestionar peor? (*Aplausos.*)

Trasladado todo o indicado a datos dos galegos, segundo a Rede galega contra a pobreza, 4 de cada 10 galegos con dereito á prestación non a están a recibir. E o presidente desta rede, Xosé Cuns, indica que existe unha sensación de abandono, de inseguridade xurídica e de práctico colapso. Na Coruña recentemente non se podía pedir vez e en Vigo daban para máis dun mes. Segundo datos da citada rede, 230.000 galegos sofren pobreza severa, pero o ingreso mínimo vital tan só chegou a 77.551.

A Xunta de Galicia leva máis dun ano agardando a que o Goberno de Pedro Sánchez cumpra o compromiso de trasladar ao noso Goberno autonómico a xestión desta axuda para poder rematar con esta saturación, ofrecendo unha máis áxil e mellor tramitación, dar cobertura a toda a xente que o necesita e evitar solapamentos e duplicidades.

O INSS leva un enorme atraso na resolución dos expedientes de prestación e, polo contrario, a Xunta pagou este mes a 37.000 galegos o complemento das pensións non contributivas con nove meses de adianto, demostrando moitísima máis capacidade de xestión que a que actualmente leva a cabo o Ministerio.

Para non perder o foco do que pasa en Galicia en relación co resto do Estado, debemos destacar que a pobreza en Galicia, segundo o INE, baixou case dous puntos con relación ao 2021, quedando no 23,6. A taxa de pobreza ou exclusión social en España está no 26 por cento. Se miramos os datos do INE sobre o risco de pobreza, vemos que a media estatal está no 20,4 e, en Galicia, no 18 por cento. E pese a que os datos deixan a Galicia moi por debaixo da media, para o noso grupo e para a Xunta de Galicia do presidente Rueda rebaixar estas cifras é o principal obxectivo.

Unha medida en prol das familias máis vulnerables é deflactar a tarifa do IRPF, evitar que as familias tributen máis polo efecto da inflación tendo a mesma renda líquida dispoñible, ou incluso menos.

Esta domingo *La Voz de Galicia* resaltaba: *Los españoles abonan el tipo medio del IRPF más alto de toda la historia*. En 2022 a inflación empuxouno ao 14,1 e este ano volverá bater récords; todo provocado pola progresividade en frío ou rémora fiscal. É dicir, se os salarios subiron de media un 2,8 e os prezos un 8,4, as familias teñen menos renda, pero tributan máis.

O Goberno galego do presidente Rueda, preocupado de verdade polos máis vulnerables, deflactou con carácter retroactivo a tarifa do IRPF, e os galego, en plena campaña —que estamos agora— do IRPF, xa están vendo canto é a cota estatal e canto é a cota autonómica, mentres outros van facer a foto xogando á petanca.

Pero tampouco podemos esquecer os colectivos que tiñan que ter alzado a súa voz publicamente e están estrañamente calados. Falo dos sindicatos, xa que todos coinciden en que se trata dun problema de falta de medios humanos —baixada de 36.000 a 26.000 funcionarios—, pero tamén se queixan —baixiño, iso si— das instrucións contraditorias e



opacas da dirección, do aluvión de traballo, da interrupción das rendas, dos incentivos se se recortan os tempos de atención a cada cidadán, da supresión da enquisa de satisfacción como baremo para lograr os pluses, da denegación do ingreso mínimo vital por erros administrativos, do caos xeral... Pero ninguén protesta, non vaia ser que se moleste o Goberno de Pedro Sánchez.

Dende aquí quero lembrarme de toda esta xente que agora, pasada a profunda crise da covid e metidos xa nesta moi seria crise de prezos, chega á súa xubilación, a unha prestación de viuvez ou quere acceder a unha prestación do ingreso mínimo vital e resulta que non consegue nin quenda para poder solicitala; e cando por fin a atopan, tardan meses en comezar a percibir a prestación que lles corresponde, logo de traballar toda a súa vida.

Dende logo, dende este grupo parlamentario non imos poñernos de perfil e imos loitar para que esta situación remate, e coido que, como non vai rematar antes de final de ano, nos vai tocar facelo dende o Goberno de España, co presidente Feijóo. Pero seguiremos sendo igual de exixentes, governe quen governe en Madrid. Dende logo, non imos cruzarnos de brazos e calar, como está a facer agora o PSdeG e o seu socio o BNG, que consideran que primeiro é o Goberno e logo os cidadáns. Nós entendemos que é xustamente ao revés. Os galegos e, en especial, os máis vulnerables, sempre primeiro. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra don Gonzalo Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, o Grupo Parlamentario Socialista está plenamente comprometido coas persoas que teñen maior vulnerabilidade na sociedade galega; comprometido no plantexamento, nas medidas e en cada unha das decisións que adoptamos alí onde estamos. E é por iso que sempre damos a benvida a aquilo que se trata de mellorar, que se pode facer mellor, ou onde hai erros ou deficiencias que teñen que solventarse. Polo tanto, todo aquilo que impulse a melloría da calidade de vida da cidadanía galega, o seu acceso aos servizos públicos e á administración e, especialmente no ámbito onde hai maior vulnerabilidade, vai contar co noso respaldo. Pero ao igual que o voceiro do Partido Popular fixo aquí un panorama de distintas cuestións, temos que facer unha descrición e unha análise da situación política e da situación social, que difire das responsabilidades que plantexa o Partido Popular nun cinismo hoxe aquí plantexado que non ten parangón. E temos que dicilo porque o Parlamento de Galicia para o Partido Popular é cada vez máis unha sala de peticións para o Goberno do Estado. Nin o Goberno Rueda decide nin goberna, nin o Grupo Parlamentario Popular trae unha axenda de traballo para que o Goberno da Xunta faga os deberes. Prefiren vostedes converterse simplemente nunha sala de correos que mande peticións ao Goberno do Estado. E, ademais, fano replicando e subordinados a aquilo que fai o Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados.



E, claro está, se o señor Olano presentou no Congreso dos Deputados unha iniciativa como esta a semana pasada, replica o Partido Popular de Galicia aquí, na Cámara parlamentaria, en algo que xa foi debatido e no que non hai ningunha especificidade a maiores no que aquí se plantexa. Simplemente, é campaña do Partido Popular, campaña electoral dun Partido Popular que abandona o seu discurso autonomista ou galeguista, o seu plantexamento en Galicia, para poñerse encarrilado naquilo que cren que lles pode traer votos. E hai que falar, polo tanto, do que é importante e do que é substancial.

É importante sinalar, á hora de falar do ámbito da Seguridade Social, que once millóns de pensionistas no conxunto do Estado viron como o poder adquisitivo das súas pensións está garantido coa suba do 8,5 por cento; que 1.700.000 persoas en vulnerabilidade reciben o ingreso mínimo vital dende o ano 2020; que 450.000 mulleres reciben un complemento de pensión pola fenda de xénero dende o ano 2021; que, ademais, 1.600.000 autónomos reciben por primeira vez en tempos de crise unha prestación extraordinaria durante a pandemia; e que a 3.700.000 traballadores e empresas se lles protexeu das súas rendas e do modelo produtivo.

E ese é o ámbito de xestión da Seguridade Social no conxunto do Estado; aquilo que lle replicou ao Goberno do Estado o señor Olano e que vostedes traen aquí sen entender o que é substancial, máis alá de que, dende logo, deamos a benvida ás melloras na xestión, que vostedes plantexan.

Pero tamén é certo que hai que dar a información real para ter os datos, porque os datos matan o relato. E os datos din con claridade que, no ano 2022, 330.000 pensionistas novos viron como as súas pensións se recoñeceron nun promedio de vinte e un días, como 150.000 pensións de orfandade e viuvez foron recoñecidas polo Goberno do Estado en dezanove días e como 475.000 prestacións de maternidade e apoio ao nacemento se resolveron en seis días.

Dende logo, nós imos respaldar que se mellore a xestión na Seguridade Social, pero é importante tamén sinalar que pasou cando gobernou no Estado o presidente Rajoy, do Partido Popular, que recibiu a Seguridade Social no ano 2011 con 28.698 empregados e deixouna no ano 2018 con 23.220. O Goberno do Partido Popular reduciu en 5.000 os traballadores da Seguridade Social, nun 20 por cento; ese Partido Popular que agora amosa toda esa preocupación.

E cando falamos de Galicia, temos que falar duns pensionistas que saben quen goberna dende a Seguridade Social pensando neles, na súa capacidade adquisitiva no presente e na sostibilidade do modelo para o futuro. Porque, desgraciadamente, pola nosa estrutura produtiva, polo noso modelo, case a metade dos pensionistas galegos cobran menos de 780 euros, e dous de cada tres pensionistas galegos non chegan a milleuristas.

Esa situación grave, que leva consigo que temos a pensión contributiva de viuvez en Galicia máis baixa de España e que a pensión media reflicte, sen dúbida, unha fenda diferencial co conxunto do Estado, implica que temos que ter compromisos. E non hai mellor compromiso que que lle poidamos pedir ao Partido Popular, á hora de falar de seguridade social e á hora de falar dos pensionistas galegos, que apoie as medidas que defenden o poder adquisitivo



dos pensionistas. Porque non soamente coa reforma das pensións feitas se garante o poder adquisitivo, senón que as pensións de máis de 281.000 galegos e galegas subirán por riba da inflación ao longo dos próximos catro anos. Os incrementos acumulados poderán chegar ao 30 por cento no ano 2027, subindo especialmente as pensións mínimas e as pensións non contributivas, defendendo os máis vulnerables. E aí é onde lle pedimos ao Partido Popular que rectifique a súa fenda de abandono dos sectores máis debilitados e máis vulnerables dos pensionistas do noso país.

É hora de que vostedes muden e de que muden recoñecendo que a xestión que fai un goberno de progreso en Galicia implica que 682.000 pensionistas viron como as súas pensións se actualizaron, subindo un 8,5 por cento, que 37.000 pensións non contributivas en Galicia e 25.000 fogares co ingreso mínimo vital viron como subiron os seus ingresos nun 1 por cento, e o Partido Popular, en contra.

E que nos veñan falar aquí da xestión do complemento autonómico das pensións non contributivas, que foi establecido en Galicia por un goberno de progreso presidido por Emilio Pérez Touriño, que en trece anos que estivo o señor Feijóo non o subiu endexamais, nin un euro, e que agora o señor Rueda, despois de que o teñamos presentado de forma continua, llelo sobe un 6 por cento aos pensionistas máis febles, máis vulnerables, cando nin tan sequera con iso se garante o seu poder adquisitivo nese complemento autonómico, é un cinismo absoluto.

Nós imos apoiar que se melloren e que se fortalezan os servizos á cidadanía nas oficinas da Seguridade Social, é importante esa xestión, pero tamén son importantes os dereitos sociais. Son fundamentais os dereitos sociais dos pensionistas e das pensionistas galegas, que lle queren pedir ao Partido Popular que non se poña de perfil á hora de actualizar as pensións, que non se poña de perfil á hora de subir o complemento autonómico das non contributivas ao conxunto de galegos, que diso teñen tantas necesidades. Sitúano vostedes en 218 euros de complemento autonómico nas non contributivas; sóbenas un euro ao mes despois de catorce anos gobernando na Xunta de Galicia. ¡E que nos veñan falar de preocupación coa vulnerabilidade, coa política social, cando xestionan máis de 12.000 millóns de euros e non hai unha decisión importante do señor Rueda ao longo deste tempo, é algo que nos deixa, sen dúbida, sorprendidos, porque está ben que queiran reclamar que as cousas vaian mellor, pero vostedes fano cun ánimo electoralista, buscando un escapismo das súas responsabilidades á fronte de Galicia. Porque vostedes gobernan Galicia coa maioría dos votos dos galegos, e deben gobernar Galicia para protexer a xente que ten máis dificultades.

Por iso lle queremos pedir hoxe ao Partido Popular de Galicia que traia a este Parlamento iniciativas para que o Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados rectifique e apoie a suba das pensións, a suba do ingreso mínimo vital e apoie un goberno de progreso que fai todo aquilo que vostedes non fixeron durante tantos anos. E temos que instalo e pedilo de forma continua porque nos xogamos o benestar dos galegos e das galegas, e é necesario que o Parlamento de Galicia xestione e tome decisións.

É necesario, ademais, que se apoiem medidas que teñen que ver coa Seguridade Social e que implican máis dereitos para os traballadores, como, por exemplo, a suba do salario mínimo



interprofesional, que permite tamén máis dereitos para 137.000 traballadores galegos e traballadoras galegas.

Señores do Partido Popular, utilicen o Parlamento de Galicia para gobernar para a maioría, utilicen o Parlamento e a Cámara autonómica para poñerlle deberes a un presidente da Xunta que está ausente. Vai haber un ano que está á fronte desta comunidade autónoma e a decisión máis importante que tomou foi a rebaixa do imposto de patrimonio; ese señor Rueda que non ten xestión, que aínda estamos esperando que veña aquí á sede parlamentaria explicarnos que é o que nos trouxo da súa última viaxe por Latinoamérica, visitando México ou Panamá. (*Murmurios.*) ¿Cales son os resultados da xestión do presidente do Goberno da Xunta? (*Murmurios.*) E eu xa lles dixen que está moi ben que acuda a todas as procesións que hai en Galicia —que nós incluso respectamos—, que acuda a onde queira, pero que, ademais de estar visitando Latinoamérica sen resultados e procesionando por toda Galicia, traia xestión para a xente que necesita chegar á fin de mes, (*Aplausos.*) que traia medidas para conseguir impulsar o tecido produtivo do noso país, que governe Galicia e que non converta o Partido Popular de Galicia nun apéndice do Partido Popular de Madrid que simplemente trae unha iniciativa como réplica ou como segunda fase dos debates que plantexa o señor Olano.

Dende logo, presentamos tamén unha emenda para que, no ámbito das políticas sociais e da discapacidade, corrixan vostedes todos os problemas que hai. E parécenos moi ben que falen vostedes da Rede galega contra a pobreza; sérvenos para recordar que temos que seguir pedindo que vostedes poñan a Tarxeta Básica de novo en funcionamento...;

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...iso é algo que segue pendente para o Grupo do Partido Popular.

Señoras e señores deputados do Partido Popular, traian iniciativas a este Parlamento para que Galicia teña un goberno que governe e non soamente para utilizar o Parlamento de Galicia como unha sala de peticións ante un goberno ausente e unha confrontación electoral.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Caballero.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra don Iago Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde.

Eu xa empezo pedindo desculpas, porque eu vou falar da iniciativa. Vou falar da iniciativa, en primeiro lugar, porque me parece unha iniciativa importante. Eu non sei se é ou se foi por casualidade, pero paréceme un problema importante que está atinxindo o noso país. Non digo que as outras cousas das que falon non o sexan tamén; que non o sexan as pensións,



efectivamente, as pensións contributivas, as non contributivas. Efectivamente, tamén o son, pero este tema ao que inicialmente se refería a iniciativa é tamén moi importante, moi grave, e afecta as pensións, afecta o Estado, afecta a Xunta e tamén afecta as entidades locais.

E realmente ese é o problema que existe en moitísimas persoas, nomeadamente as máis vulnerábeis: o de poder relacionarse coa Administración. O problema que existe é que agora se lles impón a relación telemática, que agora nin se permite o acceso ás oficinas administrativas, e iso é moi importante. E, como vostedes coñecen —a verdade é que me consta que o coñecen; non sei se seguen moito o traballo dos seus compañeiros e compañeiras no Congreso e no Senado, pero si me consta que seguen o do señor Rego—, o señor Rego xa hai meses —non o mes pasado, xa hai meses—, e o grupo parlamentario ao que pertence, xa máis dun ano, presentaron unha iniciativa no Congreso substancialmente idéntica. E, por iso, por coherencia e sen prexuízo da emenda que presentamos, que entendemos que complementa a súa proposición —exclusivamente dirixida, ao mellor involuntariamente, ao Congreso dos Deputados; esquecéronse da Xunta de Galiza—, xa anticipo o voto favorable do BNG, entendendo que, cando vostedes falan dunha mellora do servizo de atención pública efectivo e de calidade, están a falar realmente dunha atención presencial directa, sen exixir previa cita, para os que solicitan as pensións, pero tamén para os que solicitan outras cousas, por exemplo, un permiso de queima.

Tamén esa iniciativa se refire ou inclúe manter con carácter complementario a posibilidade da cita previa, mais que esa cita previa se poida solicitar por medios alternativos á vía telemática. É dicir, que cando están a falar dunha mellora no servizo de atención ao público, tamén están a falar do incremento do cadro de persoal e da ampliación dos horarios de atención ao público. Certamente, foi con máis intensidade a partir da crise sanitaria, mais tamén de recortes anteriores, porque se falaba antes, por parte do deputado do Grupo Popular, dun recorte no número de persoal, pero ese recorte do número de persoal certamente non foi nin de onte nin de 2018, senón que ese recorte —tamén algo fixo a taxa de reposición— evitou que exista moito menos persoal en toda a Administración pública do Estado, da Xunta e tamén dos servizos de atención ao público. Pero, ben, foi a declaración do estado de emerxencia consecuencia da pandemia o que trouxo consigo unha limitación case absoluta da mobilidade, das relacións interpersoais e das relacións coa Administración pública.

Xa no mes de maio de 2020, coa finalidade de retomar o funcionamento dos servizos públicos e para preservar a seguridade e a saúde da cidadanía e tamén dos empregados e empregadas públicas, foi cando se estableceu o sistema de cita previa para acudir a dependencias administrativas. Era necesaria a adopción de medidas preventivas, e iso permitiu e introduciu, desgraciadamente, nas administracións públicas a idea de establecer un sistema que regulase o acceso ordenado das oficinas públicas, impedindo as aglomeracións. Foi a situación sanitaria e a protección da saúde pública a que permitiu enervar dereitos da cidadanía. Efectivamente, aí, por razóns de saúde, enerváronse, debilitáronse, suprimíronse dereitos para a cidadanía, como o dereito á proximidade e á accesibilidade da Administración pública, e non podemos obviar —e así se dixo— que esta limitación afectou e afecta principalmente a poboación máis vulnerable. A exixencia de relacionarse electronicamente coas administracións públicas e de solicitar cita previa, como se refire na iniciativa, afecta singularmente aquelas persoas que non constan con acceso a internet. Hai dous anos que a competencia da



Xunta de Galiza foi transferida ou pasou ao Estado, pero ese problema xa existía e Galiza, con competencia da Xunta, tiña a dubidosa honra de ser, de todas as comunidades autónomas, a que peor cobertura tiña de todo o Estado. Efectivamente, existe ese problema singularmente grave na Galiza; existe tamén poboación que non dispón de ordenador; existe poboación que carece de habilidades e coñecementos informáticos; existe poboación que, por esas circunstancias ou mesmo por razóns de discapacidade ou mesmo por razóns lingüísticas, ten moita dificultade para solicitar unha cita previa, vía telemática, para relacionarse coa Administración ou para solicitar unha pensión vía telemática. A medida que se ía superando a crise sanitaria e se ían eliminando as restricións, o certo é que mudaron normas para establecer, regular e consolidar esas relacións electrónicas entre Administración e administrado. Non mudaron as cousas, non se abriron as posibilidades de acceso físico á Administración pública, pero si houbo esa excesiva —como vostedes chaman— «diarrea lexislativa» onde se consagraba o principio de accesibilidade ou non se podía constituír ese acceso telemático —unha discriminación—. Había que atender especialmente a maiores e a persoas con discapacidade, mais a realidade é que as cousas non mudaron, seguía existindo esa fenda e esa barreira dixital moi importante coas persoas vulnerábeis.

Ante esa situación, en maio de 2022, constatada a situación de exclusión real que padecía boa parte da poboación e que afectaba non só o cumprimento de prazos, non só o cumprimento de trámites, senón o recoñecemento de prestacións básicas, como a Risga ou o ingreso do mínimo vital, o Consello de Ministros acorda reforzar a atención presencial nas oficinas do sector público e a atención preferente aos maiores de 65 anos sen necesidade de cita previa.

A pesar de todas esas normas, a pesar dese desiderátum, as circunstancias non cambiaron. A realidade era que a norma e os anuncios non se cumpriron. Existía e aínda existe un déficit estrutural de persoal, existen cadros de persoal insuficientes, baixas e vacantes que non se cobren, o acceso ás oficinas está regulado por persoal de seguridade, sen coñecemento para distinguir a urxencia dun trámite a realizar, circunstancias que atinxen e que atinxían a servizos tan esenciais como a Seguridade Social ou a Facenda, máis non só.

Esta realidade foi a que levou, non este ano, senón xa no 2022, ao Defensor del Pueblo a solicitar un plan de choque, medidas de reforzo, cobertura de vacantes, incremento de persoal, ampliación de horario de atención ao público e especial atención ás persoas afectadas pola fenda dixital. Un ano pasou, e o certo é que no día de hoxe a cidadanía non recuperou os seus dereitos. Seguen existindo limitacións á atención presencial, resultando necesario solicitar cita previa por medios telemáticos ou telefónicos. Frecuentemente, as aplicacións están colapsadas, inoperativas ou son atendidas por un contestador, co que moitas persoas teñen limitación para entenderse.

O mes pasado, no mes de marzo, publicáronse os resultados dunha investigación realizada pola entidade Cibio, na que acredita a imposibilidade, en moitos casos, de obter a atención da cita telefónica, particularmente no INSS e na Tesourería Xeral da Seguridade Social, e nos casos onde era posíbel esa atención, conseguir esa cita, a agarda era para máis de quince días ou en dependencias lonxe do domicilio. Seguen existindo no día de hoxe problemas nos que a triaxe a fai un encargado de seguridade, que nega o acceso á información persoal da oficina ou mesmo a solicitar a cita de maneira presencial. Non cabe dúbida —e o BNG así o



recoñecementos— de que a cita previa pode facilitala a organización administrativa, mais non pode ser nin na Xunta nin no Estado unha desculpa para consolidar recortes, para a amortización de postos de traballo, nunha administración xa minguada como consecuencia da taxa de reposición; non pode servir para o peche de oficinas e dependencias administrativas e para alonxar a Administración da cidadanía; e tampouco pode servir para a externalización e a privatización de servizos públicos, neste caso de atención ao público. A pretendida racionalización non pode ir, unha vez máis, a custa das persoas máis vulnerábeis.

Pero isto non é só —e de aí a nosa emenda— culpa ou responsabilidade do Estado, senón tamén da Xunta de Galiza. A Xunta de Galiza tamén ten que recuperar en todos os casos a atención presencial sen cita previa e empregar os horarios de atención ao público; que non se imponha a obriga de presentar solicitudes por medios telemáticos a quen non ten a obriga de presentalos por este medio ou de relacionarse coa Administración pública por medios electrónicos; que o Goberno galego teña en conta singularmente os autónomos —aos cales tamén pertenzo— nas convocatorias de axuda, que boa parte do territorio non ten conexión a internet e que boa parte da poboación, pola súa idade ou formación, carece destes coñecementos —nomeadamente, os autónomos e autónomas—, de coñecementos informáticos.

Por iso, que as convocatorias de axudas se fagan sen concorrencia competitiva non é unha forma eficaz...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...de xestión dos recursos públicos que favoreza os autónomos e as autónomas, senón que, ao mellor, favorece a quen se quere favorecer, pero, dende logo, non os autónomos e autónomas.

E, por certo, tamén sería unha boa medida que a Xunta de Galiza deixe de cobrar por un servizo telefónico de atención ao público, o 012, moitas veces utilizado para funcións de emerxencia.

Por iso a nosa emenda, porque na nosa emenda máis que facer ou suplir o traballo do noso compañeiro no Congreso dos Deputados —que ben o fai e moito fai— a nosa medida é para procurar o benestar dos galegos e das galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Tabarés.

Para pechar, ten novamente a palabra don Fernando Pérez, por cinco minutos.

O señor PÉREZ DOMÍNGUEZ: Grazas, presidenta.

Primeiramente, quero agradecer o ton das intervencións. Eu creo que a xente que nos está escoitando o agradecerá porque é un problema que temos enriba da mesa e, bueno, que non



este suxeito a debates ás veces un pouco difíciles de entender nos axuda a que chegue a nosa mensaxe.

E, bueno, en relación coa emenda, por empezar xa por aclarar desde o principio, mire, señor Tabarés, non podemos aceptar a emenda porque nós basicamente o que queremos é que isto vaia dirixido ao Goberno de España. E o que queremos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non, porque é un servizo centralizado. É que non hai que mesturar churras con merinas. É dicir, eu creo que vostede o que ten que facer é unha iniciativa, e despois valorarémola, que ao mellor é oportuna; e incluso, co último que acaba de comentar, que tamén é certo.

Tampouco é menos certo que aínda coa fenda dixital durante o momento da covid a Administración autonómica foi a única que tivo un servizo operativo para poder dar un acceso *online* á xente que non estaba preparada para ter ese acceso mediante a Chave 365 no centro de saúde, que se podían xestionar. A Administración central non o tiña. Desde logo, quero destacalo tamén porque moita xente acudiu a ese servizo. *(Aplausos.)* Entón, ese é o único motivo. Este é un tema que queremos centralizar exclusivamente na atención presencial e no problema das persoas que queren acceder ás prestacións no INSS e, polo tanto, non queremos desviar de aí a nosa iniciativa.

En canto á proposta do señor Caballero, non a podemos aceptar, porque aínda vai máis alá, e despois aclarareino. Mire, voulle explicar, sobre a súa intervención, varios temas.

O primeiro é que nós presentamos iniciativas aquí e en Madrid, pero votamos o mesmo aquí e en Madrid, e co PSOE encontrámonos con que o que aquí se vota é totalmente distinto do que se vota ás veces en Madrid. *(Aplausos.)* Sorpréndenos. *(Aplausos.)* E esa incongruencia provócanos que ás veces teñamos que presentalas aquí e mais en Madrid para saber cal é o posicionamento do PSOE en cada unha das prazas. Ese é un dos temas.

Por certo, quérolle comentar que ten un pequeno erro en relación coa réplica do que se fai en Madrid. Porque nós presentamos a iniciativa —a miña iniciativa— o día 3 de marzo, e en Madrid debateuse a semana pasada. Co cal, nós fomos primeiros, aquí, en Galicia, antes de que se debatera en Madrid. Non somos ningunha réplica de Madrid, e quérollo aclarar tamén.

E en relación coa súa emenda, pois pode ser razoable. O que lle digo, igual que ao señor Tabarés, é que, ao mellor, ten que plantexarse presentar unha iniciativa, se é que lle é posible; non sei se lle van dar acceso a presentar unha iniciativa. Se llo dan, presénteala, porque creo que podería ser un tema tamén interesante.

Non estamos magnificando a queixa. A queixa indícaa El Defensor del Pueblo, non a estamos indicando nós. É dicir, non a estamos magnificando, porque El Defensor del Pueblo interveu, e interveu con contundencia.

Cando fala das rebaixas, quero dicirlle que, agora que estamos en plena —á parte da campaña electoral, existen máis cousas— campaña da renda —outro tipo de campaña totalmente distinta—, a xente ve, e esta Xunta de Galicia do presidente Alfonso Rueda o ano



pasado —como digo— deflactou a tarifa do IRPF, e a xente estao vendo na declaración da renda, nos tres primeiros tramos, nos da xente con menos recursos. E deflactouno con carácter retroactivo para todo o ano 2022. Estoulle dicindo que o están vendo, porque a xente está vendo a cota autonómica e a cota estatal e ve a diferenza claramente. E explicarlles aos galegos que menos recursos teñen que aquí non se fai nada en prol deles, que só se apoia os poderosos..., cando neste país non lle quero comentar canto pode pagar unha persoa que herda un patrimonio razoable nesta comunidade autónoma en comparación, por exemplo, cos nosos veciños de Asturias, sen ir máis lonxe. Estamos falando de sucesións, só lle digo iso.

E, claro, eu empecei hai pouco tempo, levo desde maio aquí. Entón, ás veces, cando escoito algunhas intervencións, cústame entendelas. Claro, facer o discurso reiterado sobre o imposto do patrimonio, cando quen derogou o imposto do patrimonio foi o señor Zapatero, e dicirnos a nós que iso é a favor da xente con grandes fortunas, cando o señor Zapatero foi o que o cargou de raíz, é difícil explicalo, porque é unha incongruencia complicada de explicar. Eu creo que, polo menos, se tivese que defender naquel momento que se derogaba e agora teño que dicir aquí e criticar que se estea reducindo o imposto do patrimonio, non derogando... É difícil manter ese dobre discurso, é complicado. Pero, bueno, nós é certo que somos imperfectos; eu, polo menos, considérome imperfecto. Son un ser con limitacións, non levito nin ando por encima da auga, son unha persoa con limitacións e, entón, ás veces pode ser que me escape algunha cousa dese estilo, pero, bueno...

Mire, sobre a súa emenda de adición —que hoxe presentou unha rectificación mediante unha corrección de erros—, tampouco a podemos aceptar, posto que unicamente, como digo, busca desvirtuar o espírito da moción.

Entón, sobre a discapacidade, quero dicirlle que xa se están facendo todas as valoracións de discapacidade presenciais, non se está facendo nada telemático, e eu por iso tamén llo quero aclarar. E, bueno —ao final, xa se me foi practicamente o tempo—, xa dicía que non se estaba facendo ningunha valoración. Este servizo, colapsado e distante dos cidadáns, se fose da Administración autonómica, pois xa teríamos aquí un montón de interpelacións e estaríamos aquí debatendo, seguramente, ao mellor, sobre algunha protesta na rúa. Pero, claro, como é do Goberno central, pois vemos que non hai ningún tipo de ruído, que o lamentamos, porque eu creo que debemos de ser igual de exixentes cos nosos que cos que non son da nosa cor; ou máis exixentes cos nosos, pero, bueno, esa é a miña opinión.

Entón, xa digo, cústame entender algúns posicionamentos que escoito aquí. E o que lle digo é que presente algunha iniciativa e valorarémola. Agora aquí estamos falando do Goberno central e de que é un servizo con bastante marxe de mellora e que afecta moitísima xente.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor PÉREZ DOMÍNGUEZ: E quero dicirlle —simplemente para rematar— que a xente valora perfectamente que a Administración estea preto e que a Administración non estea preto, dígollo sinceramente, sobre todo vivímolo claramente cun tema como o da covid, que nos tocou de primeira man... A min tocouse de primeira man botarlle a man á xente para



intentar axudalos. E cando se tramitaron os famosos ERTE, pois pasou algo parecido no SEPE, que houbo xente que estaba na casa encerrada, sen ningún tipo de prestación, e tardou cinco meses en cobrar a prestación do SEPE dos ERTE... (*Murmurios.*) ¡Cinco meses! (*Murmurios.*) Non, non, o que pasou foi que un famoso virus entrou na folla de cálculo do SEPE e bloqueou a páxina web. Iso foi o que foi, non foi outra cousa, ¿que quere que lle diga? Porque para tramitar as prestacións dos ERTE...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor PÉREZ DOMÍNGUEZ: ...había que presentalas nunha Excel —formato xa bastante arcaico, cando había outros sistemas— e entrou un virus. Lémbreno e revíseno, porque no Ministerio si que...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Entendo que non acepta ningunha das dúas emendas.

O señor PÉREZ DOMÍNGUEZ: Non, non acepto ningunha das dúas emendas.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coas proposicións non de lei, co punto 3.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Alexandra Fernández Gómez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para dar cumprimento ao acordo unánime acadado no Parlamento galego en relación cos inmobles da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria

A señora PRESIDENTA (Candia López): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, a 53072, do Grupo Parlamentario Popular, de dona Begoña Freire Vázquez.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Begoña Freire Vázquez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1º.- Ante a contraditoria información trasladada polo Goberno de España nos medios de comunicación, volver demandar de forma inmediata da SAREB, así como do Goberno central a información sobre o número de bens, o estado de conservación, a localización e evolución do parque inmobiliario en mans de SAREB no territorio galego.



2º.- *Unha vez recibida a información indicada no punto 1º, e no menor prazo posible, elaborar un informe valorativo dos activos de SAREB en territorio galego que concrete unha proposta de selección dos activos a transferir ao IGVS en base a criterios sociais.*

3º.- *Antes de que remate o período de sesións, solicitar ao Goberno de España a cesión inmediata ao IGVS daqueles activos inmobiliarios de uso residencial propiedade da SAREB que se atopen nun estado axeitado para tal uso e que se empracen en zonas onde exista demanda de vivenda, co fin de incrementar a oferta de alternativas habitacionais públicas e axilizar a resposta do Rexistro de Demandantes de Vivendas, sen prexuízo dos convenios que se poidan formalizar ao respecto cos concellos, en cumprimento do protocolo subscrito en febreiro 2021, entre o Ministerio de Transportes e SAREB.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Para formular a proposición, ten a palabra dona Alexandra Fernández, por dez minutos.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Grazas, presidenta.

Vou intentar explicar isto da estafa da Sareb facendo un paralelismo coa vida cotiá. Imaxinen que van a un supermercado e fan unha compra de 50.000 millóns de euros, nada máis e nada menos, e que ao ir pagar o caixeiro nos estafa cobrándonos de máis. Iso é o que pasou cando foron adquiridos por 50.000 millóns de euros os activos da Sareb, cando deberían terse adquirido por 18.000 millóns de euros menos do que se pagou. E isto denuncia a mesma Comisión Europea, que impuxo a creación desa sociedade mediante o Memorando para o rescate do 2012 ao Goberno de Rajoy. É dicir, que o Partido Popular foi máis alá das exixencias de Europa insuflando cartos públicos para o rescate financeiro.

Pero o conto segue. Cando estamos xa no noso paso por caixa, aparece un tal De Guindos que nos asegura que a compra nos vai saír a cero euros se a pagamos a prazos. E é que para lograr custear a Sareb o que fixo a Administración foi fundamentalmente endebedarnos emitindo unha débeda por valor de 50.000 millóns de euros que foi avalada polo Estado. E ese tal De Guindos, incluso emocionado, intenta convencernos de que esta operación financeira vai ser fantástica para nós, tanto que a compra, en lugar de saírnos a pagar, vainos dar beneficios económicos. E é que o señor De Guindos se atreveu a dicir que obteríamos unha rendibilidade do 15 por cento. Pois ben, o quebranto contable en 2021 era de 14.500 millóns de euros, dos cales 12.000 millóns eran públicos.

E agora é cando a historia xa empeza a ter tintes absurdos. Cando xa imos saír do supermercado, logo de pagar de máis e de endebedarnos nun moi mal negocio, aparece o sector privado a reclamarnos que esa compra que levamos nas mans non é súa. E é que o Goberno de Rajoy lles entregou aos socios privados máis do 50 por cento do accionariado da Sareb, é dicir, o seu control, cando apenas achegaron o 4 por cento do financiamento. E alí quedamos nós, que despois de pagar a práctica totalidade da compra, quedamos coas mans baleiras.

E pasamos máis dunha década nesta situación ata que hai dous anos comezou a haber algo de xustiza cando por fin a Unión Europea realizou a integración contable da Sareb e Eurostat pasou a contabilizar a débeda desta entidade como a débeda pública que sempre foi, a pesar de que o Partido Popular negase sistematicamente que fose. É dicir, que a Unión Europea



recoñecía que aquela compra que nos sacaron das mans se pagaba cos nosos cartos. De feito, hoxe aínda a débeda alcanza os 30.000 millóns de euros, o que representa o 3 por cento do PIB do Estado. E con ese recoñecemento o Estado, evidentemente, tivo que moverse, xa que por fin recoñecía iso, e estableceu hai un ano, mediante real decreto, a súa participación maioritaria no accionariado da Sareb. Por tanto, o Estado recuperaba o control da entidade. Dez anos tiveron que pasar para dicirlles a eses socios privados que as bolsas que nos levaron eran nosas, e cando as recuperamos, o problema é que xa só quedaba unha parte da nosa compra, porque todo ese tempo en que o sector privado mantivo o control maioritario lles serviu para vender os activos máis rendibles. En total, o volume de activos pasou nunha década dos 50.000 millóns iniciais aos 27.000 actuais.

Perdida xa a maior parte, agora temos o reto de chegar á casa coas nosas bolsas coa maior cantidade posible dos produtos que nos quedan e temos que lograr que o máximo de inmobles posibles da Sareb se poñan dende xa como vivendas públicas ao servizo do pobo que as pagou.

Pero temos agora outros dous problemas. O primeiro é que levamos as bolsas furadas e imos perdendo parte da compra que queda. A Sareb está aumentando o ritmo co que se vai desfazendo dos inmobles que aínda ten en carteira ante a súa inminente liquidación. Neste momento, o ritmo de desinvestimento é elevadísimo. A Sareb vende unhas dúascentas vivendas cada semana. O ano pasado desfíxose de oito mil cincocentos inmobles e en 2021 perdéronse, vendidos, dez mil inmobles. O feito de que a entidade teña que disolverse no horizonte de 2027 sitúanos nun tempo de desconto e acelera ese ritmo de vendas por parte da Sareb.

E o segundo problema que afrontamos é que, ademais de levar as bolsas furadas, as administracións empéñanse coa súa pasividade en levarnos polo camiño longo, co risco de chegar á casa coas mans baleiras. Nos últimos anos é certo que tivemos moito anuncio; pero pouco feito. O Goberno do Estado xa anunciou hai dous anos a cesión de dez mil inmobles da Sareb ás comunidades autónomas. Pero o anuncio non vimos que se traducise en feitos concretos.

Agora o Goberno do Estado fai un novo anuncio de cesión de cincuenta mil vivendas ás comunidades autónomas e aos concellos. É certo que nunha primeira impresión pode parecer un anuncio positivo: por fin, logo de todo o que tivemos que pasar, polo menos rescatamos cincuenta mil vivendas para o público. Pero se lemos a letra pequena dos anuncios vemos como agora o que nos intentan dicir é que esas vinte e unha mil vivendas identificadas para uso social da Sareb mobilizaranse a través de acordos de venda ás comunidades autónomas ou aos concellos. Isto non é a transferencia; é un acordo de venda. Seguindo co paralelismo, o Estado dinos agora que para sacar as cousas que quedan na bolsa —o pouco que nos queda— e poder usalas hai que volver pagar.

Señorías, logo de todo este cúmulo de mentiras e desfalco público é indecente continuar a favorecer os intereses privados que existen sobre a entidade. Logo do que xa fomos roubados, é indecente que se intente empregar agora as administracións locais e autonómicas para desfacerse do parque que xa non dan vendido no mercado libre, socializando unha vez máis perdas e privatizando os beneficios. Non imos pagar outra vez máis por eses inmobles. No BNG exiximos a cesión gratuíta deses inmobles ás comunidades autónomas. E o Goberno central ten que aclarar prazos e mecanismos para a súa cesión xa.



¿E onde estivo o Goberno da Xunta de Galiza, o actor principal na creación desta estafa da Sareb? Agora parece encantado con esta nova estratexia, xa que acaba de executar a compra de corenta vivendas da Sareb por 3,5 millóns de euros. Vaia, a Xunta de Galicia e o Goberno central parecen estar de acordo nesta estratexia de volver inflar con cartos públicos o finiquito da Sareb, a cambio de quedarnos coas migallas de toda esta operación.

Fíxense se sae a gañar a entidade con esta operación de venda de corenta inmobles á Xunta, que son os mesmos corenta inmobles que xa estaban cedidos para a súa xestión ao Instituto Galego de Vivenda e Solo para que se destinasen a alugueiro social. A Sareb xa non tiraba beneficio destes inmobles; servíranlle —iso si— para facer un lavado de imaxe. E agora, en lugar de poder explotar o seu uso social de forma gratuíta como viñamos facendo, hai que pagar 3,5 millóns de euros. ¡É que nin sequera nos deixan as migallas, aínda que sexa para disimular!

E o grave deste entendemento entre Xunta e Goberno central na forma de actuar é que non está avalada por este Parlamento, nin é o que os grupos Popular e Socialista apoiaron nesta Cámara. En setembro do ano pasado aprobábase por unanimidade nesta Cámara a iniciativa do BNG que dicía o seguinte: «Solicitar ao Goberno do Estado a cesión inmediata ao Instituto Galego de Vivenda e Solo daqueles activos inmobiliarios de uso residencial propiedade da Sareb que se atopen nun estado axeitado para tal uso e que se empracen en zonas onde exista demanda de vivenda». E solicitar a cesión ao Goberno do Estado non é comprarlle á Sareb os inmobles que lle quedan.

Logo de sete meses sen que tivésemos noticias de ningún avance nos termos que se recollían na iniciativa, traemos hoxe de novo a mesma proposta que se aprobou en setembro cun matiz: engadímoslle «antes de que remate o período de sesións», por iso de que lles custa bastante asumir prazos.

Porque, como dicía antes, ademais estamos nunha carreira contra o reloxo ante o desinvestimento que está facendo a Sareb. Estamos nunha carreira contra o reloxo para lograr devolver á sociedade aquilo polo que xa pagou. Chégase tarde, hai xa moito que ese parque tiña que estar en mans públicas, pero no BNG imos pelexar porque chegue o máximo de stock de vivendas ao parque público de vivendas. E iso pasa por moverse xa nos parámetros do marcado nesta iniciativa.

Primeiro, que a Xunta faga un informe valorativo dos activos da Sareb en Galicia e seleccione aqueles que nos interese solicitar, tendo en conta o estado do parque e os criterios da demanda social da vivenda. En segundo lugar, a Xunta ten que liderar a reclamación da cesión gratuíta e non a compra destes activos fronte ao Estado. E, por último, que o Instituto Galego de Vivenda e Solo ten que dar resposta ás situacións de despexo e de abuso que se están dando por parte da Sareb impulsando un servizo de mediación, protección e asesoramento aos inquilinos.

Agardamos que volva contar coa aprobación unánime da Cámara e, sobre todo, que Xunta e Goberno central asuman o seu contido e acorden no prazo concreto deste período de sesións a cesión gratuíta dos inmobles. Porque nesta historia que contaba xa perdemos moitas veces e agora toca facer xustiza.



Nada máis. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona María Begoña Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e a todas, señorías.

Señora Fernández, o BNG sempre instalado no discurso demagóxico; sempre a culpa é do PP. Pero cando vostedes gobernaron —governaron pouco, pero gobernaron— e deixaron, por exemplo, as Xestur quebradas, tiveron que vir os señores e as señoras do PP inxectar máis de douscentos sesenta mil euros e pagar o que vostedes deixaron a deber. ¡Esa é a realidade! *(Aplausos.)*

E xa sabemos cal é o seu plan en relación coa vivenda, xa sabemos cal é o plan dos señores e señoras do BNG: intervencionismo e a lei antivivenda, porque comparten a lei de Sánchez, de Esquerra Republicana de Cataluña e Bildu, onde non se atopa ningunha solución aos problemas de acceso á vivenda e onde só saen beneficiados os ocupas ilegais. Esa é a realidade. *(Protestas.)*

Pero imos situarnos en contexto. Imos falar da cesión dos activos da Sareb, do cumprimento das promesas de Sánchez e dos seus anuncios propagandísticos en Galicia e no resto do estado. *(Murmurios.)*

Se me deixan falar, por favor.

Fai referencia esta iniciativa a outra debatida, efectivamente, no pleno desta Cámara en setembro de 2022. Unha iniciativa que foi transaccionada entre o grupo propoñente, o Bloque Nacionalista Galego, e este Grupo Parlamentario Popular e que, finalmente, acadou a unanimidade do Parlamento de Galicia. Falabamos ao fío dese debate daquel protocolo firmado entre o Ministerio de Transportes e a Sareb en febreiro de 2021 para poñer á disposición de familias vulnerables vivendas da entidade a un prezo reducido. Anunciaba entón Sánchez en febreiro de 2021 que dez mil vivendas da Sareb se poñerían á disposición das comunidades autónomas e dos concellos. E dicíamos tamén naquel debate que estabamos a finais de 2022, pasaran dous anos e que seguíamos sen saber nada dese anuncio. «Sen rastro da promesa de Sánchez das dez mil vivendas sociais da Sareb», titulaban os medios de comunicación.

Pero pasaron dous anos e medio e Pedro Sánchez reaccionou. Reaccionou, porque non só promete esas dez mil vivendas, que despois pasaron a ser quince mil, senón que sobe a aposta e as converte en cincuenta mil vivendas.

¿Que pasou logo para que esas dez mil vivendas se convertesen da noite para a mañá en cincuenta mil vivendas, subindo a aposta? Pois pasou a aberración da Lei do só si é si, máis de



mil agresores sexuais beneficiados pola redución das penas e máis de cen excarcerados na rúa. Pasou que, a pesar do que diga Tezanos coa súa maquillaxe do CIS, a realidade é a realidade. E pasou que se achegan as eleccións, primeiro as municipais e en moitas comunidades autónomas e logo as xerais, polo que Sánchez opta polas cortinas de fume para tapar o que non lle convén e para facer anuncios publicitarios aos que xa nos ten acostumados. Sabíámolo, a verdade é que sabíamos que Sánchez ía ser capaz de calquera cousa e aí está.

Pero a realidade é que o anuncio de Pedro Sánchez de destinar ao alugueiro cincuenta mil vivendas da Sareb estase demostrando que non é nada máis que fume. De feito, foi a ministra do ramo a primeira en desmentir a Pedro Sánchez, indicando que os obxectivos expresados polo presidente tardarían vinte anos en conseguirse.

Posteriormente, os datos vanse aclarando e a propia ministra Calviño revela algunhas lagoas do plan Sánchez. Catorce mil xa están habitadas, a metade delas por ocupas ilegais. ¡Quince mil non existen!; hai que construílas e veremos se se pode e cando segundo o tipo de solo. E das vinte e unha mil que quedan tan só nove mil estarían máis ou menos dispoñibles para habitar. Falamos a nivel de España. Pero o caso é que esas nove mil están situadas onde non hai demanda de vivenda; por iso están desocupadas e non se venden. Ademais, unha porcentaxe altísima das vivendas da Sareb carecen de licenza de primeira ocupación. Tampouco o Goberno central concreta as localizacións exactas dos pisos identificados pola Sareb e, ademais, as vivendas deben ser compradas polas administracións á Sareb a prezo de mercado.

A realidade é que os anuncios de Sánchez non os cre nin o seu propio Goberno. As ministras pelexan en público, porque non lles coinciden as cifras que dá o presidente e outra ministra xa fala directamente de anuncios preelectorais.

En cinco anos non se preocuparon o máis mínimo polos problemas da vivenda. O compromiso da lexislatura era facer vinte mil vivendas sociais e o resultado foi cero. E agora Sánchez promete outras cincuenta mil, redobrando as súas falsas promesas.

Pero imos contextualizar a situación das vivendas da Sareb na nosa comunidade, en Galicia, despois deses impactantes anuncios de Pedro Sánchez. E aquí enlace tamén cos puntos da iniciativa do Bloque Nacionalista Galego contestando á señora Pontón, que onte mesmo, cal pitonisa, se adiantaba a dicir que o Goberno galego non fixera nada en relación co acordo acadado neste Parlamento. E temos que dicir que, de inmediato, a Xunta deu traslado do acordo acadado neste Parlamento de Galicia, recibindo como resposta un escrito do conselleiro delegado da Sareb no que pon a sociedade á disposición da Xunta para manter algunha reunión na que profundar na colaboración, pero sen compromiso de ningún tipo.

Despois de múltiples contactos, a Sareb comunicou á Xunta en marzo deste ano que só dispoñía de corenta e dúas vivendas para unha posible cesión ou adquisición por parte da Comunidade Autónoma. Desas corenta e dúas vivendas, cinco xa están ocupadas e trinta e seis carecen de licenza de primeira ocupación. Só unha desas vivendas está nunha gran cidade, Ourense, e o resto atópanse en concellos de baixa ou nula demanda. Pola tanto, a meirande parte das vivendas da Sareb están situadas fóra dos ámbitos de maior demanda de Galicia e moitas das que se emprazan nas grandes cidades non reúnen as condicións necesarias para



ser destinadas a alugueiro social. Algo que puido comprobar o Instituto Galego da Vivenda e Solo en 2015 cando foron inspeccionadas as vivendas que ofrecía en cesión a Sareb.

Dito isto, comprenderán a sorpresa do Goberno galego cando o plan Sánchez anuncia a mobilización de 1.285 vivendas da Sareb en Galicia. Resulta que o 30 de marzo, ante as reiteradas solicitudes do Goberno autonómico, a Sareb trasladou que actualmente só existían en Galicia corenta e dúas vivendas máis dispoñibles. En abril, o plan Sánchez anuncia 1.285.

Ademais, resulta contraditorio que a páxina da Sareb identifique 1.830 vivendas existentes en Galicia. Pero xa a páxina advirte de que desas vivendas moitas están en situacións que non poden usarse no momento actual: en mal estado, comercializándose etc. Segundo o Goberno, desas 1.830 estarían dispoñibles 1.285. Pero no mes de marzo de 2023 a Sareb contestou á Xunta de Galicia que tan só dispoñía de corenta e dúas vivendas para unha posible cesión ou adquisición por parte da comunidade autónoma.

En resumo, o estado da situación é o seguinte: a Sareb, por requirimento da Xunta de Galicia, sinala corenta e dúas vivendas dispoñibles, das que cinco están ocupadas e só unha nunha gran cidade, Ourense. O plan fume de Sánchez fala de 1.285 en Galicia; o secretario xeral dos socialistas de Galicia, o señor Formoso, vai máis aló do Plan fume e fala de 1.830 habitables para o seu uso. O BNG vai inda máis aló co plan fume e fala de tres mil vivendas propiedade da Sareb en Galicia. E o señor Néstor Rego, pola súa banda, hoxe parece ser que falaba de mil duascenas vivendas listas para habitar. Ese é o estado da situación.

E voules ensinar dúas fotografías; podería traer máis, pero traio dúas fotografías. *(A señora Freire Vázquez amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.)* Unha fotografía dun esqueleto inhabitable, ilegalizable, inservible... Estes son inmobles da Sareb. A seguinte fotografía... *(A señora Freire Vázquez amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.)* Son inmobles da Sareb non situados en grandes cidades, pero si situados en Galicia. Estes esqueletos inservibles é o que pretende o plan fume de Sánchez. ¿De verdade vostedes pretenden que estes esqueletos inservibles, abandonados e ilegalizables sexan o contido do plan fume de Sánchez? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Sabemos tamén cal é a alternativa política en materia de vivenda do Partido Socialista. Pódenola explicar moi ben o flamante novo delegado do Goberno en Galicia, o señor Besteiro. O mellor exemplo é o esqueleto do Garañón en Lugo, construído en flamante irregularidade nas costas do parque de Rosalía. Derribar o Garañón, señorías, símbolo dun modelo de xestión socialista en Lugo, custará 578.000 euros e 26 millóns de euros en indemnizacións.

E vou rematando. Presentamos dende este Grupo Parlamentario Popular unha emenda que, cunhas pequenas matizacións, vén remarcar a posición que viñamos mantendo nese acordo unánime acadado no Pleno de setembro de 2022. No punto 1 da parte resolutiva o BNG propón «antes de que remate o período de sesións» e nós propomos «ante a contraditoria información trasladada polo Goberno de España nos medios de comunicación, volver demandar de forma inmediata da Sareb, así como do Goberno central, a información sobre o número de bens e estado de conservación, localización e a evolución do parque inmobiliario en mans da Sareb no territorio galego.»



No punto 2, o BNG propón «antes de que remate o período de sesións» e nos matizamos «a elaboración do informe valorativo, no menor tempo posible e unha vez remitida esa información», o que ten toda a súa lóxica.

O punto 3 resulta coincidente. Para o punto 4 propoñemos o mesmo punto que foi transaccionado e aceptado por unanimidade no pleno de setembro de 2022. Volve a señora Fernández co Servizo de Mediación e Asesoramento do Instituto Galego da Vivenda e Solo e reitero, desde logo, os argumentos que xa dixemos naquel momento. En todo caso, teño que engadir que este punto 4 que propón o BNG debe reclamálo ao Goberno do Estado. Sinceramente, o que denota a súa redacción é que confían moi pouco no Goberno central, a pesar de que son os seus socios de goberno e que apoiaron a súa investidura.

Dende logo, se a intención desta proposición do Bloque Nacionalista Galego é sumar na reiterada reclamación de cesión de vivendas ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e solicitar que a Sareb actúe con perspectiva social e interese público, penso que non debería existir inconveniente pola súa parte para aceptala, salvo que o BNG o único que pretenda con esa proposición sexa o mesmo que o Goberno de Pedro Sánchez: plan fume.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Freire.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra don Eduardo Ojea.

O señor OJEA ARIAS: Grazas, presidenta.

Boas tardes a todos e todas.

Estamos diante dunha iniciativa que vén afondar nunha moi similar e recente do BNG, que xa daquela dende o Partido Socialista apoiamos. Cómpre unha vez máis, para nos situar, lembrar que a Xunta ten as competencias en materia de vivenda e ten a obriga, polo tanto, de desenvolver os programas necesarios para satisfacer e dar resposta á demanda das e dos galegos, sobre todo dos máis vulnerables. A realidade sabemos cal é.

O acceso a unha vivenda digna é un dos problemas fundamentais nestes anos para tantas cidadás e cidadáns nesta comunidade e para unha mocidade empobrecida e incapaz de independizarse.

Como é sabido, no ano 2012 nace a Sareb, compañía que absorbía os activos deteriorados das entidades financeiras rescatadas co fin de xestionalas. Fíxose cargo de case douscentos mil préstamos e inmobles. Esta empresa tivo sempre unha elevada porcentaxe de capital público, un compromiso que de feito aumentou co tempo, elevando a través do FROB a participación do Estado por riba do cincuenta por cento.



Durante todo este tempo observamos como era e segue a ser prioritario impulsar un plan de actuación da Sareb coa colaboración, a través de convenios entre Goberno central, comunidades autónomas e concellos, que apuntale o carácter social da vivenda pública cunha normativa que garanta o seu uso a persoas vulnerables, evitando que sexan vendidas ou explotadas por fondos voitre. Un dereito constitucional, o do acceso a unha vivenda digna e accesible, convertido de xeito lamentable en negocio para algúns.

Resolver tantas eivas ao redor desta necesidade básica está a ser nos últimos tempos precisamente unha prioridade situada no eixo central das políticas do Goberno do Estado. De feito, as políticas de vivenda ocupan o foco, logo de que o presidente do Goberno, Pedro Sánchez, anunciase hai uns días a decisión de mobilizar cincuenta mil vivendas da Sareb para alugueiro accesible a familias e mozos.

Pero non só iso. Xa no marco do Plan estatal de acceso á vivenda 2022-2025 se completa especificamente un programa de posta a disposición de vivendas da Sareb e entidades públicas para alugueiro social. Unha medida que xa ten como obxectivo acelerar a subscrición de convenios entre a Sareb e as comunidades ou entidades locais mediante os que a Sareb cede o usufruto de vivendas para alugueiro social, en congruencia co protocolo asinado en febreiro de 2021 entre o Ministerio e a propia Sareb para poñer á disposición quince mil vivendas.

As cifras sobre o impulso de vivenda pública nestes anos de goberno popular son irrisorias. Abonda con coller datos oficiais do Instituto Galego de Vivenda e Solo ou ben do Instituto Nacional de Estatística. Un auténtico deserto nesta última década en materia de vivenda pública na nosa comunidade.

Neste momento, se falamos de vivenda da Sareb, a Consellería de Vivenda anunciaba a adquisición neste ano de corenta e seis vivendas da Sareb. Aínda, parece ser, está no proceso administrativo e sería necesario coñecer cando e onde se van mercar esas vivendas para pólalas en alugueiro social de xeito equilibrado.

A Coruña é, con mil catrocentos dous pisos, casas e demais, a provincia galega na que a entidade xestiona máis propiedades. Pontevedra ocupa o segundo lugar, moi por diante de Lugo e de Ourense, con só trinta e tres vivendas da Sareb. O 23,6 por cento de todas as vivendas da Sareb en Galicia atópase en territorio pontevedrés. Mais entre catro concellos concentran un terzo de todas as casas, apartamentos ou chalés: Vigo ten á venda sesenta e catro vivendas; Sanxenxo, trinta e nove; Silleda, corenta e dúas; e Lalín, trinta e dúas casas e pisos.

A política en materia de vivenda ten que responder á realidade de demandantes e, con especial énfase, atender á situación dunha mocidade galega que, aínda con traballo, contempla como inalcanzable a posibilidade de emanciparse. No canto de sumar, a Consellería de Vivenda e a Xunta continúan a boicotear as súas propias competencias e obrigas nunha materia de enorme sensibilidade e prioridade. O acceso á vivenda era un problema para moitas familias galegas. No medio dunha crise de prezos e ante a ausencia de vivenda pública a radiografía non pode ser máis preocupante.



O Goberno do Estado actúa. Esta semana será decisiva, co impulso da Lei da vivenda, para aumentar o parque público de vivenda que na nosa comunidade, co Goberno do Partido Popular, por certo, nos deixa como a comunidade con menos porcentaxe de vivenda pública por habitante. A idea do Goberno do Estado é que o vinte por cento da vivenda sexa pública. Na actualidade é só do tres por cento, sendo un dos países da Unión Europea con menor proporción de vivenda de propiedade pública. E insistimos: aquí en Galicia as cifras aínda son máis dramáticas.

Incrementar a oferta con vivenda pública é un dos camiños necesarios para amortiguar o crecemento dos prezos. O aumento da vivenda social é, polo tanto, unha necesidade e unha urxencia. Que este aumente ata ese vinte por cento en zonas tensionadas dependerá da declaración por parte das comunidades autónomas de zonas tensionadas e da súa xestión por parte delas. Por desgraza, neste sentido xa coñecemos cal vai ser a postura das comunidades gobernadas polo Partido Popular.

A vivenda é un ben de primeira necesidade e terán desde a Xunta que explicar á cidadanía por que, cando se debate sobre este dereito, sempre se posicionan en contra da maioría. ¿Por que non executan fondos ano tras ano? ¿Por que axitan o medo ás ocupacións, que son un problema minoritario segundo os datos oficiais en Galicia, cada vez que teñen que agochar a súa incompetencia nesta materia —insistimos— prioritaria?

O Goberno e os socialistas seguiremos avanzando pese á súa oposición, cada día máis incomprendible, porque consideramos que dispor dunha vivenda, dun fogar, é unha das principais fontes de dignidade e de benestar para as persoas.

En relación coa proposición do BNG, diremos que xa apoiamos a primeira e nesta imos apoiar os catro puntos: demandar a información sobre o número de bens e o seu estado de conservación e localización; facer un informe valorativo dos activos; cesión inmediata de activos inmobiliarios da Sareb; e impulsar un servizo de mediación, protección e asesoramento do inquilino ante posibles abusos. Polo tanto, ímola apoiar.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para o peche ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, Alexandra Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GÓMEZ: Dende o BNG sabemos que unha parte dos inmobles da Sareb poden non estar listos neste momento para poder entrar a vivir neles. Pero a Xunta ten que facer unha valoración un por un do investimento que requirirían para poder ser usados. Se o beneficio social que se pode tirar é maior que o custo da reforma, o que ten que facer a Xunta é solicitar eses inmobles. Porque o Goberno galego o que ten que facer é intentar que o maior número desas vivendas acabe sendo parque público de vivendas.

En lugar diso, o que fixo a Xunta foi deixar en mans da Sareb a elección daqueles inmobles que están dispostos a ceder, é dicir, que sexa a Sareb quen diga cantas e cales quere ceder. E



se a Sareb di que apenas corenta e dous, á Xunta parécelle bo e iso non pode ser. Porque, señora Freire, a Sareb non di que teña corenta e dous inmobles; di que só quere venderlle á Xunta eses corenta e dous. ¿E á Consellería parécelle ben que a Sareb diga que das 1.830 vivendas que xa ten construídas, das outras 1.241 que ten en obras en curso e dos 2.252 solos dos que dispón só estea en disposición de venderlle 42 inmobles? Nós non aceptamos que a Sareb poña as condicións e que a Xunta faga única e exclusivamente de mero notario ante o que diga a Sareb. A Xunta ten que pórse do lado do interese público galego e elaborar —como digo— un informe onde se solicite a transferencia do maior número posible de activos.

Ademais, máis alá deste baile de cifras de cantas hai neste momento dispoñibles o importante é o como. Sorprende que a Xunta dea por bo que o Estado pretenda agora vendernos o que debería cedernos gratuitamente. Porque ao final vai resultar que a Xunta de Galicia e o Goberno central están de acordo en que a estratexia é que volvamos pagar un novo capítulo desta estafa. Ademais, é que a conselleira dá por boa esa cifra da Sareb dos corenta e dous pisos porque así tamén lle vale á conselleira para pelexar co Goberno central dicindo que é propaganda electoral o que fai o Goberno central.

Está claro que os anuncios do Partido Socialista teñen bastante de fogos de artifício electorais; hoxe aínda anunciaban outras vinte mil vivendas máis. Xa perdemos a conta nesta borracheira de vivendas; creo que van cento vinte mil anunciadas. ¡Pero é que o Partido Popular tiña que esconderse un pouco para xuntar na mesma frase «propaganda electoral» e «vivenda»! (*Aplausos.*) Porque vostedes acaban hai unhas semanas de anunciar un plan de vivenda de mil oitocentas vivendas de promoción pública, cando vostedes nos últimos oito anos fixeron vinte e dúas vivendas de promoción pública. E prometen facer en tres anos o que non fixeron nin en dúas lexislaturas. ¿Que credibilidade ten esa promesa das mil oitocentas vivendas cando en 2021 fixeron un orzamento para promoción de vivenda pública de sete millóns de euros dos que só executaron catro? ¿Cantas vivendas públicas se poden facer con catro millóns de euros? ¿Alguén cre que vostedes van facer mil oitocentas vivendas para 2026? Non teñen ningún tipo de credibilidade.

Ademais, Feijóo tivo moi pouca vergoña cando hoxe no Senado dixo que o Estado non vai facer vivenda de promoción pública porque esa é unha competencia autonómica. ¡Se vostedes teñen as competencias e non as executan! ¡En oito anos fixeron vinte e dúas vivendas de promoción pública! ¡Por favor! (*Aplausos.*)

Pero, claro, é que di o presidente de recambio que quedou aquí que non se deran conta de que había demanda de vivenda pública. Hai que ter cara para dicir isto con dezaseis mil cincocentas familias inscritas no rexistro de demandantes de vivenda. E claro que o sabían, porque no Plan de vivenda 2015-2020 dicían, e digo literalmente: «coidado, que hai quince mil persoas inscritas que son unidades familiares e, por tanto, o número de persoas é moi superior e estímase que pode roldar as cincuenta mil persoas agardando por unha vivenda protexida». Claro que o sabían. E para esas cincuenta mil persoas, ¿sabe que fixeron? Fixeron vinte e dúas vivendas públicas en oito anos. Por tanto, vostedes teñen cero credibilidade.

Pero é que ademais vemos que o Partido Popular non se pon de acordo en cal é a receita marabillosa para as políticas de vivenda. Porque aquí o señor Rueda anuncia ese plan das mil



oitocentas vivendas de promoción pública, pero o señor Feijóo en Madrid di que a solución non é a vivenda pública; que a solución son as axudas. ¿Que fixo o Partido Popular en materia de Axudas? En 2020 —no medio dunha pandemia—: non convocar as axudas ao alugueiro, que son axudas que viñan do Estado e o único que tiñan que facer era convocalas. ¡Nin se-quera as convocan! (*Aplausos.*) ¿Que fixo o Partido Popular o ano pasado coas axudas ao alu-gueiro? Non convocalas.

¿Como poden vostedes falar de axudas públicas? A política do Partido Popular é: nin vivenda pública, nin axudas, nin vivenda da Sareb. A política do Partido Popular en materia de vi-venda é quedar de brazos caídos e viva o libre mercado.

Por último, quero tamén facer unha pequena anotación ao Grupo Socialista. O Goberno li-derado polos socialistas tivo a oportunidade de blindar na Lei de dereito á vivenda o carácter público do parque da Sareb. Non o quixeron facer; rexeitaron todas as emendas do Bloque Nacionalista Galego que ían neste sentido. Preferiron facer anuncios do que se ía facer coa Sareb nun mitin e non incluílos no BOE. En abstracto isto soa ben, pero o como é determi-nante. A venda dos inmobles en lugar da cesión non é unha política que faga xustiza. E é momento —insisto— de facer xustiza ante esta estafa. (*Aplausos.*)


A señora PRESIDENTA (Candia López): Entendo que a emenda non a acepta, ¿verdade? (*A señora Fernández Gómez pronuncia palabras que non se perciben.*) Vale.

Pois, pendentes, entón, de que poidan chegar á transacción, suspendemos a sesión. Reto-marase mañá ás dez da mañá.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás seis e corenta e seis minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

